

SERES ESTARES PARECERES VOCES COPULATIVAS

Escolma de perspectivas publicadas en
www.mundourense.com e Ourense por Barrios
dende Xaneiro do 2007 até decembro do 2009

Jorge Emilio Bóveda

*Prólogos de
Javier González Roiz e José Antonio Santos Guede*

LiberLIBRO.com

SERES ESTARES PARECERES
VOCES COPULATIVAS

© Jorge Emilio Bóveda. 2008

LiberLIBRO.com

ISBN: 978-84-92428-33-58. Depósito Legal: AB-106-2010

Aunque no me distinga por mi religiosidad, debo confesarme y entonar el “mea culpa”: cuando me enfrenté al libro que tiene usted en sus manos, esperaba encontrarme una colección de críticas fáciles y banalidades al estilo de “PATENTE DE CORSO”, de nuestro ilustre académico el Sr. Pérez Reverte.

Cuál no será mi sorpresa cuando empiezo a leer y me encuentro cara a cara conmigo mismo, con ese rincón escondido que todos tenemos en nuestra alma, la mayor parte de las veces totalmente cubierto de polvo y de olvido.

El autor, a través de una prosa enérgica, pero al mismo tiempo con una enorme carga poética, no vacila en desnudarse de su piel y, vistiéndose de otras muchas pieles distintas (la mía, la de usted...), asimilar sus vivencias y formar un microcosmos en el que nos sumerge para que, visitando los cuerpos celestes que lo forman, encontremos en ellos parte de nosotros mismos.

A través de esa labor, nos invita a reconstruirnos con todos esos pedazos dispersos que olvidamos por cualquier parte a lo largo de nuestras vidas y que forman nuestro desarraigo y nuestra progresiva decepción de este mundo que hemos construido.

Huyamos, pues, a este pequeño cosmos que Jorge Emilio Bóveda nos propone, y reconstruyamos al HOMBRE, ó simplemente leamos su obra por ser una hermosísima obra literaria. Allá cada cual con sus intenciones: yo, por mi parte, me escapo con Jorge.

Javier González Roiz

ALGO PARECIDO A UN PRÓLOGO

Este texto pretende estar a la altura de la obra que vds. tienen entre manos. Confío al menos en no desentonar mucho con mis pobres palabras. Lo que van a poder leer no es un texto de Jorge, lo que vds. van a tener el placer de leer son pedacitos de sus propias vidas cotidianas, pues de eso trata este libro. Pinceladas que han acompañado nuestra vida durante meses, transmitiéndonos unas vivencias que aun siendo tuyas se han hecho nuestras.

No quiero, ni debo, prolongar mucho este texto, lo importante es todo cuanto viene después, pero sí quiero y debo decir que todo cuanto van a leer es un muestrario de este pequeño rincón del mundo que somos nosotros mismos, porque Jorge nos habla desde detrás de su atenta mira con la lucidez del que sabe lo mucho y poco importante que es el ser humano, pues grandeza y miseria se juntan en un mismo instante. Nos habla desde la mirada pura del niño que observa el presente queriendo saber, conocerlo y desentrañarlo y así saberse y conocerse. Lo que tienen en sus manos es un inmenso ramo de flores, flores que son instantes, con su color, con su olor, con su sabor incluso. Flores hechas de palabras, nacidas de la inteligencia y la intuición. Y del saber ver y comprender el día a día de las personas.

Quiero finalizar ya. Y quiero hacerlo pidiéndoles que busquen en estas palabras todo el amor que Jorge ha puesto en estas frases. Amor que ha transmitido, puro, a cada fragmento de vida que ha inmortalizado en cada pequeño artículo que aquí aparece. Escribe Jorge, pero quienes hablamos a través de su texto somos todos nosotros.

Disfruten de este pequeño canto a la vida.

José A. Santos.

Semana 12-2-2007

O FONDO NA SUPERFICIE

Concepción libérrima do fondo e da forma

Hai entre vostedes un ser que cansou dos libros aqueles nos que só se percibe o fondo sobre a superficie dunha saba de auga de letras. Si, el é consciente de que é algo paradoxal falar dun fondo nunha superficie, pero soe ser, e dóelle.

Fondos?, pois historias tramáticas (que non dramáticas) con plantexamento, nó e desenlace, que contan intrigas, que narran conspiracións, asasinatos, misterios, romances, aventuras que masturban un chisco aos lectores e logo reléganse por si soas aos estantes do perpetuo esquecemento.

Formas?, a forma atráeo máis; é como unha muller (ou home, pero xa non sería o mesmo a metáfora, síntoo) doce que se move sinuosa. A forma engaiola e reflicte os pensamentos propios, alleos, totais; compendia saberes reflectindo o interior foro do que subscribe a prosa. Pois a forma non engana e o fondo si; a forma é un sinal de identidade.

O fondo reflicte os designios do escritor - tantas veces pecuniarios!!-; o que nos quere contar. A forma é o xeito de contalo e é susceptible de ser empregado por nós para aprender a vivir.

Fondos hai moitos; formas menos. Por que lle chamarán fondo se no fondo pouco fondo é? pero é e está para que un escolla seu camiño. E formas deses fondos? pois suxeito, predicado e complementos.

Fondos son xéneros: ciencia ficción, terror, oeste, negro, romántico...; formas é literatura constante pertinaz e contumaz que nos debuxa e nos define. Formas Otero, Joyce, Saramago, Lobo Antunes, Eternidade, cuxa esnaquizada copia é o tempo. O pouco que temos para enchernos de literatura plena e sempre.

Manteñamos as formas. Sería mellor para todos. Ou non?

Un que cansou de bestsellers

Semana 19-2-2007

O PARQUE

Hai un parque preto da casa. Un parque desleixado onde as malas herbas impuxéronse ás boas. Teño oitenta anos e ás veces vou. Hoxe estou chegando alí co meu transistor do ano de maricastaña, pero fiel, fiel. Sei que existe unha tecnoloxía superior en moitos xigabites pero é o meu transistor, e con el vou onde cumpra.

O banco onde me sento sempre está arriado a unha parede chea de fotos de ninguén; azuis de puro tempo e sol. Non pasa ninguén; nunca pasa ninguén, non existen nenos porque a humanidade occidental se volveu remisa a procrear e porque, os poucos que hai, están supeditados á invención da ultraconsola, a que divirte até ao teu tempo libre. Séntome, dóenme os xeonllos; dóenme os ósos. Prendo o radio e escoito:

Seica o señor azul ten que buscar solucións por milleiros de sitios, agora onde os defensores do viño, para recuperar o poder que un día -por hache ou por be- o señor vermello lle tirou; movéndose ambos nunha representación de monicreques de cartón pedra onde os berros nos mitins lembran con forza o non fagas o que eu fago senón fai o que eu digo. Este vello xa vos falou nunha ocasión de que hai animais, caso

concreto do orangután, aos que se lles borra a memoria dun día para o outro, pobriños, polo que cada día é comezar unha vida nova. Pois neste caso ha de ser algo parecido e seguen a latricar, a desarranxar o mundo mentres este xa se desarranxa el só; de por si, gañando máis temperatura cada ano; cousa que ten consecuencias dispares, como que se derretan os glaciares, que se adianten ou atrasen as colleitas, que se boten a desbarate algúns modos de vida, ou mesmo que se enchan de ledicia os hedonistas porque, deste xeito terrible, teñen máis oportunidades de ir á praia. Non, non minto, xa o teño escoitado -lamentablemente-. Déanme relax, que o que lle aconteza aos meus ascendentes tráema ao pouco fresco que hai. En fin.

E a terra desarránxase por si soa parecéndose cada vez mais a este parque ao que acostumo vir. Seco, descoidado e con escasa ou nula esperanza de vida mentres os mandadores xogan á carta da demagogia.

O vello Osorio

Semana 26-2-2007

A MÁSCARA DA VIDA VERMELLA

A lectura das narracións do señor Poe adorméceme. Dobro unha esquina da folla e quedo trasposta co libro entre os peitos. Atópo-me no medio dun xentío fora do que cremos que é común. Xentes vestidas, travestidas, revestidas con creatividade que bailan tralas súas máscaras ao son de músicas profanas. Penso que non é máis ca un soño onde subxace A MÁSCARA DA MORTE VERMELLA dunha das coleccións poescas, pero é quizais abondo vívido: a praza do Correxidor, as rúas principais ourensás, Laza, Xinzo, Verín, Viana, boteiros, cigarróns, pantallas, desinhibición, viño, clamor.

A época antiga de Edgar Allan Poe non ca- sa moito coas imaxes, polo que me remexo entre as sabas. Esperto. O calendario espetado na pa- rede trala cadeira marca o día vinte de febreiro e o precioso vestido de raíña do carnaval, que está pendurado da lámpada grande, me di que é mo- mento de marchar. De marchar ao Entroido da vida. Alá vou, son a raíña.

A raíña

Semana 5-3-2007

AUTO AXUDA

Chámome Arcadio, Arcadio Tambodía. Vivo nunha arcádica cidade á que chaman Auria. Teño un traballo pesado nun supermercado do que non procede desvelar nome nin situación, e nunca lera un libro. Nunca agás os xornais deportivos, os panfletos do carrefour e o diario da Auria. Estes últimos días empecei a ler case instigado por unha compañeira de traballo adicta, segundo ela, aos libros de auto axuda. Lin o meu primeiro libro e teño unha dúbida; unha morea de dúbidas desas que os cultos chaman existencial. O libro en cuestión é o último dun señor cun apelido raro. Agraden que o vou mirar: chámase Alexandre Jo-do-row-sky. Seica fixo moitas cousas na súa vida; debuxou cómics, foi director teatral e de cinema, fundou un movemento filosófico cun tal Fernando Arrabal... e agora vive de escribir libros para xente lista e de dar conferencias para xente que no é lista pero que o quere ser.

Neste libro en concreto cuxo título esquecín escribe as solucións aos problemas que nos apresan o pescozo á chusma, pero hai que ser moi listos para saber interpretalas e xorden, polo tanto, as miñas dúbidas, dúbidas, dúbidas existenciais, xorden e non ando a gusto. Porque

me di que somos responsables de todo o que nos ocorre e traballo mil horas por cincocentos euros e non sei facer outra cousa, e teño 43 anos, dous fillos e unha mancha de facturas. Aínda agora hai que sumar as dúbidas e cargar con elas. Fala de niveis de consciencia animal, infantil, romántica, adulta, social, planetaria, cósmica, divina... e eu só quero que os meus fillos non pasen fame.

Non envexo a ninguén, non me miro en ninguén, non vexo a televisión, tento evitar os conflitos e son persoa segundo os parámetros que me inculcou a miña sabia aboa. Dubido. Qué nivel de consciencia posúo? Quen son el realidade?

Arcadio Tambodía

Semana 12-3-2007

A HISTORIA INTERMINABLE

Ou o tenue fio do obcecado

Hai un silencio estupendo que empurra o espírito á lectura. Non teño sono porque durmín a sesta, entón prendo a lámpada da mesiña e tomo o meu libro desta tempada. Un que fala de historia da educación e de educación na historia. Decidín dende hai tempo que non vou ler nada máis ca libros de historia, pois historia somos, e nas nosas mans está ser conscientes do que fomos, do que somos e do que seremos. Só atallando os erros cometidos no pasado podemos comezar a cambiar o mundo, que non está nada ben. Non, aínda hai moito que cambiar.

Hai uns tres séculos o estado absolutista (estado e sociedade todo en un; estado poder divino) pasa a se converter en estado liberal. As persoas de hoxe tenden a identificar o estado liberal co estado democrático, pero esquecen que no estado liberal a nobreza campaba ao seu xeito arrodeada de privilexios de índole varia e que foron os Burgueses os preocupados por igualar os estamentos sociais.

Esquéceno todos menos eu, Leandro Vazquez de Ossorio, descendente remoto dos duques de Ossorio, licenciado en historia hai xa anos pola universidade Pontificia de Salamanca e

catedrático dun instituto da Auria. Levo trinta anos casado pola igrexa e teño os fillos colocados en esferas da sociedade coa herdanza de ser quen son. Estudaron nos mellores colexios da Auria; nos Sacrosantos, e están de marabilla porque non a rañan, toman café cando queren e teñen moita man dereita co publico pesado. E pertencen a selectos clubs deportivos onde se disfrazan con roupas caras das que levan as etiquetas por fora; marcando estatus; marcando estatus até de costas. Porque non imos agardar para os nosos fillos mala vida; e temos moito que cambiar.

Temos que acadar privilexios para os nosos, clientelismo, influencias, o que cumpra para non cometer os erros do pasado. Os nosos fillos ben; a Baqueira á universidade privada e onde faga falla, apadriñando nenos, doando cartos ás labores proselitistas da igrexa e colaborando en mil programas solidarios. Historia, historia, cambiaremos a historia. Hai que evitar que a historia se repita.

Leandro Vázquez

Semana 19-3-2007

O XARDIN SECRETO

Existe un lugar fermoso, máxico, terapéutico reconfortante ao que fuxo sempre que podo; a miúdo. Fuxo por fuxir, non fuxo de nada en particular nin de ninguén en especial. Tampouco levo unha vida tan desacougada como para ter intención de fuxir cara este sitio nin me serve como escusa, pero hai persoas, pretas, incluso que cohabitan, que non comprenden que eu poda estar tan a gusto alí.

Non fago nada extraordinario unha vez chegado. Só repaso as novas especies de plantas que comezaron a xerminar e que collen forma e cor; que me envolven e que me fan persoa. Sementes, case sempre, arrincadas sen permiso de lecturas fugaces ou teimudas, pero sempre permanentes. O meu XARDIN SECRETO. Pleno en cheiros e cores. Distinto e distinguido, crucial, marabilloso. Só, tan só ten un defecto, e é que só se pode visitar en soidade, en privado; en harmonía privada cun mesmo. Pero o que alí hai susana esta pequena tara.

Chámome Visitación; Visitación Salgado, din que teño cara de persoa despistada e quen non sei imprimir orde na miña vida e accións, son muller solteira e sen fillos que traballa en axencia de seguros a razón de catorce horas no

día, tentando asegurar cousas como a que agora vos tento asegurar a vós. A existencia deste lugar intanxible pero esplendoroso que, cal Narnia ou Therabítia, me agarda sempre fiel coas súas novidades apaixonantes e ricas tiradas das profundas vivencias dos libros. Nada hai nesta vida tola, hedonista e ultra física que poda anoxar ao meu foro interior, pois teño conexión directa co Xardín; co meu propio, particular e case intransferible XARDIN SECRETO. Subxugarei o meu corpo ás máis infames vicisitudes humanas; lace-rareino co peso do tempo, pero pertenzo a alí e por moito que vos queira non vos podó levar. Non me despisto, non son unha papanatas. Tan só visito o XARDIN SECRETO e asegúrovos que é moito máis proveitoso que o montante diario da accións e actitudes dos que vos chama-des “espabilados” ou espelidos.

Visitación Salgado

Semana 26-3-2007

A FACE DO DOS CUARTOS TRASEIROS CON LIXO

ou Lixo nos Cuartos Traseiros do da Face

Chamáronme dende moi novo a atención as personaxes que negan a existencia de lugares onde eles non estiveron, que lle quitan carga as súas culpas e cargan as culpas nos demais, que hoxe din A e mañá din B; así sen inmutarse; mirándoches para a cara cos ollos abertos coma pratos; que non coma patenas. Que critican co énfase do can cousas que eles soen facer, que dispoñen unhas normas de conduta ou comportamento para os demais e logo eles son elásticos hasta insospeitados límites coas súas propias normas de conduta ou comportamento. Que creen que o seu xeito de ver a vida é o xeito único, válido e universal. Que é imposible que existan outros xeitos de ver a vida. Que se algo ten que ser, ten que ser. E, se ti dis que non é, collo e anóxome e non che falo máis e non es digno nunca máis da miña “grata” compañía...

- Rapaz! Mateo! Que fas? Non ves que imos chegar tarde á misa? Que fas?

- Xa vou mamá, que estou rematando de escribir o artigo para o xornal.

- Veña, neno, nós imos indo, ti ven logo no Audi e non te esquezas de te confesar. Logo

lémbreme que lle pidamos as firmas ao chulo do
Audi...

Mateo

Semana 2-4-2007

O DESMEDIDOR

ou Xacobe, o desmesurado

Permítanme presentarme. Chámome Xacobe e son algo así como a conxunción entre un místico, unha mancha de demos intelectuais e un home bo, verdadeiro, tanxible e real. Nunca me deixei enganar polo crecemento da implantación de unidades físicas de medida coma o metro, o minuto ou o quilo, pois tempo e espazo non son máis ca físicas unidades, pero as unidades coas que os humanos as miden non son máis ca invencións humanas ou creacións da razón: un minutiño non é máis ca un artificio vil. A medida -co permiso do señor Lord Kelvin- é algo inventado polo home para o home. A medida é relativa. Pero díganllo á humanidade: cociente intelectual, conta bancaria, estatura, peso, distancia... cantidade. Ética do canto máis mellor.

Por certo, vivo illado e chámanme “El Ermitaño” .

Xacobe o Ermitaño

Semana 9-4-2007

COMO TODO O MUNDO

Chámome Mateo, son algo así como un ladrón, e todos han de ser da miña condición. Roubo eu, rouban todos, rouban todos roubo eu. Levo o pelo cortiño e con gomina, como todo o mundo, dando imaxe de boa persoa como todo o mundo; como o mundo todo. Teño tres fillos peiteados igual ca min, estou casado e ás veces non lle son fiel á muller -aínda que ninguén o debe saber-, pero qué é irse cunha puta de vez en cando se no traballo fano todos. Pero tan só fago o que fai todo o mundo. Nin máis nin menos.

Os campos non poden ser de herba porque nada se saca da herba. Hai que plantar plantas que alimenten para ser un fiel e único seguidor da ética do canto máis mellor; como todo o mundo; non me sexas drogado, como o mundo todo. Teño un cochazo como todo fillo de veciño, como o mundo todo e non penso en outra cousa que no amoreamento esaxerado de sexa o que sexa, como o mundo todo; como todo o mundo. Teño un pisazo onde vivo e outro alugado xunto cunhas cantas prazas de garaxe, como todo o mundo. Teño a consigna de todo o mundo F.T.P, que pode parecer un termo de informática, pero só quere dicir Forra Todo o que Podas. Como todo o mundo.

Eduquei aos meus fillos, como todo o mundo, na doutrina de Cristo, que é a verdadeira, uniformados, con uniforme. Nada sei de historia, nin dos cristiáns hutus de Ruanda, nin de que o nacional socialismo tiña liña directa co cristianismo, nin sequera que Hitler era cristián, nin sequera como se instaurou o cristianismo co emperador Constantino, nin que Xesús un día puxo outra meixela e ao outro día botou a pancadas aos mercaderes do templo. Só son un contable, non son historiador nin devezos polos libros. Igrexa ás veces coa roupa boa e nova, o coche preto e oremos. Como todo o mundo. Como o mundo todo. Uniforme, estatus, cha cha cha.

Mateo

TEMPOS

Tempos cambiantes nos levan polas fragas das épocas históricas. Conveño cos que din que o humano humano é con independencia do momento histórico vivido, pero comigo debesdes convir en que ese humano, que tan humano é, amosa a súa humanidade en actualidades diferentes.

Un exemplo, que seica é a mellor prédica. Chámome Edgar Barrientos e, pese ao meu nome, son galego; tan galego coma vostede, e considérome unha boa persoa. Sí, unha arquetípica boa persoa allea a xenreiras, envexas ou desexos estraños. A miña avoa era coma min, unha grande persoa e un grande ser humano. Ela, coitada, falaba ás veces da “misiña” cun orgullo irreprochable; falaba da “misiña” como de algo sublime, respectable, respectado e sagrado; unha sorte de criba onde as malas accións poden ser redimidas a pesar das contradicións da personalidade e outros buratos da conducta. Se a miña avoa vivira no noso segmento temporal (ou no segmento temporal dunha persoa que no ano 2007 tivese 32 anos) e chegara a vella no ano 2050, falaría quizais de esa “misiña” co nome de “aconfesionalidadiña” ou “laicismoito”, ou “progresismoño” ou “etiquita” ou “moralina”. E

non sería unha muller diferente da muller que foi.
Ou que pensan?

Edgar Barrientos

Semana 23-4-2007

G U A U

Son un gato. Un gato autónomo e independente que non ten nome precisamente por iso; por non teren dono. Non hai dono, non hai nome. De todos os xeitos vivo nunha sociedade de gatos onde os humanos non existen; existen tan so os gatos e vivimos felices coas nosas cousas de gatos nunha democracia de gatos; nun progreso de gatos onde todos somos iguais.

O que máis nos gusta aos gatos -salvando o pracer da la, o leite e as sardiñas, que deso xa non hai por sermos todos gatos- o que máis nos gusta máis de todo é cantar no noso orfeón de gatos. Intercambiamos as nosas impresións coa música como base e sempre nos pomos de acordo. Porque somos todos gatos e non vimos outra cousa que non foran gatos. Gatos, gatos, gatos, gatos. E xuntámonos e cantamos e pasámolo moi ben:

[coro gatuno]: Míaaau , miau, miau, miau, miau, miau, miau, miau, miau, miau, miau, miau, miau, miau, miau, miau...

[non se sabe quen, como nin en que parte do coro] ¡¡¡guaaaaaaau!!!!

[coro gatuno]: ¿¿¿¿¿¿guau???????

Outro gato

O CRONONAUTA

Ola internautas, chámome Alexis Xil Gámez -non ten connotacións con Gilgamesh nin con José Luis Sampedro- e son un crononauta fracasado; un viaxeiro no tempo que non ten tempo nin medios nin nada para viaxar nin polo tempo nin polo espazo, pero que se considera a si mesmo un crononauta por estar convencido de que, no caso de poder sucar as ondas temporais, non descubriría nada novo e abraiante co que encher as impacientes liñas dun caderno de bitácora.

Seica o home é o máximo e tamén é o mínimo. O máximo, xa se sabe, por cousas do meu interese como a física cuántica, os buratos de verme, a astrofísica ou a literatura. O mínimo, tamén se sabe, por cobiza internacional, por xenocidios, crimes a machada e machete nas alleas terras de África (África? si, África existe), violencia dun cónxuxe para contra o outro cónxuxe, ou a deseducación que leva a fundamentalismos e outros “-ismos” que se converten en istmos das fauces de monstros imparables.

Xa dicía un dos meus mentores espirituais, Herbert George Wells -si, o pai ficticio da máquina do tempo que hai poucos anos John Titor pretendía facer crer que pilotara- que a

humanidade non é máis ca unha carreira de fondo entre a educación e a catástrofe. Frase sempre emitida co salario romántico do que debece por que as viaxes no tempo existan en realidade. Pobriño, morreu sen saber se era factible viaxar no tempo.

Se Wells, morto nos albores do século XX, chegase a coñecer a Hawkins, a Einstein ou a Richar Gott -por citar algo- levaría unha grande ledicia inicial ao comprobar que as travesías dos crononautas son factibles cunha inxente inversión económica en tecnoloxía. E en principio só cara ao futuro, pois o pasado pasado está, ou iso escribiu Richar Gott no seu libro “As viaxes no tempo”. Inicial esa ledicia xa saben por que. Porque para o que hai que ver...

Qué ansias temos por movernos na liña temporal!! (en realidade cordas temporais; unha teoría de difícil explicación/asimilación. Deixémolo en liñas; liñas temporais). Hainos que, apoiados en teorías físicas certas e complicadas sosteñen a hipótese audaz da existencia de varios universos paralelos onde estamos todos neste preciso intre facendo un presente cambiado en función dos distintos camiños collidos no pasado.

Complicación, busca de tres pés aos mansos gatos da normalidade e este crononauta se decanta para vostedes pola navalla de Ockham; ou o que é o mesmo por coller o máis fácil dos camiños; a máis sinxela das teorías. Hai unha liña

de tempo que comeza coa humanidade. Nacer, medrar, reproducirse e morrer facendo, no tempo que dura a estadía, o máximo ben posible tendo en conta que o teu ben pode ser o mal do veciño.

Os crononautas coma min poden viaxar coa mente a través dos libros a calquera época histórica do pasado ou divagar/elucubrar/intuír/extrapolar un pouquiño se a viaxe se trata cara o futuro. Así de sinxelo. Queren vir comigo? Lean.

Xil Gámez

Semana 7-5-2007

PASABA POR AQUÍ

Sempre me gustou a palabra casual. Non polo tema da moda; do “casual wear”, que sei que é superficial de máis e non me interesa, senón pola acepción que todos temos na cabeza. A casualidade; o “estar no sitio axeitado no momento axeitado”, o “pasaba por aquí”. Certos concursos/oposición, afinidades, casamentos, acontecementos de catadura varia... casualidade; casualidade sen querer de ningún xeito desacreditar aos que invocan o espírito de sacrificio.

Os místicos e cabalistas falan da conxunción dos planetas en relación con eses acontecementos, e os supersticiosos atribúen os efectos das gadoupas da casualidade a factores metafísicos, máxicos e histéricos; inexplicables. Gañar a lotería: acción directa da deusa Porfíria? Casualidade. Atoparse en Grecia cun veciño de Ourense: conxunción de Xupiter con Venus? Casualidade.

Para asegurarllelo completamente debería-lles contar algo sobre a xénese da nosa existencia causal, por exemplo apoiado na teoría da grande explosión, para a que non estou acreditado para falar, xa que a física é a miña ciencia oculta. Pero ese deber de demostrarlles que todo é causal si que llelo podó sustentar con seguridade en algo lido a Hawking... (penso, científico inglés sucesor

intelectual de Einstein; ou eso din) que di que se o sol tivese uns cantos graos menos de temperatura non estaríamos aquí, porque seica non se terían dado as condicións axeitadas para o desenvolvemento da vida.

Como para poñernos agora a orar.

CA rlos SU ñer AL varez devolvendo a conexión aos estudos centrais da casualidade.

Carlos Suñer Álvarez

Semana 14-5-2007

UN PARADOXO MENTAL DE PROCESO INVARIABLE?

A mente humana sorprende en máis ocasións das que podemos imaxinar, pero non por non imaxinar as ocasións, senón porque non prestamos atención; porque pasamos polo mundo despistados; e despistados non consentimos que o mundo pase por nós.

Son unha muller; unha muller feita e dereita, unha muller que baixou recentemente do burro e se decatou, por fin, malditas gracias (non escribo grazas), de que hai que extraer das boas e das malas experiencias un néctar co que elaborar a nosa vida plena vivida.

Chámome Olvido, Olvido Gara. Todo o mundo me confunde cunha artista mediocre que ten nome de estado americano (Alaska). Pero non, non son esa, tan só son Olvido Gara, a mesma muller que pode pasar tempadas sen saír da casa, mergullada nos clásicos da literatura universal. Nun xardín onde se pasean dende Sthendal a Goethe, pasando por Manolo Rivas, Javier Marías ou Saramago (xa clásicos). Pero ás veces saio, e antes, hai pouco, soia saír sen a consciencia da necesidade da recollida do néctar mundano. A literatura é precisa, pero o mundo tamén.

Unha vez lembro que saín a revisar os baretos da noite da Auria e metínme nunha tasquiña á que había tempo, tempo e tempo que non ía. O camareiro principal, novo, estaba supeditado a outro, vello, case ancián; ou ancián. O vello en primeira instancia me lembrou con poder a alguén. A un actor? A un ministro? A un político? A un presidente de comunidade? Sostendo un chato de viño e diante dunha de orella perdín a vista nun punto indefinido e devecín por dentro. Devecín e devecín por dentro até que, por fin, caín no parecido, máis que razoable. Caín no parecido embebida nunha especie de PARADOXO MENTAL DE RETORNO VARIABLE INVARIABLE: facía tanto tempo que non saía aos coñecementos mundanos; e cando o facía, facíao de xeito tan superficial, que o bo do home, o vello da tasca, me lembraba... A SI MESMO!!!!!!!!!!!!!!!

Olvido Gara

Semana 21-5-2007

A LOITA NON PERDIDA

Ola sulcadores dos espazos ciberes. Con esta entrada case radiofónica gustaría de falarlles do prodixio da humana mente, e quizais do pouco valorada que esta está.

Chámome Xe, e son un mestre de Educación Primaria. Teño unha titoría de cuarto curso e o outro día, como parte das actividades programadas para o desenvolvemento dos rapaces e as rapazas leveinos a unha actividade extraescolar; concretamente ao teatro a ver unha representación pensada para nenos e nenas de primaria. Levei o meu -se se me consintese- rabañiño de mentes en evolución e alí había outros mestres e mestras con outros grupos de rapaces e rapazas. Entre os mestres para a miña sorpresa inzábase avellentado o meu mestre de cuarto de primaria (entón cuarto de EXB). Non cambiara moito, salvo que unha mancha de anos se botaran riba del. Pero foi igual; daba igual ter diante a un home de sesenta, setenta ou os anos que fosen, pois a mente miña só tiña para el os olliños dun neno de nove anos. Véuseme enriba unha batería de lembranzas que descoñecía ter almacenada nos miolos: o festival de Nadal do 1984, a expresión plástica e os plastidecor, a plastilina nas miñas mans e coas súas palabras boas sempre

boas, as láminas coloreadas, as ciencias sociais, os recados, as leccións de humanidade...

Iso estaba almacenado en min facendo un pouso inconsciente na miña conduta pretérita e presente e o poder evocador devolveumo ao momento dándome a entender que as loitas docentes nunca son perdidas. Ou si? Que lles parece?

O señor Xe

PARALAXE

O cambio na posición relativa dos obxectos ou corpos celestes chámase paralaxe. A paralaxe, para entendernos, é o cambio de punto de vista cando un observador cambia de posición. Non é o mesmo opinar sobre un acontecemento dende afora do mesmo ca dende dentro. Como diría o castizo, non é o mesmo observar os touros dende a barreira que facelo dende o albero. Non é o mesmo observar unha realidade política dende a esquerda cara a dereita que dende a dereita cara a esquerda. E xa non falemos se temos en conta o ideario político do observador (un esqerdista observando a dereita dende a esquerda ou vice-versa).

Chámome Marcial e cría que era apolítico. Cometía un erro; camiñaba pola beira máis doada sen comprometerme. Vivía en Ourense quente quente sen importarme moito ou nada a realidade política. A apolítica é tan estúpida como a política, pero postos a coller estupidez quedeime coa política e comecei a observar a realidade doutro xeito. Primeiro a través dun prisma que non me transmitía boa enerxía, pois Ourense levaba demasiado tempo rexido pola mesma tendencia política. Despóis, seguindo a paralaxe, tentei observar a realidade dende outros puntos distin-

tos, pero nada ocorreu. Era como se, de sócato, todo se tornara nunha foto acartonada; como se o sistema solar; as estrelas das noites de verán cambiaran por unha foto fixa de cartón.

Agora ocorreu algo. Non é que desaparecera a foto acartonada das estrelas, pero alguén abriu onte unha fiestra e entrou unha bafarada de aire para nos ofrecer algo novo. Será posible?

Marcial o apolítico

Semana 4-6-2007

AFORISMOS DUN PENSANTE. EPIGRAMAS SOBRE TODOS

Estes aforismos, aparentemente apócrifos, foron topados en varios pregos de celulosa similares aos actuais panos de mesa de papel, nunhas escavacións arqueolóxicas efectuadas na zona ourensá da Cuña o catro de xuño do ano 3007. No ultimo dos pregos recolleuse a rúbrica dun personaxe chamado Pastor Manuel Páez-Solano Expósito. A súa inxente cantidade aprémanos, como forzados testamenteiros aforísticos de Páez, a publicalos na web en varias veces. Ai van os dez primeiros:

- A vida é un compendio de incidencias dentro dunha grande incidencia.
- A transparencia do cristal corta.
- Por qué choras diante do monstro que creaches tí?
- O lamentable da maioría das familias que se guen un determinado patrón de conduta é que creen que é o único posible.

- Comamos todos do delicioso pastel que non nos gusta!
- A miña relixión é A Disciplina de Sanoman. Agora teño que inventar os parámetros que a regulan; como no seu día outros fixeron.
- Sempre se sobreentende todo. Por iso hai tantos malentendidos.
- Aguantar e a arte de dicirvos que si.
- O meu criterio corre perigo pola presenza de outros criterios.
- Pero como se lle ocorre a vostede ser feliz?????

Arqueólogo fatuo

Semana 11-6-2007

A NOVA ORDE

Chámome Aureliano e son un home co-
rrente que, dende que leu a novela “A Caverna”
de Xosé Saramago, se dedica a moldear e cocer
pezas de barro de xeito artesanal e tentar vende-
las nas feiras dos pobos da provincia da Auria.
Dedico o meu espírito en exclusividade a estes
dous mesteres.

Ah, desculpen, que non lles referín o se-
gundo mester que me tira o sono. Aparte da
olería, o meu segundo quefacer é converterme en
buscador dos tres pes aos gatos das tranquilas e
mansas causas que veñen dadas. A buscar a porta
secreta que conduce ao orden novo. Buscar,
quizabes, a chave do coñecemento; o salvocon-
duto ao librepensamento, desafiando en todo
intre á lóxica máis lóxica.

Todo comezou coa fabricación da miña
primeira peza; un xerro bastante bonito, a pesar
de ser o primeiro; paradigma da orde molecular
do barro. Daba gloria ver como as moléculas de
arxila se ordenaban baixo o mando das miñas
mans agarimosas para formar, en perfecta orde,
aquela peza.

Estaba convencido de que aquela manifes-
tación artesanal supuña unha sorte de orde su-
prema. Ata que, coa emoción do momento crea-

dor, e tras metela no forno, esvaroume das mans e rompeu en moreas de anacos de simple arxila seca que se espaxeceu por todo o taller. O xerro enteiro representaba a orde. O xerro fragmentado representaba a desorde? pois non, dende aquel día e gracias (non poño grazas) á miña segunda ocupación, aqueles anacos representaron un orden novo.

Xa non son desordenado como ao comezo, agora tan só imprimo un orden novo nas cousas que fago. Que si.

Aureliano

Semana 18-6-2007

TECTÓNICA DO TOUCIÑO

Para o común mortal o touciño non casa moitas veces con cousas como a velocidade - frase tópica- ou a atmosfera. Pero o segredo consiste en xirallo, coma se do cubo de Rubik se tratara, ate atoparlle o xeito máis directo de relación: quizabes a persoa que engula touciño dispoña dun complemento alimenticio que lle dea enerxía transformable en velocidade. Ou ben, se a inxestión de touciño é excesiva, quizais se lle amoree á persoa no baixo ventre facéndoa máis pesada; facéndolle pois perder velocidade. Ou tamén, se a enxesta é esaxerada faralle acelerar o metabolismo até viaxar a toda velocidade cara unha morte pronta. O exceso de touciño na dieta provocaría tamén dixestións pesadas que producirían gases de metano vía ventosidade moi nocivos para a atmosfera...

Neste afán de relacionar eu, Néstor Montenegro, xubilado do Ministerio de Facenda e afeccionado á xeoloxía, déuseme por unir a tectónica de placas cos nacionalismos. Aparentemente aspectos inconexos, pero só aparentemente, senón sigan a ler e verán.

Todos ou case todos lembramos do colexio a teoría da tectónica de placas. Aquela segundo a cal os continentes serían a superficie dunhas

placas ciclópeas que “flotan” encol dun manto de magma que lles permite moverse ao longo dos séculos, coma se de xigantescas balsas de aceite se tratara. Segundo esta teoría explícase o achado de restos minerais similares en partes do mundo tan dispares, como América, África, Australia ou os polos; pois, ao parecer, na orixe do mundo os continentes formaban un só continente.

O movemento seica non se detén e hai probas de que os continentes se moven ao ritmo do crecemento dunha unlla humana. A razón de dous ou tres metros cada vida dunha persoa. Boten cálculos, porque en menos do que a humanidade se imaxina desaparecerá o estreito de Xibraltar, África unirase a España orixinando unha cordilleira como os Pirineos, e aos poucos esmorecerá o mar mediterráneo.

Xa se sabe que a cousa non está para presas, pero quen sabe se non hai outro xeito de que a África deixe de estar ignorada. E digo máis, quen sabe se non cambiará por fin o arraigado sentimento nacionalista de algúns. Pois se cadra...

Néstor Montenegro

Semana 25-6-2007

A DERIVA DOS SABIOS

Moitas veces os desexos máis intensos non son máis que cábalas parvas que se volven andrómenas pouco desexables coa chegada da luz do día. A esta conclusión cheguei nunha das miñas últimas viaxes. Sempre me preocupou ate a obsesión a ignorancia das persoas; o momento fatal no que caen polas simas da estulticia. Sempre crin que as sociedades deberían ler moito e ben; pero non libros de fácil deglución; libros así chamados polo feito mero de estaren encadernados, senón literatura boa, presta, preparada e útil (que non fútil), desa que provoca á mente ruminante provocando nos lectores un bagaxe intelectual. Sempre pensei que as sociedades irían a mellor coas boas lecturas, pero en realidade non se poden imaxinar o que vin no meu último periplo; non poden imaxinar o que é ser culto nunha culta sociedade de cultura cultísima.

Chámome More, Thomas More, dunha ascendencia inglesa ou americana que a vostede non lle ha de importar moito, e volvín hai pouco dunha viaxe a un mundo paralelo no que TODOS os habitantes teñen un cociente intelectual de máis de cento vinte, alimentado de libros ensaísticos imprescindibles e de literatura da de verdade; allea a “conspiracións” e “códigos”.

Desexable? pois só ate certo punto, porque agora as conspiracións xurdían entre eles e elas. Rivalizaban con fera cobiza intelectual para demostrar quen é o sabio máis sabio de todos os sabios. Nunca existiu o desexo romántico de que toda a sociedade debería estar instruída. Xa o está. E qué? Todos cren saber máis ca ninguén e todos devecen por ocupar postos de control. Todos e ninguén son Deus. O coñecemento está en mans de todos e sofren por elo unha perpetua deriva...

Seguen a querer que a sociedade se instrúa con literatura boa?

Non se buscarían máis rivais intelectuais do que sería desexable?

Thomas Moore

Semana 2-7-2007

PAXAROS

Neste tempo estival que nos ofrece o clima cambiado en antítese co abafante calor do pasado abril os homes e mulleres son capaces de imitar o canto dos paxaros. Ou acaso os paxaros imitan os cantos que son capaces de emular os homes? Non sexamos dogmáticos, non. Fuxamos deso. Nin no verán, nin no inverno nin nunca.

Por certo, son un paxaro, pero non no senso pexorativo que ten vostede en mente. Son un corvo ou unha aguia, aínda non o teño claro. Non importa.

Un paxaro

Semana 9-7-2007

FUNCIONAMENTO E ESCRITORES SAPIENCIAIS

Agora que está moi en boga o feito de coñecer a vida e milagres de certos personaxiños que agroman na mal chamada e mal nacida prensa de corazón, ocórraseme a min, mudo de atalaía, unha especie de símil ao respecto cara a escritura sapiencial; a sabedoría.

Imaxinemos a un deses personaxes, por exemplo Carmita Blázquez do rancio avoengo trucado, que seica morreu de sobredose e que ten douscentos fillos doutros tantos homes. Ben, pois a meirande parte dos consumidores dese tipo de prensa coñecen as andainas desa señora, as datas dos seus matrimonios, os nomes dos homes que envorcou na cama, os nomes dos fillos que pariu, os nomes dos deseñadores que lle fixeron a roupa, pero descoñecen totalmente o carácter intrínseco desa muller, ou como funciona o seu foro interior: se é tímida ou extravertida, se é mesquiña ou xenerosa, se é sensata ou insensata (seguro a segunda), se é sociable ou insociable, espelida ou panoca, se leva os seus designios ate as últimas consecuencias, se é pertinaz, contumaz, feraz, mordaz... o único que se sabe dela é SUPERFICIAL e ladrado en programas inefables de tertulianos disfrazados de relatores nunha

conferencia sobre o ADN, a literatura universal ou o estado da nación. As porteiras (con todos os meus respectos para elas) e outros seres do coto consumidor desa bazofia non coñecen NADA encol do funcionamento interior deses seres (moitas veces vítimas de si mesmas e do pseudo-sistema), porque o caso non é coñecer, o caso é ser partícipes de lingua dunha estulticia abafante, o caso é amentar: Carmita Blázquez, seu home número “pi”, seu fillo toureiro, vestido de Dior (dior mío), bla, bla, bla...

O mesmo ocorre con algúns outros personaxes que viven a súa vida a costa desto tan subxectivo e antitético que chaman cultura. Moitos escritores e ensaístas coñecidos e consagrados, filósofos e pensadores non teñen escrúpulos de botar enriba dos oíntes a última cita dun persoeiro emblemático que leron nun sobreciño de café Las Candelas, ou mentar a Platón, Homero, Goethe, Joyce, Proust... porque saben que neles pivota a sabedoría. Pero sábeno de oídas porque nunca leron nada destes ínclitos seres, tan só escoitaron en cenáculos e conversas de taberna: Proust era pobre, Platón era gai, Joyce foise quedando cego como Borges, cultura, libros nos estantes, Emerson ensaísta, Freud psicanalista, Pascal señor plaxio, bla, bla, bla.

Vou cometer agora eu, mudo de atalaia, o erro a medias, pois vou reafirmar as miñas liñas precedentes con algo que dixo Borges. Sen chegar á categoría de sabio, pois quizabes fagan falta

vidas, pero pasando hai tempo á categoría de sensato, direi que si que lín a Borges aínda que non todo o que o escritor merecía: rexeiten a biografía e quédense coa obra . Pois iso, a obra, pese a que requira un esforzo intelectual maior, faranos coñecer o funcionamento interno e real da sabedoría dos grandes, non as oídas, non un libro que se le no verán ao amor da sombra dun castiñeiro. As lecturas inmediatas tampouco valen moito. Moito, ben, e seguido. Logo si estarán acreditados.

O mudo de atalaia.

Semana 16-7-2007

LUME

Ola, son un común consumidor de prensa e libros. O outro día vin unha adaptación cinematográfica dun libro curioso, naif e algo infantil, dun escritor aínda vivo que sempre turrrou da miña querenza literaria. Falo do creador das Crónicas Marcianas, Ray Bradbury, o adaíl dos comezos da ciencia ficción literaria. O libro en cuestión era Fahrenheit 451. Digamos que un antecedente -se se me consinte- de Os Libros Arden Mal, de Manuel Rivas e das prácticas pirómanas do personaxe estrela de Manuel Vázquez Montalban, Pepe Carvalho. Trátase da historia dunha sociedade futurista distópica na que o corpo de bombeiros está concibido para prender lumes, alleo á ortodoxia das extincións; pero lumes tan só alimentados con clásicos da literatura universal. Digamos que o corpo de bombeiros neste caso é un órgano represor da cultura, prohibida no canto dunhas emisións uniformadoras e estandarizantes. Os libros prohíbense porque segundo o goberno non traen máis ca desacougo e, segundo o xefe de bombeiros, os homes que len pénsanse máis listos ca os demais.

O clímax da historia amósanos as reflexións que fai un dos bombeiros tras coñecer a unha

mestra librepensadora que o insta a ler algún dos libros que queima. Reflexións que o van convertendo nun ente inqueda que rematará “botando por terra” a súa vida cómoda e estúpida en favor da cultura e a intelectualidade.

A película, algo inxenua e romántica coma o libro, dirixida por Françoise Truffaut, é do ano 1966, unha época na que tampouco se valoraba de xeito excesivo a letra impresa. Arrepiante só de pensalo. Menos mal que só e ficción e completamente diferente, agora podemos respirar aliviados, pois vivimos na era da culta cultura; no cadafalso da liberdade de expresión, envexa inconsciente doutras culturas atrasadas.

É mércores, estou de vacacións, saio da casa e vou comprar El Jueves, a miña revista favorita, prensa certa e mordaz e digna dos trasnos máis acedos, cando, para a miña sorpresa, atópome na maior praza da cidade unha pira de revistas ardendo ominosamente cara o ceo ante a marcial presenza do Conde Pumpido. QUE ESTÁ A PASAR????? QUE ALGUÉN MO EXPLIQUE!!!

Común consumidor de prensa e libros

Semana 23-7-2007

O QUE NON QUERO SER

Ola estimados internautas, son un libro. Un libro calquera que vive nos estantes do escritorio de Jorge Emilio Bóveda e que ten o don de alterar a orde das súas letras impresas para colocalas en ordes novos e emitir mensaxes, producindo unha sorte de digresións que poden ser chamadas pensamentos. Estes días andei a cambiar a orde das miñas letras para chegar a reflexionar, e com-puxen un pensamento ou divagación sobre que pasaría se puidésemos cambiar a nosa aparencia coma obxectos cotiás que somos.

Se se nos dera a oportunidade de “encarnarnos” en obxectos diferentes estou convencido do que no quereda ser. Non quixera, por exemplo, baixo ningún concepto, ter nada que ver co cuarto de baño nin con ningún dos seus accesorios; dígase, aparte dos sanitarios, toallas do bidé, ou vasoiras, por razóns evidentes. Non quereda saber nada tampouco dos obxectos que se introducen pola vía anal; díganse peras de irrigar, ou sondas, ou consoladores e outros xogos sexuais. Tampouco sería unha boa opción aturar os efluvios corporais dos mortais, vía roupa interior, para finalmente rematar os días nun colector de lixo á espera dun final pouco épico. As servilletas de tela ou os panos de peto tradicionais tampou-

co me atraen -si, eses cos humanos nomes bordados en letras de bucles góticos para acabar o día humillados de puro moco no fondo de calquera faldriqueira-, as papeleiras, os propios colectores dos que falamos, as cisternas que absorben o contido inexacto dos pozos negros, as tubarias de conducción pouco variada, os paus cos que algúns nenos furgan nos excrementos... Sen dúbida xa coñecen as miñas aversións principais.

Pero fora de toda esa escatoloxía, o que, sen dúbida rexeitaría de cheo sería encarnarme nun televisor. Quietos, non empecen a pensar nun artigo en contra da caixa boba; un alegato trillado en favor da cultura. Non falo dun televisor normal, senón dun deses televisores de pega - (finamente chamados de atrezzo) que soen ser ocos e que se colocan nos mobles que dependen as moblerías. Eses mesmos que están concibidos para o puro efecto estético e nada máis; eses mesmos que nin sequera teñen a sorte de estar adobiados de circuitería electrónica, senón de tan só do plástico exacto que serve para facerse unha “idea” do que son. Nada. Non quería baixo concepto algún que me xulgaran pola información que entra sobre min a través da vista. Non. Prodúceme arrepiós so de colocar as miñas letras nesa orde.

Despois desta elucubración penso que non quería deixar de ser o que son. Que obxectos pensan vostedes que poderían chegar a ser? Hai

unha oportunidade de expresión no foro desta páxina. Anímense.

Un libro calquera

Semana 30-7-2007

ANTES AGORA AQUÍ ACOLÁ

Meu nome é Peter, de pai estranxeiro e nai que me pariu, e ás veces penso cousas. O outro día, en animosa interna conversa comigo mesmo -têñoas a cotío aínda co risco de ser chamado tolo-, cheguei á conclusión de que o progreso; a abstrusa palabra coas súas consecuencias, sofre dunha arritmia pertinaz. A evolución económica e social difire de xeito importante da evolución cronolóxica. E cheguei a tan obvia pero lapidaria conclusión ao imaxinar a miña aldea de orixe e as aldeas veciñas no apoxeo de conxuntos de música popular coma os Beatles, os Rolling Stones ou o mesmísimo Elvis. Non é fácil imaxinar que mentres nuns sitios movíanse as guedellas con Led Zeppelin en España os nosos ascendentes bailaban a yenka. No momento no que miña avoa daba quince máquinas de sulfato (das pesadísimas de cobre) e volvía cansa ao solpor un home apelidado Armstrong andaba a pisar a lúa, ou no intre no que meu avó ía a cabalo de Ourense a Pontevedra a guerra fría entre os rusos e os americanos collía matices de tenso arreguizamento.

Agora o lector espelido entra en escena pensando ao respecto «será reaccionario o cho-

romicas este. Tolo que fala só polos recunchos...» e logo di con voz atiplada:

-Iso era antes, home, hoxe en día as cousas cambiaron para ben.

-Xa -respondo-, este texto foille enviado ao Bóveda mediante un dispositivo de transferencia de datos que funciona encol dun sistema que se chama Internet; o mesmo sistema que o Bóveda empregou para reenviar estas liñas ao mundourense . Coñeces o Internet??

-Home vai! -algo ofendido- está á orde do día. O Internet éo todo. O mellor e o peor.

-Pois agora vas viaxar a África, trazas unha ruta dende as aldeas de Marrocos até o límite con Sudáfrica e vas ir facendo enquisas sobre as opinións que os oriúndos vertan sobre a rede de redes. Logo teletransportaste a Sumatra, por exemplo, e propós aos pescadores que gañarían máis vendendo o seu peixe a través de Internet..., logo a Romanía, a Haití...

Peter O' Tolo

Semana 6-8-2007

O GRAN XARDIN DE INFANCIA; XARDIN DE INFAMIA

Pena me deu dende que a razón me asediou -seica hai dous tipos de persoas: as que razoan e as que cren. Eu son do segundo tipo- a interacción coas persoas que se pensan subidos a un cadafalso de perpetua e irrevogable razón. Homes e mulleres catedráticos en todas as disciplinas da ciencia e da vida que “saben de todo” e que non dubidan en malgobernar as súas propias existencias e bengobernar as nosas. Seres cuxa limitación dogmática os converte en nenos e nenas no limbo fronteirizo entre a adolescencia e a idade adulta, aínda que seus reloxos cronolóxicos camiñen e camiñen e camiñen.

Descreo dos que din que a orde psicolóxica do ser humano pasa pola infancia, a idade adulta e a senectude; e que a senectude é a segunda infancia. Eu razoo e penso que todos somos nenos e nenas, pero algún ademais deso é parvo e caprichoso (hainos incluso co síndrome do pequeno ditador tendo cincuenta anos cronolóxicos), e que a nosa misión é evitar en todo intre converternos nun deses nenos parvos. Como? pois tentando ser nenas e nenos creativos; enfocando o torrente enerxético na construción e non en envolvernos nun fado de inercia que só atraia

comportamentos maleducados como a envexa e a cobiza que nos levarían á destrución.

Non pensen que non lle dou voltas buscando un porqué a tanta infantil actitude (tanta que ata chega ás máis altas esferas do poder producindo estrepitosos fracasos da intelixencia). Doulle, e ben delas, centrifugo. Un porqué? ocórrense varios:

Quizais o motivo sexa que madura diante o corpo que a mente e, unha vez madurado o corpo, consideramos máis axeitado o camiño do goce e pracer e deleite que o camiño da evolución persoal nun país este no que vivimos que loa os privilexios (aínda) e os dereitos, deixando algo de lado as obrigas, envoltos nuns medios de comunicación que establecen como a actitude máis intelixente o vivir cos máximos ingresos económicos e o mínimo traballo. (-que choio colega!!!!) Pero de onde sacaríamos ese modelo de comportamento? Sóalles algo a expresión xeral vivir a corpo de rei? E a palabra particular monarquía? (sen a poñer en maiúsculas, non vaia ser que algún meniño do xardín de infancia se incomode e secuestre o texto nesta nosa gardería democrática de liberdade de expresión).

Quizais vimos escaldados dunha época histórica non tan antiga na que un ditador nos dicía o que tiñamos que facer e pensar en todo intre e que agora, sen o visible ditado de ninguén, acatamos inconscientemente o ditado da publicidade e doutros medios uniformadores e, como

hai moitos nenos e nenas parvos e parvas, rexeitan todo aquilo que non siga a mesma liña que seguimos nós e “enfádanse” con todos os que pensen pola súa conta dun xeito distinto e fagan uso dun pensamento autónomo en detrimento do seu heterónimo, nunca dubidando en conxurarse contra o distinto.

Quizais inflúan os comportamentos familiares endogámicos que inventan normas de conduta baseadas moitas veces (cantas!) nos dous motivos anteriores, convertendo aos que nos permitimos o buscar a tranquilidade a través do razoamento nos malos malísimos do xardín de infancia; nos proscritos, incorrectos, ousados, censurables, incómodos, terribles ou demoníacos. Curioso si que o é. Pensan? Que pensan? Rin? Choran? Toman o biberón? Forman parte dos nenos do xardín de infancia?

O neno malo do xardín de infancia

Semana 13-8-2007

EL PRIORATO DE SIHOMBRE o la novela vive

He tenido varios varapalos en los últimos años de mis cuarenta y tantos de vida, que me han arrojado a la literatura; pero no a ésa que nos pretenden embutir por los ojos al instigador toque del mercado; no a ésa que brotó en el ronsel del código Dan Brown (personaje histórico importante + conspiración religiosa + giros peliculeros); no a ésa que no difiere en absoluto de aquellas novelas de los cinco o los Hollyster o Segundo Grado en las Torres de Mallory que leíamos de niños en cuanto a su vacuo peso literario de sujeto, predicado y complementos.

La literatura que me ha ayudado y me ayuda en épocas de flojera es aquélla en la que el autor vierte su mundo interior en lo que escribe y no escribe tan sólo cinematográficamente para divertir a los lectores veraniegos que devoran páginas a golpe de daiquiri, exaltando los ánimos de algunos que dicen que la novela ha muerto (y muchos lo defienden), aunque creo que es verdad pero sólo hasta cierto punto. La novela expositiva -no sólo la de misterio sino también la arrogada a otros géneros- ya no va a aportarnos nada porque se han explotado hasta lo explotable las fórmulas “tramáticas”. Pero la novela con mundo interior

vive, goza, ríe, llora... late; envuelta en unos vasos sanguíneos que irrigan una sabia rica y crucial para la vida interior del verdadero lector.

Mi nombre es Pastor. Pastor Manuel Páez* castellano hablante y administrativo en las dependencias de la policía nacional de la Auria. En el pasado fui inspector, pero un revés en uno de mis primeros casos me ha degradado a burócrata. Hecho que voy sobrellevando día a día con literatura a la manera de Kapuscinski que decía que «Para hacer creíble tu texto, a menudo tienes que adjuntarle tu propia autobiografía. Hoy en día, el texto se revela como la mitad de la historia vivida que tienes que transmitir. ¿Escribes sobre la necesidad de ser valiente? Tienes que demostrar - más allá del texto - que tú mismo lo has sido.»

La novela no sólo no ha muerto, sino que vive con furia, lo difícil es dar con ella ya que pese a su esplendor vive rodeada de cadáveres putrefactos sobre los cuales hemos de aprender a caminar. Que sí.

Pastor Manuel Páez-Solano Expósito

*Este home é o principal habitante das novelas de Jorge Emilio Bóveda Proyecto Allende, El Efecto sufijo e El Tercer Motivo.

Semana 20-8-2009

AO OUTRO DÍA NO XARDÍN DE INFANCIA

Nota preliminar: no mundo en xeral e no noso xardín de infancia en particular existen honrosas excepcións a canto se menciona no texto que van ler. Se se sentir desexos difíciles de parar polo que fan ou teñen os demais prégaselle que non siga a ler, por favor.

Ola pacientes lectores desta sección. Son outro habitante do xardín de infancia. Un que observa cómo o humano humano sempre aspira ao que non ten. Sempre ferve coas ansias de acadar o que acadou o veciño, pero son raros os casos nos que a persoa loite por esa posición ou designio. Por qué? pois supoño que porque, inconscientemente, a persoa sabe que no caso de conseguir o que ten o veciño deseguida amosaría un degoro esaxerado por posuír o que ten outro veciño. O caso é envexar. Descreo dos que defenden a existencia da envexa sa; iso non existe, é unha contradición; un oxímoro: envexa sa? a xente sa, os nenos e nenas creativos do xardín de infancia, non coñecen a envexa.

Casuística imparable, coma sempre. O san busca a enfermidade para chamar a atención das outras persoas, do enfermo non dicimos nada, é respectable. O que come carne envexa ao que come peixe, o que ten unha parella alta e forte

devece pola parella baixiña e delgada do veciño. O que merca o obxecto grande sempre se pregunta por qué non mercou o obxecto pequeno, como fixo a señora que vive na porta do lado. O que vive no primeiro A pregúntase por qué non alugaría o primeiro B, ou o C, D, E ou F.

Causas? sobre abundancia quizais. Vai ser certo o dito de que o que de todo ten de todo quere. Infra abundancia tamén. O que envexa a intelixencia da veciña tena clara. Equilibrio? Sí, iso é o desexable, convertámonos en funambulistas equilibrados, por favor. Sexamos os nenos e nenas creativos e equilibrados do xardín de infancia para que deixe de ser un noxento xardín de infamia. Que si.

Unha nena creativa do xardín de infancia

Semana 27-8-2007

O PLANIFICADOR MILIMÉTRICO

Pedíronme que contara para mundourense a miña experiencia nas abstrusas milimétricas reticulacións da miña vida, pois son home de plans reticulados. Corrixo, máis ben fun home de plans reticulados; de designios estipulados dende que crin que tiña pensamento autónomo -e sigo a crer iso, porque tal pensamento non ten moito que ver coa planificación reticulada marcial inamovible previa e total que da título a esta confesión-.

Plantar unha árbore, escribir un libro e ter un fillo. Que risa. A quen se lle conte non o cre. Sí. Establecín o designio tras facer os vintecinco anos. Plantar unha árbore, escribir un libro e ter un fillo. Miña meta a curto, medio ou longo prazo. A miña meta. A miña meta onte.

Hoxe, vello, avellentado e anoxado por e para a vida vexo o resultado do “infalible” plan: plantei un fillo, escribín unha árbore e tiveron un libro. Como? Aínda que inutilmente dareivos máis datos. Plantei un fillo que tiveron nun quebro da miña xuventude, cunha muller á que xurei eterno e falso amor; eterno amor que non dubidei en escribir con coitelo na cortiza dunha árbore que, loxicamente, secou. E tiveron un libro, un só libro en toda a miña vida. A biblia que me

salvaría? Non. A guía telefónica na que nunca
topei o número de teléfono do causante de tanto
despropósito.

Non planifiquen, non calculen, non midan.

O planificador milimétrico

Semana 3-9-2007

PARTICULAR COLECTÁNEA

Agora que comeza o curso; que as xeracións do 97 ao 2004 xa están incorporadas ás súas cadeiras e mesas dispostos a asimilar algo, dependendo dunha conxunción de factores endóxenos e esóxenos na que o mestre podería ser o mago que mestura todos os ingredientes con mellor ou peor tino, ábrese a veda para as coleccións; para o comezo do curso persoal e propio de cada un.

Non me gusta que me chamen antiheroe. Paréceme tan desatinado como chamarme calquera outra cousa. O único que me gustaría asegurar é que son un coleccionista; un romántico coleccionista de convocatorias para as probas de acceso á felicidade, pero que colecciona esas convocatorias coleccionando á súa vez transixencias, aquiescencias e “sis”. Porque aturar na vida non é outra cousa que a arte de dicirvos que si.

Algunha vez probei a dicir non, pero foi demasiado tarde. Levaba máis de corenta anos dicindo si, como para cambiar repentinamente e pasar a dicir non. Os seres cos que cohabito e cos que interactúo e interacciono tíñanme amplamente xulgado. Coñezo outros seres que din si ou non segundo lles parece ou senten, e o próximo acata as súas decisións, pero eu, sen embargo, o

día que dixen non por primeira vez transformei-me aos ollos dos demais nunha besta horrible e ominosa; nun demo abxecto remexendo un caldo demoníaco nunha sima infernal.

Menos mal que todo iso foi só por un día, xa que me sentín tan mal que ao seguinte día volvín ser o de antes: o aquiescente compracedor dos desexos alleos e, consecuentemente, a seguir coleccionando convocatorias ás probas de acceso á felicidade. Que si, que si, que si.

O supremo compracedor do desexos alleos

Semana 10-9-2007

O ITSMO

Ola internautas ou interneteiros, preséntome. Resulta que son un pensador de atalaia. Un sociólogo da universidade de Uvicus. Un deses cadeirádegos que razoa sobre a sociedade e escribe libros especializados encol do tema. Un deses pro homes do presente e o futuro que nunca se lle ocorreu incluírse nas súas propias diatribas. Teño sesenta anos e nunca se me ocorreu facer os meus ensaios en primeira persoa do plural “nós somos así, nós somos andando” senón máis ben é xusto recoñecer que tirei máis pola segunda do plural: “vós sodes así, vós sodes andando” e pola terceira do plural: “eles son así, eles son andando”.

E cal é o porqué desta confesión? pois porque me decato, en pleno ano dous mil sete, de que os meus alegatos foron, basicamente e para reducir, en contra do individualismo en favor dun colectivismo, e que o resultado hoxe é que non só somos cada vez máis individualistas, senón que eu son un deles. Levo trinta anos vivindo nunha comunidade de propietarios e non só non fun nunca a unha reunión de veciños, senón que nos meus contactos comunicativos con eles non pasei nunca do Ola e do Adeus. Cando os fillos eran pequenos era un auténtico

suplicio levalos aos parques porque me daba pánico establecer contactos comunicativos cos outros pais; homes e mulleres que non me aportaban nunca nada do que eu cría merecer -non esquezan que fun un ensaísta-. Defendín a Francesco Tonucci coas súas maravillosas teorías sobre o desenvolvemento psíquico infantil xogando nas rúas, pero sempre delegaba na miña muller as labores de supervisión dos nenos en tal entorno. Eu prefería estar inmerso nos meus interesantísimos ensaios sobre socioloxía.

E por qué cren que me decato agora e todos estes anos esta situación pasoume deprocatada? pois, queridos lectores, pola sinxela razón de dar de fociños cunha idea sinxela pero tan transparente coma o cristal e tan dura coma a pedra. Unha idea que escoitei casualmente nunha conversa entre o compositor Fernando Fernández Picos e o escritor J.E. Bóveda. Unha que rezaba así: O QUE DESCRIBE A REALIDADE ESQUECE MOITAS VECES QUE ESTÁ DENTRO DELA. Pois si.

O sociólogo irreal

Semana 17-9-2007

POEIRENTO DESCUBRIDOR DA PÓLVORA

Confeso que fun un folclórico corredor de festas populares; un descubridor da pólvora, entreténdome moito cos meus parentes, o meu cochiño e a miña xubilación, e empanada, leria, polbo, orquestra... Esta tempada lembro con “devoción” certa a festa dos mouros e os cristiáns da Saínza, a tan só uns kilómetros da Auria, que representa todos os anos a recuperación dun sitio ou praza invadido polos mouros en tempo de Almanzor (penso. Hai algún historiador na sala??).

Non había ano que perdera o espectáculo, sendo testemuña da posta en escena que representa as loitas dos bos cristiáns contra os malos mouros, para recobrar un territorio que un día invadiron, como ocorreu, por citar só dous exemplos, cos mongois en Bagdad ou como ocorre cos americanos -e países parellos- no Iraq. Aqueles invadiron en nome de Alá e foron repelidos en nome de Deus; estes invaden en nome de Deus e son repelidos en nome de Alá. O que trae como consecuencia que o caso sempre é ter un pretexto para masacrarse, e que somos tan básicos e rudimentarios que facemos masacres contra os que non pensan do mesmo xeito e

festas na honra desas masacres cando pasan un bo fato de décadas. A relixión? Ese é o principal pretexto, tanto para masacrarse como para ter festas.

O pretexto: a relixión, o fin: a cobiza, a xenreira, o mal corpo que deixa o próximo só por amosar costumes antitéticas ás nosas. O xénero humano é ignorante por natureza e, consecuentemente, polemista por natureza, pero non sempre é así: ás veces é bo, sobre todo se está só, pero é ignorante polemista cobizoso se está en grupo, e se reafirma, aínda por riba, no seu senso de pertenza a ese endogrupo.

Estoume a decatar de que, ademais de infame descubridor da pólvora, son un divagador das fragas históricas. Pero, sexa dun ou doutro xeito, non cómpre ser nada para ter claro que mentres as relixións (calquera que sexa) estean presentes no devir histórico e humano deste xeito maniqueísta ignorante, a humanidade está condenada a unha perpetuidade cíclica. RAZÓN, INTELECTO, CONVERSA ENRIQUECEDORA, INTERCAMBIO DE PARECERES, RIQUEZA ESPIRITUAL... son as verdadeiramente máxicas palabras para cambiar o terrible camiño circular da historia nunha esperanzadora liña recta. Ou... non?

O divagador descubridor da pólvora

Semana 24-9-2007

TALIBANISMO NA GRECIA GALEGA e A MEMORIA DE TOMÁS BÓVEDA

Ola internautas, ía escribir unha perspectiva na voz doutro personaxe do éter literario como adoito facer na sección, pero non o farei por sentir a necesidade de abrir o meu corazón á sociedade ourensá debido a un suceso do que, lamentablemente, tiven consciencia demasiado tarde.

Na páxina dez do xornal “La Región” do día 1 de outubro do 2007 abraioume un titular que dicía: “LAS OBRAS DE REFORMA DE LAS GALERÍAS CENTRALES TAPAN UN MURAL DE LOS AÑOS 60”. Se seguimos a ler decatámonos de que seica o borraron porque non se sabía de quen era. A ignorancia mollou a brocha do operario solícito en pintura branca e o progreso imparabile da estupidez fixo o resto. Acaso saben vostedes a autoría das pinturas rupestres das covas de Altamira? Non. Verdade? E bórranse por tal motivo?

Non é un bo exemplo en absoluto, o de Altamira, xa que, neste caso estas pinturas das Galerías Centrales si que teñen nome, e apelidos. Este mural foi concibido e plasmado naquela parede alá a comezos dos anos sesenta polo insigne pintor local Don Tomás Manuel Bóveda

Gómez, nado no 1910 e morto no 1982. Os cálculos da escala foron feitos por un dos seus tres fillos Don Castor Emilio Bóveda García quen, actualmente, vai facer os sesenta e dous anos. E gustaría de clamar de xeito definitivo a devandita autoría do mural desculpándome ante min mesmo, ante vostedes e ante o patrimonio artístico da nosa cidade por non telo salvado a tempo eu, fillo deste e neto de aquel; de aquel insigne pintor que botou seu mundo estético alá polos anos sesenta: Jorge Emilio Bóveda Álvarez; este que subscribe. Se en realidade onte Ourense foi a Grecia galega hoxe os talibans non teñen cabida.

Jorge Emilio Bóveda

Semana 1-10-2007

TOMÁS MANUEL BÓVEDA GÓMEZ

Como ben recolle a páxina 39 do tomo IV da Enciclopedia Galega na súa edición do 1974, Tomás Bóveda (1910-1982) foi un pintor natural de Ourense formado na escola de Bellas Artes de Sevilla e na de San Fernando de Madrid. Foi un artista de variada temática e sometida a diversos procesos creativos que lle confiren unha acusada personalidade. A súa obra posúe un carácter intimista marcado por un forte arraigo na iconografía do país galego: Santeiros e Vagabundos, xentes de oficio, así como o submundo da picaresca galega, son motivos que respiran na súa obra de entronque clasicista e plástica pictórica envolvente.

Fixo numerosas exposicións dentro e fora do país galego, dúas das derradeiras na sala do Museo Arqueolóxico Provincial no 1975 e postumamente no Ateneo de Ourense. Foi un pintor paciente e de oficio, atento e sensible aos esixentes condicionantes pictóricos. Bóveda inclinouse cara dúas técnicas diferentes en canto ao tratamento da pintura: predominio da intencionalidade plástica e tendencia ao esquematismo compositivo. Títulos representativos deste artista son *A Peixeira* , a serie dos santeiros, *a Froiteira* , *Ensenada do miño* , *A pobre xente* ou *Paisaxe*, que

pertence aos fondos da Deputación Provincial de Ourense.

Despois de demostrar coas liñas precedentes a calidade e a singularidade do autor, quixera desculparme comigo mesmo e co arte local por non ter evitado que esa pintura branca da desmemoria tentase borrar, abusiva e ignorante, a obra desde ourensán ilustre; sobriño de Eduardo Blanco Amor, primo de Alexandre Bóveda e amigo de Otero Pedrayo, os irmáns Risco, Antonio Faílde e tantos, tantos outros, que conformaron a, pasada pero eterna en canto a legado artístico e intelectual, Grecia galega. Tamén quixera agradecer á poetisa Chus Pato a iniciativa e o tesón para conseguir evitar que o esquecemento, ese ser indesexable, se botase enriba do patrimonio artístico local en xeral e da obra do meu avó en particular.

Jorge Emilio Bóveda

Semana 8-10-2007

NA PROCURA DA MEMORIA PERDIDA

Ola posibles lectores desta colectánea de ánimas, chámome Johann Wolfgang Von Valdemar, de pai alemán e nai sudamericana (ou ao revés, tanto ten), son un simultaneador de lecturas sen orde nin concerto; un amoreador de datos na miña biblioteca do esquecemento. Nacín non sei cando e morro todos os días, porque percibo dende a miña torre de libros e cultura que a sociedade na que vostedes viven está demasiado embebida no progresismo. Progresismo, seino, é ir cara diante, pero ás veces (moitas) é preciso ir tamén cara atrás para loitar coa brava dama da desmemoria, unha señora que sería un antagónico ideal en calquera novela barata. A memoria debería ter un valor que non se lle da.

Nunha das miñas estadías na Auria coñecín a un ser cultísimo chamado Tomás Bóveda; pintor de raizame clasicista e grande formación académica (Ourense, Sevilla, Madrid, Canarias e A Coruña), que frecuentou diversos cenáculos culturais en Ourense, cultivando a amizade de homes da Atenas galega como o escultor Faílde Gago, Prego de Oliver (discípulo de Bóveda), Blanco Amor (seu tío, a quen admiraba), Antón Tovar, Antón Risco ou o mesmo Otero Pedrayo (entre outros moitos tamén importantes).

Foi artista xenio no envorcamento do sub-mundo de santeiros, irredentos, pobres xentes pobres, e pícaros, así coma retratos que lle encargaban e que resultaban ser tan terriblemente reais que ensinaban con descaro a esencia e case a alma do retratado; reais até o insulto. Tamén paisaxes, que interpretaba cunha íntima liberdade, pero sempre cun pé apoiado na súa raíz clásica; seu fondo coñecemento dos clásicos. Por iso sabía tanto de pintura, por iso , que dicía Xosé Corral Díaz alá polos anos oitenta ao abeiro da derradeira exposición pictórica a título póstumo no Ateneo ourensán.

Introvertido pero non tímido, conversador pero non falador (non é o mesmo), taciturno e cauto, seu benfacer na pintura abaleaba con presteza e xeito entre o predominio da intencionalidade plástica e a tendencia ao esquematismo compositivo, e a súa exposición dos arquetipos inframundanos era referendada, quizais, polo seu sentido do humor fino, irónico; de puro irónico. Figuras que a sociedade de mediados de século rexeitaba volvíanse exquisitas e danzaban estáticas (se me consinte o oxímoro), maxistralmente, no seu lenzo e no seu interior. E nolas ensinaba, se queríamos, nolas ensinaba. Morreu no ano 1982, tras ter nacido no 1910. Morreu no oitenta e dous e eu morro todos os días xusto despois de que a desmemoria me fira de morte cos seus cubos de pintura branca insulsa. Cando tapa ignorante o patrimonio confiando (segura de si

mesma) en que os habitantes do presente tan só miren cara adiante. Cara adiante si pero, por favor, cun pe no pasado.

Johann Wolfgang Von Valdemar

Semana 15-10-2007

A VERDADEIRA VERDADE INCÓMODA

Época de realidades sociais que todos coñecen, das que se collen os datos e se perden as perspectivas; a realidade. Estamos perdidos, pero non tanto como queren dar a ver algúns como o Al Gore ao endosar á Hispania varios colectores cheos do seu documental catastrofista. A cousa anda mal, pero non é para tanto. Está mal facer unha produción documental con certas sesgaduras e pretendido interese académico. Pero iso non é o peor; o peor é que se subscriban esas sesgaduras coma se dogma de fe se tratara. Parece que o feito de acadar o premio Nobel da Paz foi un comprobante abondo eficiente de que o produto que o señor traía baixo o brazo era dunha calidade máxima; suprema.

O Nobel da paz? A Borges non lle deron o de literatura, e, sen embargo, persoas mediáticas como Boris Izaguirre chegan á final do premio Planeta a saber con que obra. E qué? todo se sabe, que lles vou dicir que non saiban. O peor non é que todos saibamos as cousas; o peor é que ninguén faga nada, como dixeron Martin Luther King, Sandor Marai e eu mesmo. O peor é que todos saibamos as cousas e que moitos comunquen con elas, as desexen e as envexen. Non é que non haxa nada que dicir, é que non hai nin-

guén para dicilo, que comentaba o cidadán Pastor Páez, convertido da estulticia á defensa dos valores a través da lectura continua; un deses entusiastas que pouco gustan porque len ata perder o coñecemento, e case nunca están para ninguén.

O peor non é conceder un premio literario a unha persoa cuxa obra foi vendida baixo man a grandes superficies comerciais antes de conceder o premio para asegurar unhas vendas potentes (esquecendo que hai que facer literatura e non vendas), o peor é o monllo de nadadores de superficie que acoden engalados á cerimonia de entrega do paripé, cheirando a chanel e a presunción, crendo que literatura é o que fai Lorenzo Silva. Ignoran a xenial frase de Moncho Borrajo que di que é mellor tomar café cun amigo que champan cun gilipollas.

Este efecto de que sabendo todos todo ninguén faga ren esténdese a outros ámbitos, pois o peor non é que haxa unha inútil e continua razzia xigante no oriente que non remata nunca; que comezou cun espolio do máis abusivo e canalla e segue e segue en inesgotables conflitos intestinos onde non se lle da importancia á vida humana. O peor é que se nos reduza a dose informativa sobre iso, e coa pouca que captamos facemos unha adaptación á nosa realidade costumista; perdendo unha e un milleiro de veces a perspectiva. **A XENTE MORRE E O ORIENTE VAI CARA UNHA DERIVA MOI PERIGOSA.**

O peor non é que nos volvamos indolentes coas catástrofes (desas ás que lle saca “partido” o Gore), o peor é que respiremos aliviados porque ocorreu no levante e non en Galicia. Ou máis aliviados cando ocorre noutras latitudes. Esas e centos máis que vostede pode pensar poderían ser as verdadeiras verdades incómodas, e non as demagoxias en formato bonito (e caro) para encher o saco e para chegar á meta cómoda de certas condutas mesquiñas. Que lles parece?

O mudo de atalaia

Semana 22-10-2007

A NULA TRAMA

Son un personaxe novelesco que ten a sorte de poder vivir en varias dimensións. Explícome. Son quen de estar en varias realidades ao mesmo tempo, digamos que cada realidade é como un grande pano teatral, unha grande cortina, e que están colocadas unhas por diante das outras. Ben, pois como se da o caso de que non son cortinas novas, a tea está algo esgazada, e por esas fendas eu podo moverme entre unha realidade e outra. Para que lles conto o meu secreto? pois para asegurarlles o pouco importantes que son as tramas en “materia” de literatura.

Como un personaxe literario que son non teño as necesidades fisiolóxicas que poida ter vostede; non preciso comida, durmida, bebida nin sexo, a non ser que o escritor que me dea vida teña que xustificalo para dotar morbo na súa obra. Cousa que non ocorre case nunca. Que ordinario! O caso é que o pano teatral máis próximo a vostede, o primeiro que eu vexo e ao que tamén podo acceder, é ao que se lle chama realidade. E convirán comigo no pouco emocionante que soe ser esta realidade; no lineal que soe ser a “trama” que se lle dedica; basicamente: nacemento, crecemento, máis ou menos socialización, emparellamento, fillos, xubilación e mor-

te. Obvio e previsible. Por iso me sinto tan oufante de ter topado a miña verdadeira ocupación.

Como non me escravizan as necesidades que lles dixen hai unhas liñas tampouco teño responsabilidades, polo que podoo pasar o seu segmento temporal simultaneando lecturas; cinco, dez, quince, vinte lecturas á vez. Ás veces algún habitante do plano Realidade preguntábase cómo era posible non mesturar as tramas duns libros nos outros, non facer unha macedonia de personaxes, contextos e situacións. E sempre souben responder dun xeito rápido e sinxelo: os “n” libros que se abordan simultaneamente non teñen trama, non pecan do obvio da literatura de mercado do plano Realidade. Son libros que “contan”. E como contan e contan, conseguen facer no meu intelecto un importante pouso que me da o abondo pulo para poder vivir sen necesidades nin obrigas. Atopei nas páxinas introspectivas e nula trama unha deriva desexable onde o que prima é unha esencia inefable que fica a vivir en min e comigo. Unha esencia substitutiva de todo. Aínda co risco de achar a animadversión de máis de un no primeiro pano da existencia, a trama non importa. Non. Só e cousa do grande teatro de tolos.

Adrián Solovio

O CABALEIRO ANDANTE

Xa tiña lido nesta sección de Bóveda perspectivas relativas ao metal; ao poderoso cabaleiro. O tanxible catalizador que fai bailar a algúns na punta da deda gorda do pé, a outros sentir inferiores, a outros pasalo mal coa súa carestía, a outros converterse no que non son, a outros traizoar seus principios, a outros supeditar a súa vida ao traballo, a outros converterse en delinquentes, proscritos, acredores, malfeitores, reos, inimigos, fillos predilectos, freguesas de honra, mal nacidos, a outros sufrir terribles conflitos internos consigo mesmos, a outros darse baños de superficie, a outros ter moitos “amigos”, a outros escravizarse co consumo, a outros envexar aos que se escravizan co consumo.

Non vou redactar un texto demagóxico a estas alturas, pois todos sabemos o que hai. Non se pode negar ao cabaleiro, pero si amosar certo sentido crítico razoando ao tratar con el. É inestable e hai que saber afrontalo con coherencia e sexto sentido (o común). Os mortais humanos sabemos que cabaleiro cómpre; compre ter as necesidades cubertas sen superfluidades, sen caer na dinámica parva do consumo exacerbado, non cambiar os trebellos de uso ao toque marcial dos tambores dos mercadores. Consumir con Caba-

leiro pero con cabeza tamén; co de dentro da cabeza. Ter as necesidades cubertas e intentar evolucionar por dentro. A evolución externa apoiados en Cabaleiro é cousa de apetencias e motivacións. A min non me motiva. Para non subxugarme en exceso baixo as súas gadoupas prefiro ter o básico e dedicarme a alimentar o espírito, ou esencia, ou como se chame o que levamos moi dentro... lendo, por exemplo. Raro? ler, ler, ler até de costas; até perder o coñecemento, pois como dixo alguén na Auria unha vez: Yo no quiero “una pasta” para vivir, quiero leer y leer para mejorar mi pasta. Así de sinxelo. Ou non? Discrepancias? Hai un foro nesta sección.

O Lector conforme mais non conformado

Semana 5-11-2007

O EFECTO N+1

Neste sitio terrestre somos moitos, e na heteroxeneidade seica radica o segredo do humano progreso. Todos temos que ser distintos; todos debemos ser diferentes. Ben. É de recibo. Na variedade o gusto está; tipificando. Pero ás veces a conxunción de heteroxeneidades desemboca no conflito, na liorta e no desacougo, e non se trata da vella cuestión orixinadora de guerras que radica en que todos queren ter a razón, que é inevitable, moitos queren ter a razón, non, o máis doente desta variedade humana, entre outras cousas, é o que lles sucede a algunhas persoas: o efecto $N + 1$. O efecto $N + 1$ ocórrelle quizais ás persoas cos miolos a medio ferver, ou egoístas, ou simplemente ignorantes, ou un pouco de todo, ou eu que sei. Do que estou seguro de fe é que é ferinte cando acontece, doe coma o máis ominoso cólico nunca padecido. Contareino sen máis, para que vostede, internauta atribulado, xulgue:

Na fórmula $N + 1$ (ou guarismo ou binomio. Algún matemático?) o N corresponde a infinitos favores, e o 1 corresponde a un favor negado. Maticemos: unha persoa servizal, adaíl da empatía e da boa vontade pódelle facer N favores a outra persoa, e pode chegar un momento en

que un novo favor; un enésimo favor; o favor $N + 1$ conspire contra a ética do inxenuo facedor de favores -ou outros motivos lóxicos- e sinte no seu interior a necesidade de non facer ese favor. Ben, pois a reacción do beneficiario de N favores menos este último favor é terrible, desproporcionada; non dubidando en tirar a artillería contra o cándido dispensador de favores: enfado, caras longas, rupturas, demagoxias, etcétera. Exemplo: A, profesor de francés na función pública, ensina de xeito altruísta francés ao fillo de B. B está moi contento polos cartos que A lle fixo forrar durante o tempo do ensino, que pode ser dilatado. Chega un momento en que o fillo de B se converte nun aspirante a profesor de francés na función pública e por casualidade o presidente do tribunal da proba de acceso e A. B pide a A que aprobe ao seu fillo e A, deixándose levar pola súa ética non o considera un candidato válido para aprobar e non o fai. B e o seu fillo retiraron por completo o trato con A. Ingratidade? Ignorancia? Ignominia? Efecto $N + 1$.

O pseudocientífico social

Semana 12-11- 2007

DESAFINADA CANTATA CULTURAL

Chama a atención que aos vitais moradores da esfera non lle chame a atención a pouca atención que se lle dispensa á diferenza entre a formación académica ou artística ou académicoartística e a formación humana.

Choca que un catedrático de calquera disciplina da ciencia non sexa quen de manter unha conversa coherente e se vaía sempre ao monopolio e ao egocentrismo e a unha razón suprema e irrevogable. Choca que un diplomado con certa cultura non saiba trocar o seu rexistro lingüístico cando fala cun homiño da aldea. Choca que un licenciado nunca queira recoñecer que un bacharel poida ter máis coñecementos ca el; converténdose o fámulo, sen sabelo, nun licenciado Vidriera. Por exemplo.

Pero non vou tentar dar unha explicación para iso, que moi ben explicou o filósofo Xosé Antonio Marina no seu intelixente libro “La Inteligencia Fracasada”, só quero reprochalo, non explicalo; reprochalo. Acusar a esas persoas por ser dese xeito, por ter a maldita sorte de non topar nunca nas súas vidas alguén que lles tivera reprochado eses malos hábitos que, como deberíamos saber, son as sambesugas máis difíciles de

extirpar. Aos hábitos quedalles moi costa arriba os cambios.

Reprocho, entón, a existencia de humanos academicamente preparados que pensan que unha conversa é un acto de monólogo propio; froito da crenza de que só é importante o que eles ou elas pensan e poidan aportar. Reprocho que as titulacións universitarias non sexan directamente proporcionais ás metafísicas “titulacións” humanas. Reprocho que bos escritores, pintores, poetas, artistas, cheguen a ser malas persoas, porque defendo romántica e inxenuamente que un bo artista (escritor por exemplo) debería levar a súa altura persoal ao nivel de calidade da súa arte. Reprocho a mediocridade nas esferas universitarias. Reprocho que pro homes da cultura se comporten coma nenos caprichosos. Repróchoo. Como ven non aporto solucións, tan só acuso. A solución tena cada un dentro de seu foro interior e da súa vontade. Ou non?

*O Acusador testemuña da mala execución da banda
Orbe*

EVITANDO A SÍSIFO

O camiño dereito non necesariamente ha de referirse á ortodoxia, ao dogma ou ao porque si. O camiño recto basea seus piares na negación dos camiños circulares; en mirar sempre cara adiante, en non facer nosas incómodas parvadas, en enarborar o detector de importancia; esa máquina metafísica que nos criba a palla do gran da importancia, que nos redime da insulsa invención do drama vital sobre actuado. O camiño recto consiste en non morrer de estulticia, en buscar sempre os mil pés ao indolente gato das cousas que, per se , veñen dadas. En atopar novas ordes, novos matices, novos contextos, en non vivir nunca curtametraxe nin nunca longametraxe; non vivir nunca ficcións enlatadas pois tarde ou cedo decatáremos que voa sobre nós un guión prefixado sobre uns contextos aos que non somos quen de subtraernos, e aos que estamos inexorablemente ligados. É preferible previr que caer dun día para o outro en que non somos máis ca un Drácula/Christopher Lee e que imos acabar morrendo furados pola estaca marcial dun Van Helsing/Peter Cushing. Moi predicible e desacougante. Cambiémoslo a tempo.

A liña recta é camiñar cara diante de ganchete co tempo, padalando cada intre e sendo

quen de ser conscientes de que os momentos poden ser diferentes cada día, de pura madurez. Non caer en ningún absolutismo, nin sequera o temporal. Pois seguir a liña recta é vivir sen prexuízos, sen xenreiras e tirando das malas experiencias as mellores cousas e das boas todo; considerando as lecturas continuas como parte desas boas experiencias, loitando por defender as ideas propias e as alleas que merezan a pena; as conviccións sensatas e salvarse daqueles entes que nada nos aportan, que moi ben nolo aconsellou Sandor Marai no seu Herbario delicioso.

Coma calquera camiño en liña recta que tentemos acometer poderemos ir facendo paradas, a cotío, ás veces ou nunca, pero de facelas han de ser precisas: unha recapitulación, un desvío cara outra liña recta, un cambio de sentido, un descanso, pero nunca dar voltas, pois o humano ser que xira como buxaina sen motivo convértese en vítima dos voitres do seu propio interior; de si propio, de si mesmo, e morre, en vida, morre pasando a ser un morto vivinte, un moderno prometeo ou un señor Valdemar do século XXI. Evitémolo. Como? Xa sabemos, non é difícil, paseniño, cara diante, seguido e sen caer no estancamento ou na rutina do que se atopa sempre no mesmo guión manido. Non.

O inimigo de Sísifo

FURTANDO VOSO LÉXICO

Degaro, Deíxe, Deostar, Desiderátum, Doa, Eiva, Empardecer, Endeitas, Envellentar, Epidíctico, Esguío, Espullas, Esqueira, Estantío, Estro, Eulálico, Falcona, Fanega, Fasquía, Fístor, Folón, Fulcro, Genevra, Gurgullador... son palabras estas das que visitan meu maxín e se espaxen por todo o meu foro interior en maiúsculas para facerme ver e crer que son máis cultivado ca vostede. Son estas palabras con maiúsculas das que vou tomando nota nun caderno metafísico e noutro físico, roubándoas sen piedade das correntes da fala e da escrita. Así, sen parecer que as ando a coller, como se fose unha arrasadeira dun Blanco Amor neno. Algunhas son velliñas, velliñas, e proceden do período histórico anterior á romanización, outras sufriron a moldura do latín coa entrada dos romanos na Gallaecia. Son particulares, cada unha ten o seu e forman parte dunha colectánea obsesiva que non podo deter.

Son palabras collidas na corrente da comunicación das que, mentres camiñamos cara a fin do camiño e comezo da noite perpetua, nos fan sentir o badalo mental repenicando a morea de léxico que se forma e se alimenta cara adiante e cara atrás cos apuntamentos dese inefable caderno de investigación. Coma se de detectives da

vida se tratara (ou nos trataramos). Vocábulos fugaces que atrapo co meu bolígrafo sen tinta e sen permiso a medida que os vou respirando do éter. Eses mesmos que nos fan pasar ao plano cultural mais culto. Eses fragmentos de discurso dos que fan uso algúns humanos para disparar sen propiedade en congregacións de humanos. Palabras que conceden a falsa sensación de que actuamos nun plano superior e que o que nos circunda non é máis ca unha flagrante mediocridade. Esas sesgadasuras que avisan ao observador de que non chegou o intre de emprender un voo solitario; e que se se emprende de todos os xeitos farase colmado de erros. E o observador nunca escoita. Hei de seguir; seguir amoreando, nunca é momento de emprender ese voo.

Remórdeme a conciencia este furto verbal? Pois non ren. Vostedes non utilizan as palabras. O si?

O roubador de palabras

Fonte: El Gallo de Morón o El Tercer Motivo. J.E.Bóveda. Liberlibro 2007

Semana 3-12-2007

HIBERNADAL

Ola estimados concorrentes desta sala virtual das propostas enfocadas dende diversos e diverxentes puntos de vista. Son un oso pardo, e ando aproveitando estes días na Auria, previos ao Nadal, para facer amoreamento de víveres para encher a despensa da miña cova, do meu burato, do meu recuncho predilecto, do meu oco do “estar” e “ser”. Por que? pois porque son un plantígrado atípico e atópico que vive nun monte inmenso que hai na serra do Xurés. A que pensaban vostedes que non había animais da miña especie na Gallaecia?. Pois si, polo menos un, non coñezo ren (os primos comezan a estenderse pola Astúrica).

Unha das miñas particularidades como oso único desta rexión é a capacidade de hibernar cando me peta, cando mo pide o corpo, ou a mente, ou o corpo e a mente. Non respecto as consabidas estadías dos da miña familia mamífera, fago os períodos de letargo cando o teño a ben. Precisamente por iso ando estes días na Auria, apañando o imprescindible para un pequeno letargo que vai dende o día 10 de decembro até o 10 de Xaneiro; un mesiño pechado dentro de min, rendendo tributo ao meu embigo, espertando aos poucos (outra das miñas habili-

dades) para inxerir alimento físico e metafísico e volver ao sopor, ao stand by , ao ser pero non estar. E vostedes, internautas avezados, supoñan o por que. Sábeno?

Un oso pardo

Semana 10-12-2007

TRÁTOME DE TÚ

Pedíndolle desculpas a algún por introducir un castelanismo no título enviólles saúdos neste escuro día de decembro. Pedíuseme a min, imitador dos replicantes, que colaborara nesta sección contándolles a vostedes, internautas lectores ousados, cal era mi dedicación principal na vida. Botei un ollo ás achegas anteriores e vexo que hai un pouco de todo: o que consagra a vida a saber que libros leen as minorías, o que é un mudo de atalaia, o que é un sociólogo irreal, a que desconecta do mundo e logo pretende tempo despois que esa conexión siga existindo, os que defenden o camiño recto e deostan o circular... hai testemuñas varias. Tan só teñen que leer os textos que están debaixo deste na páxina do Fotomatón.

O meu caso, a miña dedicación, é particular. Non é porque o diga eu o imitador dos replicantes, senón que en realidade o é. Son un imitador. Non, non, non me gano a vida facendo parvas e baratas réplicas dos xestos e sons dos políticos e artistas de baixa estofa, son un imitador dos homes e mulleres da cultura. Desenvolvín unha técnica o bastante axeitada para parecer un home ou unha muller da cultura: lin todos os libros que puider, escribir todas as novelas e ensaios que puider, asistín a todos os actos cultu-

rais abertos que puiden, establecín contacto con outros homes e mulleres da cultura. Pero, pero, pero, hai algo que non me sae nin coa técnica do mundo todo. Hai algo que non son quén de perfeccionar para ofrecer á vida unha imitación perfecta dun perfecto home ou muller da cultura replicado ou replicada: as mulleres e os homes da cultura replicados, a maioría, son quen de tratarse a si mesmos de vostede. Gabarse internamente e con deleitación sen necesidade de proclamalo. Os homes e mulleres da cultura replicados son quen de auto tratarse de vostede. Eu non sei facelo; este imitador de replicantes só sabe tratarse a si mesmo de “tú”. Tutearse. Auto tutearse. Creo que é a espiña que levarei sempre espetada no meu corazón perfeccionista e que me delatará nas xuntanzas con outras mulleres e homes da cultura replicados. Coma nunha película popular dos anos pi na que se distinguían os invasores extraterrestres dos humanos porque tiñan os dedos maimiños das mans máis longos do normal. Pois parecido.

Trátome de tú.

Imitador de replicantes

Semana 17-12-2007

DOGMATRON

Do dominio público é o feito de que as máquinas están a ganar terreo nesta nosa vida deshumanizada; que xa non somos tan só o que comemos senón tamén o que nos venden e non utilizamos, que as máquinas deixaron de ser útiles á humanidade para pasar a humanidade a ser servil ás máquinas.

Ao abeiro desto hai unha máquina terrible, xigante, instigadora e marcial que ninguén sabe exactamente como opera e onde. É unha máquina de aparencia tamén descoñecida que bota sentencias por uns altofalantes. Sentencias que a maioría das persoas acatan sen deterse a pensar por un momento de se existirían alternativas para esas sentencias, ou se son completamente beneficiosas de realizar, ou se non poñen en perigo a integridade ou os ideais doutras persoas.

As sentencias da máquina son múltiples variadas: OS HOMES TEÑEN QUE CASAR COAS MULLERES E AS MULLERES COS HOMES, OS FILLOS QUÉRESELLE MÁIS CA PARELLA PORQUE SON SANGUE DO TEU SANGUE E A PARELLA NON, OS NENOS TEÑEN QUE CALAR EN TODO MOMENTO PORQUE, DO CONTRARIO, SON MALEDUCADOS, OS CABALEIROS

DE PRO TEÑEN QUE IR AFEITADOS E BOTANDO BAFARADAS DE SUTIL FLOYD, AS DAMAS NON PODEN FUMAR POLAS RÚAS, OS POETAS SON TODOS MARICÓNS, OS MÚSICOS DE ROCK SON DROGADICTOS...

E bota, bota, bota sentencias irrevogables a máquina dogmatrón esta. Menos mal que está nas nosas mans ignorala e vivir de costas a ela. Algún tentou rebentalala a paos pero saíu mal parado, polo que a solución para evitala é vivir de costas a ela pondo en diálogo e discusión todos os pormenores que arrodean as sentencias que bota polos seus altofalantes ousados. Pero sempre con coidado. Por que? pois porque nesa discusión de sentencias pode xurdir o CONTRADOGMA que é máis do mesmo pero ao revés. Cousa indesexable que nada nos arranxa. O contradogma é máis do mesmo pero untado na brea do maniqueísmo. Como proceder? pois analizando e razoando... supoño... non dogmatizo.

O guerreiro escaldado

Semana 24-12-2007

LIVERTAZ

Ola participantes subrepticios deste espazo de particularidades, chámome Martín Rei e pensaba que era un espírito libre. Pensáboo até hai pouco; até que caín nas inextricables dificultades que entraña esta palabra. A palabra que titula esta perspectiva e que vertebraba a miña vida e lle daba sentido dende que un día decidín rexeitar a idea de que somos presa dun determinismo indesexable; que as nosas existenciais veñen determinadas polos costumes dos nosos país, e estas á súa vez foron determinadas polas existenciais dos seus -nosos avós- e así sucesivamente.

Xa o tiña superado, rexeitara o determinismo e pro da liberdade auto denominándome espírito libre ata que un “bo” día se me deu por inzar o pescozo máis da conta e mirar arredor para ver que o mundo occidental de corte capitalista é o “mundo libre”; só a democracia salvagarda a «liberdade». Os países do leste, de obsoleta ideoloxía marxista, son tamén os verdadeiros depositarios da «liberdade». A «liberdade» é tamén patrimonio exclusivo do anarquismo “libertario”. O ditador quere facer da súa patria unha, grande e “libre”. Invádense países para “liberar” aos pobos (temos o exemplo na actuali-

dade). O que fai da palabra un desvirtuosismo que me confundiu e me deu de fociños coa realidade máis real: son un espírito determinista. Presa dun determinismo apañadiño e escaso.

O panorama da «liberdade» é confuso e desesperanzador, pero que a ningún candidato electoral se lle esqueza mencionala, se non quere atopar seu escano ocupado por outro liberador de xentes. O meu espírito libre pode perfectamente ser a escravitude de outro. Ou non? Ou que é en realidade?

O espírito onte libre hoxe determinado

Fonte: La Utopía skinneriana. Bases psicológicas.
José Luis Prieto.

DEIXÉMONOS EN PAZ

Seica a facción máis reaccionaria dos reaccionarios cristiáns católicos practicantes se botou ás rúas reivindicando a estrutura familiar que eles e o libro consideran “normal”, ortodoxa, marcial e única: pai + nai casados pola igrexa practicando e comungando o dogma supremo + fillos. Grande tumulto comandado polos “pais” desa igrexa - xeralmente abstemios e todos solteiros- que sentencian a golpe de sentencia e micro que a paz periga pola chegada das novas estruturas familiares, polos científicos avances que se propuxeron alongarnos a vida, polos métodos anticonceptivos que evitarían que a SIDA causase os estragos que causa na esquecida África. A paz en perigo, din. A paz. A mesma paz que pasa por Kenia ou Pakistan; onde aínda non casan os homosexuais e á que eles agoiran unha caída de estrépito referendada dende un Vaticano opulento.

Din que non hai maior desprezo que non facer aprecio. Que non debería pronunciarme ao respecto, e quizabes teñan razón, pero o poder congregador desa infamia foi tal que non puideron por menos de botar o bolígrafo ao papel para sentir a simbiose do sentimento de angustia que me producen e a catarse que supón escribilo. Collín o bolígrafo para tentar inzar un estandarte

de sentidiño común; que non demagogo; común. Xa verán por que:

Son cristián polo de agora -penso a diario na apostasía-, fun bautizado, fixéronme facer a primeira comunión e a confirmación, e unha mestura de determinismo e conivencia fíxome casar coa miña muller tamén por esta modalidade. O pensamento autónomo (o máis autónomo posible), o razoamento, o raciocinio e varias lecturas (bastantes) dun tempo a esta parte leváronme á sala do agnosticismo. Foi o máximo que puider acadar. Un agnosticismo e tan bo día. Abaneei entre as simas do nihilismo e do ateísmo antes de chegar a el. Pero quedemos coa importancia dos datos previos: pasei por CATRO SACRAMENTOS da institución católica e nunca acadei unha crenza metafísica a través do aparato eclesiástico. E partindo da obvia premisa de que a eucaristía non casa co intercambio de pareceres, co debate, co diálogo, co progreso nin coa aprendizaxe.

O meu agnosticismo é meu e non da igrexa católica. Pero por qué? Impiedade? Descrenza do libro único? Non só iso. Fírenme eses privilexios que se arrogan e ese perpetuo dogmatismo; esas mentiras ou medias verdades ou falsas crenzas que sermonan. Esa opulencia, ese gusto inefable polo poder, esa cerrazón, esa falta de lóxica, ese xeito de meter os fociños onde ninguén lles chamou. Se cren até o fanatismo no seu dogma de fer por que non cren en distintas e anovadoras estru-

turas familiares? Por que non cren no amor que se poden profesar dous homes ou dúas mulleres? Por que no cren no divorcio; no cambio de vida cando dúas persoas se unen trabucando o camiño?? Por que non cren en nós??

Deberían crer en nós se quixeran que nós creramos neles; como moi ben reflectiu Javier Marías nun marabilloso artigo que xa mencionei algunha vez titulado “CREED EN NOSOTROS A CAMBIO”. Pero como esa é sentenza allea porei a miña como colofón a este artigo e sen deixar de “invocar” ao sentido común; unha frase certamente recorrente e mundana que xa empreguei algunha vez ao falar das parellas homosexuais: VIVAN E DEIXEN VIVIR. VIVAMOS E DEIXEMOS VIVIR. Se a paz se deteriora é precisamente pola súa responsabilidade. Nós somos os tolerantes. Se nos deixan en paz teremos a “paz” garantida.

Jorge Emilio Bóveda

VIXÍA CINEXÉTICO

Xa falou Bóveda nalgunha ocasión do tristísima que é a vida para algúns primates porque, ao parecer, a súa mente “resetéase” dun día para o outro e, consecuentemente, vivir cada día supón vivir unha vida nova. O que supón trescentas sesenta e cinco vidas no ano; vidas que, por moito que apuren, non lle dan intelectualmente para moito. Pois se un día descubren que son quen de comunicarse, ao seguinte xa está esquecido.

Dado que estes animais son nosos primos non é difícil advertir que temos uns comportamentos moi similares nas distintas facetas da estadía vital. Facetas que supoñen unha casuística na que non entrarei (xa entrou Bóveda nunha perspectiva titulada Reset contida no libro “A través de Cristal. Breviario de Perspectivas” que se poden descargar deste sitio web <http://www.jorgeemilioboveda.es>), quedándome só coa aplicación deste efecto desmemorístico dramático a unha das miñas artes predilectas: o cine. O cine fantástico para máis matización:

Deixando aparte as agresivas campañas publicitarias e de promoción, é abraiante que o público aplauda “ El orfanato ” (Juan Antonio Bayona 2007) esquecendo que espeta súa raizame

en filmes como as próximas “ La sombra de nadie ”(Pablo Malo 2006) ou “ El Internado ” (Saint Ange. Pascal Laugier. 2004), ou as menos próximas “ La Residencia ” (Narciso Ibañez Serrador 1969) ou “ Hasta el viento tiene Miedo ” (Carlos Enrique Taboada 1967 con remake do 2007 de Gustavo Moheno). Tamén é abraiante que o público loe as “sofisticadas” trampas mortais que se ven en “ Saw ” (James Wan 2004) cando xa se entrevén en “ El Abominable Dr Phibes ” (Robert Fuest 1971) ou a súa secuela “ El regreso del Dr Phibes ” (1972) onde tamén a idea dun resentido do quirófano que toma a súa particular vinganza cirúrxica xa non era todo o orixinal que se pensaba (vexan “ Los ojos sin rostro ” Les yeux sans visage . Georges Franju 1959).

Podería seguir reflectindo casos de bebida dunhas fontes cinematográficas noutras, pero non é cuestión de encher a perspectiva de datos áridos. Quedemos só coa perspectiva. Lóxico é que teña que existir unha influencia no pasado, pero o nefasto e mirar cara adiante crendo de xeito inxenuo que o pasado só está cheo de mortos poeirentos e pasivos e que a orixinalidade vive tan só no presente. Non é de recibo. Non é xusto esquecer as fontes literarias primeiras e as seguintes cinematográficas; a literatura romántica e gótica; os malfadados e famentos escritores da Arkham house e das revistas pulp (literariamente malos, pero á referencia me remito), os traballa-

dores das sombras, os artesáns descoñecidos, o mítico cinema fantástico das décadas dos vinte, trinta, corenta, cincuenta, sesenta, setenta, oitenta e noventa e limitarnos a laurear as réplicas que xorden ao abeiro da contemporaneidade. As cousas polo seu nome e coas orixes por diante. Ou non lles parece?

Un vixía cinexético

Nota: Perspectiva aplicable a todo o que aparentemente se lles presente coma novedoso. Busquen no pasado.

Semana 14-1-2008

MANIQUEÍSMO OU A MIRADA DO OUTRO

Dende tempos de Homero coa súa *Ilíada* e *Odisea* -ou quizais dende antes; dende as orixes da chamada literatura- as historias de ficción avanza co protagonismo dun personaxe principal e dun antagónico ou contrario que se mostra como oposto e sempre vertebra o conflito que da lugar a que se desenvolva unha trama. Iso sempre, claro, se estamos a falar dunha historia expositiva. O personaxe principal case sempre se identifica co ben e o antagónico co mal (rara é a vez na que se trocan os roles) conferindo a esas historias obxectivas e expositivas un fin de catarse, evasión e tranquilidade do lector ou espectador, pois na meirande parte dos casos o ben sempre triunfa sobre o mal, e iso acouga as nosas teimas. Casuística profusa, como sempre: vaqueiros e indios, Van Helsing e Drácula, Sherlock Holmes e Moriarty, James Bond e doutor No, americanos e charlis, “bos” e “malos”; maniqueísmo.

Como non hai historia máis grande nin fonte referencial mellor que a propia vida humana podemos topar tamén exemplos numerosísimos de protagonistas e antagónicos na historia da humanidade dende as súas orixes. Pero neste caso, na veracidade de feitos e seres, non é acon-

sellable deixarse levar polo patrón básico que determina e asocia a bondade cun “principal” e a maldade cun “antagónico”. Por qué? pois porque a análise racional vai máis aló da simpleza dos arquetipos dunha novela de xénero para adolescentes. Os roles fúndense e hai que clamar polos patróns racionais. Exemplo. Para aburrir: nas historias do oeste americano empatizabamos cos vaqueiros como bos e cos indios como bechos malísimos salvaxes e asasinos. Pero na historia real dos Estados Unidos sabemos que a reacción dos Apache e outras tribos foi a lóxica de quen se sente abafado. Mírese o Iraq, por exemplo, ou en calquera territorio de conflito cun opresor e un oprimido.

Pero un exemplo dos que máis tira o sono a este que firma e o dos creacionistas e os evolucionistas. Os creacionistas, inspirados nos dogmas relixiosos, cren que a terra e cada ser vivo que existe actualmente proveñen dun acto de creación por un ser divino; sendo creados eles de acordo cun propósito divino, mentres que os evolucionistas son defensores do evolucionismo, que é un paradigma científico da bioloxía que se transmitiu como teoría á disciplina prehistórica dende as súas orixes, debido á forte influencia das ciencias naturais, como a paleontoloxía e concretamente da obra de Darwin A Orixe das Especies. En casos coma este sería complicado colocar a etiqueta de antagónica a unha das dúas caras nun tento á neutralidade. Suporíase que as

dúas serían antagónicas unha respecto da outra. Pero o que si se podería subscribir case de lei e que o evolucionista sabe xogar no campo do creacionista aceptando a existencia do creacionismo pero o creacionista enarbora o dogma en contra do evolucionista.

Poderíamos cambiar perfectamente a palabra evolucionista por progresista ou aperturista e a palabra creacionista por reaccionario, dogmático ou absolutista. Ou por máis palabras, nomes, substantivos, adverbios ou o que se terce. Na realidade ningún principal triunfará nunca sobre un antagónico nin un antagónico sobre un principal. Diversidade e respecto son o desexable par de palabras. Pero estas van collidas da man. Diversidade e respecto. Que si.

O outro

PENSAMENTO INTERSUBXECTIVO

Queridos internautas. Son un pensante que mata o tempo a pensar, nestes tempos tecnificados e científicos, e que sabe por lóxica que a ciencia, como vostede tamén saberá, require en termos xenéricos de varias esixencias inamovibles: recompilar datos, elaboralos, extraer deles conclusións, confrontar estas conclusións con outros datos e co resultado doutras investigacións, ordenar todas as conclusións de xeito sistemático e expoñelas con precisión. Ningunha destas accións cúmprese ao azar, porque existen procedementos ou métodos establecidos para obter os mellores resultados en cada unha delas.

Esta actividade científica ten unhas características que tan só gustaría mencionar para non facer extensa de máis esta perspectiva: é lóxica, é determinista, parsimoniosa, xeral, específica, contrastable empiricamente, aberta a revisión e intersubxectiva. Non me estenderei máis, agás con esta última palabra. É precisamente este último adxectivo o que inqueda de certo xeito a este que lles besbella ao longo do cable internáutico: INTERXUBXECTIVIDADE. A actividade científica é intersubxectiva porque o achado dun determinado descubrimento científico non depende do equipo de operarios que o levaron a

cabo, xa que se pode chegar a resultados similares en dous ou máis experimentos paralelos.

Tras quedar co termo “intersubxectividade” e obviando a actividade científica por respecto, ignorancia, e para evitar o intrusismo, levámola ao terreo do pensamento e chegamos á conclusión de que o pensamento tamén é ou pode ser intersubxectivo. E canto. Pois non é a primeira vez que lendo a Ortega, Montaigne, Marx, Marai, Emerson, Savater, Marina, Wittgenstein, Levinas ou calquera que se dedicara ou se dedique a plasmar seus pensamentos en papel, nos decatamos que chegamos ás mesmas conclusións por camiños diferentes e que o expresamos en outra lingua, noutro tempo, con outras palabras e noutros contextos. Intersubxectividade. Noso deber: buscala sempre. Como? Xa o imaxinan.

Un pensante

SEGMENTOS

Neste breve período de tempo no que conflúen os vestixios do Nadal coas primeiras manifestacións da ledicia carnal do Entroido, chega timidamente o día da paz. Este 30 de xaneiro que nos tenta lembrar que Hobbes non tiña razón no seu home = lobo. Que tenta lembrarnos que todos somos capaces e aptos para vivir en paz e respecto. Que todos somos quen de saber até que punto o meu benestar pode ser o malestar do veciño, ou que o ben do próximo pode ser meu mal. A paz; a deostada palabra.

Non se trata de vivir a paz intensamente neste día, como criticou Bóveda no seu artigo de “A Través de Cristal” titulado O día das Mangas verdes (que se poden descargar desta páxina). Trátase dun xeito de vivir que se vai consolidando dende que somos nenos até que nos facemos anciáns na beira da reciclaxe. Por iso é tan importante a educación, por iso. Educación, outra palabra espiñenta. Paz, educación, échese nos a boca.

En realidade non é difícil facernos cidadáns pacíficos que viven oitenta anos da paz; seguidos, constantes, paseniño. O difícil é evitar a disfunción, o erro educativo, a falta dese consello que no seu día debeu ser dado, e que desembocou

nun erro que se converteu nun modo de vida, que se perpetuou nos fillos e que alimentou páxinas de sucesos, crónicas negras e obituarios varios. Sen ánimo de ser reduccionista de máis estimo a paz; a abstracta palabra, no final dun segmento rectilíneo, cuxo comezo estaría cuberto coa palabra educación. Do contrario, de estar cuberto pola palabra “deseducación” o segmento converteríase nun círculo, e non precisamente concéntrico como diría Manuel Rivas. Nun círculo indesexable coma o que vivimos. Por iso é tan importante a Educación, por iso. A Educación sen dogmas, positiva e racional. Por iso.

Un delineante cego

Semana 4-2-2008

ASOCIACIONES

*Atención: o texto que vai
afroantar pode ser dunha
relatividade estarrecedora.*

Voz, probando, si. Dous, un, milleiros, infindos infinitos. Óeseme? parece que si. Comezo:

De curiosidade suma é o feito de que en distintos ámbitos -sexa cine, literatura ou o que sexa ou poida ser- non se soen recoñecer os sons das voces propias, recorrendo sempre ao asociacionismo máis rápido e obvio. Coma se non houbese máis puntos de referencia que as limitadas vivencias da persoa que xulga. «Neste conto de Mengano de Cal vése a Xabier Marías e a Bioy Casares», así, como se tal cousa, cando en realidade o fámulo escritor nunca se lle deu por ler a ningún destes dous interfectos. Ou recoñecer en O Herexe de Miguel Delibes a “novela histórica” contemporánea bestselleriana comandada por Noah Gordon, por exemplificar un pouquiño.

A que se debe este instinto á asociación rápida e a meirande parte das veces errónea?? poderíanse subtraer respostas varias e relativas: a ignorancia, a falta de coñecementos, de vivencias, de lecturas, de razoamentos, de sentido crítico, de

criterio ético ou moral ou ético e moral, a nugalla, o camiño doado, o ataque do ominoso monstro da envexa, o descoñecemento, a ousadía, o efecto “ Maestro Ciruela que no sabía leer y puso escuela ”, o síndrome de “Seino” ou a pandemia de “Vouche ensinar literatura”.

Pero subtraéndonos agora nós tras facer unha análise de lei das propostas que se nos proponían -por exemplo literarias- que non consistiu máis ca pasar os textos pola pía do sentido común podemos afirmar que Lorenzo Silva non é Dashiel Hammet, que John Grissam non é Roald Dahl ou que Vicente Risco non é Otero Pedrayo. Por exemplificar outro pouco. Non.

Post Data: a asociación pode ser buscada deliberadamente. Pero ese caso quedará para outra perspectiva. Por agora comecemos por fuxir desas asociacións buscadas do tipo Arturo Pérez Reverte non é Alexandre Dumas pero quéreo ser.

Abraido ante o micro

Semana 11-2-2008

LECTURA SÉCULO XXI

*Instrucións únicas para ler este texto:
Poña os lentes da relatividade e flúa.*

Dixo Harold Bloom que San Agustín inventou a lectura tal como a coñecemos nos derradeiros dezaseis séculos, e que hoxe contemplamos con tristura elexíaca a morte do “ler” nunha época que celebra a Stephen King. Unha época na que o ritmo de vertixe da sociedade nos bota a buscar evasións constantes e Express, facéndonos deglutir produtos (ou subprodutos) pouco traballados en relación á literatura e moi traballados en relación co estoupido comercial e as vendas masivas. Libros máis reflectidos nas tramas cinematográficas que na literatura que nos conviría para medrar como persoas e non como consumistas. Medrar como o descoñecido escritor Georges E. Vault, que dicía, ao respecto do seu pouco interese polas vendas, que non quería “unha pasta” para vivir senón ler e ler para mellorar a súa pasta.

Paradoxal e lamentablemente isto non é indicativo de que nosa deriva intelectual non teña remedio, posto que a oferta editorial é ampla e o humano é libre de escoller. Outra cousa é que ese ser humano estea determinado polo entorno e

non posúa xenética nin disposición nin vontade para cambiar a situación, buscando a verdadeira cultura noutros lugares que non sexa o corte inglés ou as baldas superiores da sección de libros do carrefour; as que entran polos ollos. Lembremos que por natureza os animais tenden a coller o camiño doado, ou como vulgarmente se di: o máis práctico, que é o máis “iluminado” e flanqueado por centros comerciais con librarías que medran economicamente grazas aos Best Sellers. E “digo” Bestsellers pois, como escribiu Blake tempinho ha, a sabedoría tamén se vende no mercado... onde ninguén a vai mercar, ou no agro agostado onde o campesiño ara en van para obter o pan. Está ao noso alcance pero non só pasamos dela, senón que a desprezamos en conivencia coa aprobación da bóla inculta. Salgamos desa bóla. Habelos “hailos”: busquémoslos.

Lector entre liñas

Semana 18-2-2008

DA CENSURA E A APRENDIZAXE

No século XVII en Inglaterra existiu un escritor e ensaísta chamado Samuel Jonhson que, entre penas económicas, publicaba nun xornal da época un artigo semanal nunha sección chamada *The Rambler* (o divagador) e máis adiante outra noutro xornal nunha sección que tiña por nome *The Idler* (o ocioso), xeralmente de temática moral ou relixiosa pero cuxas constantes eran a mordacidade a franqueza e un sentido común abafante. Chama a atención do que subscribe este pensador egrexio, aparte por a miseria na que viviu, porque non parou de escribir en todo o tempo da súa estadía nesta bola que xira, e onde os humanos soemos mirar cara o outro lado cando temos diante personalidades como a de este Johnson.

Súas para a posteridade son as seguintes contribucións á literatura sapiencial; e tendo en conta que foron inmortalizadas na década de 1750. Hai cousas que pouco cambian, e senón lean esta escolma de catro sentencias sobre a censura e aprendizaxe, os temas que máis adoecen a esta testemuña de Johnson:

«Cando censuramos a un home estámolo eloxiando indirectamente pois o que amosamos é de canto se pode prescindir»

«Moi poucos están dispostos a aprender nada pois os homes a cotío máis ca información o que queren é que lles lembren o que saben»

«Para ensinar aos homes a dicir a verdade é preciso que aprendan a escoitala»

«A gratitude é un produto da cultura; non é doado achala entre xente inculta»...

Máis frases de Johnson sobre outros temas:
http://es.wikiquote.org/wiki/Samuel_Johnson

Testemuña de Johnson

Semana 25-2-2008

NOVA BIBLIOTECA DE BABEL

O relato orixinal: La Biblioteca de Babel forma parte da colección de relatos Ficciones do xenial escritor arxentino Jorge Luis Borges. Sexa esta perspectiva un texto expresado co maior dos respectos ao mestre.

Espazos que como estadas conteñen libros, libros que conteñen reflexións, introspeccións, ideas, febrís e inxenuos desexos de cambio, apoloxías da liberdade, pretensións exacerbadas, mundos interiores, mundos que conteñen mundos, mundos que conteñen mundos que conteñen mundos; mundos de capítulos, capítulos de parágrafos, parágrafos de sentencias, sentencias de cláusulas, cláusulas de palabras, palabras de grafemas, grafemas multiplemente combinados, espazos, tempos, puntos, signos, expresión de todo e de nada e do que está por vir. Quedan humanidade por nacer, quedan voces que escoitar, queda TODO por dicir. As combinacións das letras de calquera alfabeto mundial son finitas, pero o tope dese número enormísimo está a unha distancia imposible de sospeitar. Tan só somos seres humanos. Lembremos ao tamén enormísimo Carl Sagan cando dicía que hai máis estrelas no universo que grans de area en todas as praias do planeta terra. Quedan moitas estrelas

por observar; algunhas vánsenos apagar esgotadas tras “n” tempo ofrecendo súa luz sen concesións, sen agardar que ningún observador as contemplase, outras levarán mortas millardos de unidades temporais, outras delas vannos cegar; a meirande parte nunca existirán para nós. Non hai présa, pero tampouco hai tempo, e en tendo pouco tempo somos poucos os interesados nestas descubertas. Nestas combinacións novas a media eternidade da repetición cíclica.

Custa imaxinar a inxencia dunha biblioteca de tal magnitude. Poderíamos imaxinar complicadas estruturas hexagonais coma no seu día imaxinara o mestre Borges. Ou, posuíndo un intelecto máis modesto (coma o meu), poderíamos chegar a visualizar longos corredores, corredores con estadas, estadas con volumes, volumes con parágrafos de letras combinadas... pero cos tempos cronolóxicos mesquiños que nos apertan. ¿¿¿¿Non sería práctico imaxinar a inxente biblioteca en relación cos microprocesadores, o código binario, os libros electrónicos, o internet, as bitácoras cibernéticas (blogs) e a “nova era” das comunicacións onde a inmediatez prima no que falta por dicir e os medios de difusión son inxentes, prácticos, versátiles e accesibles???? Probablemente haxa máis combinacións en código binario para completar unha modesta biblioteca de clásicos literarios que grans de area en todas as praias da Gallaecia. A informática é quen do mellor e do peor, pero non tan deostable se pen-

samos no seu potencial para conter e difundir
sabedoría. Ou non?

Un Bibliotecario cibernético

DESHUMANIDADE

Ou o síndrome de Todos menos Eu

Asolagados de contradicións os seres humanos van respirando, vivindo e morrendo; sen evolucionar abondo, nada, pouco. O humano moi contraditorio se deshumaniza, pero non dese xeito pesimista que filosofaba Schopenhauer ou literaturizaba Pío Baroja (por exemplo, hai tantos que tiveron o valor de escribir...), dous persoeiros que envorcaban na súa perspectiva seus respectivos rangos misántropos. O humano se deshumaniza tamén coas pequenas mesquindades de cada día, cando non é quen de recoñecer seus erros, cando non é quen de recoñecer o éxito dos veciños, cando non é quen de gabar o traballo ben feito dos outros, cando non é quen de enfrontarse con obxectividade a calquera obra artística producida por alguén próximo a el (ninguén soe ser profeta na súa terra, pero o porque queda para outra perspectiva), o noxento e pueril “sentimento” da envexa, o “culo veo culo quiero”, o rouban todos roubo eu, a identificación cun grupo ou manada para reforzar carencias de personalidade... Deshumanízase.

Este tempo electoral no que os representantes loitan por convencernos de que seus partidos son o mellor “partido” tamén é indicativo

dos pasos previos á deshumanización; esta deshumanización que nos da a razón aos pesimistas á hora de amosar o noso ramallazo derrotista e misántroposóxino . A saber: con respecto aos elementos vivos dos avatares desta mal chamada política podemos ver que se deshumaniza tamén o que non é consciente de que seu ben pode supoñer o mal do próximo, o que da a cara co cuartos traseiros sen limpar, o que non só non reconece erros senón que os que cometeu el foron deostados no pasado, o que conta as verdades a medias para a súa comenencia, o que rexeita á humanidade en favor dun benestar idealista, o que critica condutas replicadas sendo el o modelo anterior, o que non chama ás cousas polo seu nome falando de diálogo onde hai impericia ou de crise económica onde hai interpretación tendenciosa de datos... deshumanización.

Pese a que hai sectores, colectivos, comunidades de veciños, estamentos, institucións, sindicatos de froiteiros, empresas, negocios, mercados, escaleiras, parques, rúas, etcétera, onde vive e cohabita a especie humana consigo mesma ningún de nós é cualitativamente superior para fuxir ou estar exento desta deshumanización que nos asolaga. Tampouco penso que sexa un mal do novo milenio como augurou algún illuminati . Opino que é foi e será consubstancial a nós e na nosa vontade está o “purificarse” a diario, o facerse mellores, menos deshumanos e máis éticos. Solución? Pois educativa, supoño. Educación.

Libros. Biblioteca de Babel... Déixoo meditando porque quedei cun inimigo para falarlle mal dun amigo.

Un deshumano

Semana 10-3-2008

TEORÍA FICCIONADA DO POUCO MÉRITO CONCEDIDO A UNHA PONTE*

Estes feitos dos que lle vou facer partícipes a vostedes ben puideron ter acontecido na Auria. Sucederon nunha vila de tamaño medio que podería ter sido Macondo, Ébora, Arcadia, Quintela do Pombal ou calquera que a vostedes, polas súas experiencias, lles deixaran no maxín unha pegada especial. Os artífices foron dous personaxes: Bouvard e Pécuchet. Dous homes entregados ás necesidades alleas e fieis defensores das causas nobres e xustas.

A vila onde vivían estaba fendida ao medio por un río caudaloso e rico que separaba á poboación da parte alta e á poboación da parte baixa. Un día os dous personaxes decidiron que a vila necesitaba unha ponte para unir ambas partes. Estudaron de xeito autodidacta uns aborrecidos atados de papeis sobre enxeñería de camiños, portos e canles, deseñaron, debuxaron, discutiron, pelexaron (entre si). Horas de insomnio, canseira, desazo, fastío. Fixeron un cursiño do Inem de construción de pontes, un cursiño de milleiros de horas, quitaron o carné de condutor de camións de grande tonelaxe, fixéronse oficiais de primeira en masa, cemento e formigón. E a

obra comezou. Teoría e práctica. Proxecto e resultado.

Bouvard e Pécuchet levaron un traballo difícil de asimilar por calquera humano medio. Emocionáronse, verteron no proxecto a súa ilusión, os seus novos coñecementos adquiridos e as súas bágoas. Estiveron a punto de acadar un par de rupturas conxugais e familiares por tanta absorbencia que lles produciu a encomenda... ate que anos máis tarde a parte alta da cidade e a parte baixa estiveron por fin unidas por medio dunha ponte sobria, concibida e fabricada exclusivamente por Bouvard e Pécuchet, pero inaugurada só polo inchado dirixente local do momento.

As xentes comezaron a facer uso indiscriminado da ponte; ora arriba ora abaixo, meténdose eles e elas, metendo carros tirados por bestas, vehículos grandes, pequenos e medianos, cheos de cousas servibles e inservibles, e servíndose dela ao cen por dez mil. Ningún dos seus usuarios e usuarias se parou nunca a pensar no ben que lles viña na vila unha ponte coma aquela; nin a considerar o terrible sacrificio que a obra supuxera para Bouvard e Pécuchet. Ninguén se acordou máis destes adáis do sacrificio mundano... até un tempo despois, cando os nosos dous aplicados e modélicos humanos levaban mortos anos e anos. A ponte non resistiu o envite dunha crecida do río (aínda que era menos caudaloso e rico que antes) e se veu abaixo, desaparecendo os

seus vestixios baixo as augas. Os oriúndos non tardaron en botar as súas linguas afiadas e proca-ces para criticar a mala construción que fixeran aqueles dous “desgraciados” cuxos nomes eran tan difíciles de pronunciar que se quedaron na categoría de “dous desgraciados”. Incluso se creou un «comité cidadán en favor da defensa dos dereitos pero non das obrigas dos eminentes e dignos habitantes da vila» para facer un contencioso en contra dos descendentes de... de... Bou...vard e Pé...cu...chet, hedonistas, todo sexa dito de paso, que, ante o descoloque que lles produciu a demanda, non paraban de dicir entre eles e en petit comité e completamente indefensos e chorosos: ¡qué mala es la gente! ¡qué mala es la gente!; uns descendentes que tamén fixeran uso da ponte a diario até o seu derrube de pura inclemencia meteorolóxica. Uns descendentes hedonistas aos que sempre lles custara honrar a memoria dos case heroes PÉCUCHET e BOUVARD. En fin.

P.D: o interpretador ousado e imparcial
poderá cambiar a palabra ponte por moitas ou-
tras cousas.

*Dedicado ao meu bo amigo Bruno Hernández del Río e ao seu “Catálogo de Referencias”.

*Un contacontos baseados
en feitos reais*

Semana 17-3-2008

A CEGUEIRA AMBIVALENTE

Estimados lectores, os avances tecnolóxicos permítenme o uso e emprego dos medios cibernéticos para pórme en contacto con vostedes. Chámome Petro Saramago, e non son parente do insigne escritor portugués, aínda que confeso que son seu máis fiel devoto seguidor grazas á miña fiel parella, que me le seus escritos a media voz e a cotío, e me facilita escoitar súas conferencias e disertacións.

Teño un problema físico que estimei unha virtude ate hai pouco; levo na vida case cincuenta veráns cos ollos do revés. Explícome: nacín cos ollos cara dentro da caveira, detrás dunhas pálpbras inútiles que selaron sos de puro inútil. Teño, polo tanto, unha cegueira de dúas valencias das que levaba a meirande parte do meu tempo vital coñecendo só unha delas. Medrei “mirando” sempre cara o interior da miña propia cabeza; o que supuxo de primeira man todas esas virtudes que vostedes poidan imaxinar: autocrítica, auto compaixón, auto comprensión, autonomía espiritual, e, en definitiva, todos os verbos que expresan virtudes, prefixados polo morfema “auto-”. Coñécínme antes de nada a min mesmo e iso deume pulo para afrontar con bo pe a socialización.

Pero co tempoño, coa esnaquizada copia da eternidade suspendida nas nosas accións, cheguei a descubrir a outra valencia, a soterrada, a subrepticia, a case ignota; a menos positiva e desexable: non son quen de ver o día, o sol, os paxaros, o firmamento, que describen os libros que me teñen referido. Descoñezo a virtude estética, non podo ter referencias visuais, non son quen de vivir cara fóra. Por esa sensata, sinxela e evidente razón que tardei tanto en topar. A vida interior non o é todo; nin moito menos a exterior, vaites. Compendiar ambos mundos nunha proporción maior do mundo interior é o “segredo” para facerse seres humanos. Non existe ren. Non.

Outra cousa é que, como humanos que somos, non nos interese ser seres humanos. Pois que mágoa. Unha verdadeira mágoa interior e exterior.

O cego de dúas valencias

Semana 24-3-2008

AS PÓLAS DE HORKHEIMER

A cotío recorro a Horkheimer ao falar con persoas que se senten desmotivadas nos seus traballos por topar con outras persoas coas que comparten o cadro de persoal «fulano e mengano non fan nada; non rañan bóla». O erro fatal, xa saben, é a “ética” reaccionaria do ollo por ollo, baseada en que canto menos fagan os outros menos farei eu tamén; comparable con roubar o que sexa ao ver que os de arredor están roubando o que sexa, matar a un asasino ou emprendela a labazadas no fútbol porque os outros a emprenderon a labazadas.

Horkheimer (xa falei desto nalgunha outra perspectiva) defendía, máis ou menos, a idea de que unha persoa soa non pode cambiar o mundo, pero co pouco que poida facer fará que os aspectos negativos do mundo sexan menos negativos. Chámase isto teoría da inutilidade necesaria. Era un filósofo reputado e xenial pero, se nos detemos a pensar un intre todos (ou unha maioría) poderíamos chegar a unha conclusión similar.

Penso que as pólas de Horkheimer están máis preto do que inicialmente nos dá por crer. Tendemos (eu inclúome) á negatividade; a ser pesimistas antes que optimistas pero, por moi mal que “as cousas” estean, que a todos nos

consta que non andan ben, hai que recoñecer que todo podería estar moitísimo peor. Non. Non é a hora de establecer comparacións odiosas, pois cada parte do mundo ten que seguir seus pasos evolutivos, é tempo de establecer un exemplo: imaxinemos que visitamos unha maqueta a escala, extensísima e chea de detalles, na que se ve un tren eléctrico facendo un percorrido, parando, volvendo a andar e botando fume inmiscíndose nunha serie inxente de recunchos e recantiños. Pois, se fixéramos un corte no que se ve desa maqueta veríamos un oco ateigado cun complexo intricado de cables e conexións que fan que o cachifallo funcione. Pois a nosa sociedade é algo similar. Na sombra hai adoradores inconscientes (ou non) de Horkheimer, traballando a esgalla e facendo que os “protestóns” teñamos comida, bebida, calor e protección. Que sí, señores e señoras, que si. A cousa está mal pero, grazas a algúns, non tanto.

*O macaco dunha das
pólas de Horkheimer*

FILOSOFÍA DA IDADE

Saúdos, dispares humanidades, son un vello que aprendeu onte a facer uso do medio cibernético, un vellote na antesala ao pasamento cunhas dúbidas esenciais. Dubido porque pasei toda miña existencia defendendo a idea de que era agnóstico; fun un sofista que dicía que non podemos subscribir a existencia de ningún deus e que tampouco podemos subscribir a non existencia de ningún deus. Defendendo o relativismo rendendo case tributo á memoria de Protágoras. Todo era relativo. O home era a medida de todas as cousas. As cousas son da cor do cristal co que as miremos. Defendín con estas ideas unha esaxerada e falsa hipóstase; tendo o meu ser como verdadeiro, como algo real, como a verdadeira realidade. A miña sustancia individual concreta era agnóstica. Tamén me embargou anos e anos, tempo e tempo, fragmentos escangallados de eternidade, o solipsismo; pensando que só existía eu, que do único do que podemos estar seguros é da existencia da nosa propia mente e a realidade que aparentemente nos arrodea é incognoscible e pode non ser máis ca parte dos estados mentais do propio “eu”; de min propio, de min mesmo.

Hipóteses audaces estas acompañadas de saúde e de xuventude non son o mesmo; lévan-

nos polas fragas da irrealidade e enfocan en col da nosa percepción pedestre unhas perspectivas estrañas. Por qué? porque agora, cando meu corpo testemuñou máis de noventa xiros de translación terrestre, comprobo que a “miña” teoría agnóstica de sempre está falsada pois a relatividade; o que as cousas poidan existir e poidan non existir, non é válido porque se a ética depende da persoa que xulgue, implicaría que se as cousas son para unhas persoas boas e para outras malas, as cousas serían boas e malas ao mesmo tempo, e habería unha incongruencia; un paradoxo. “Miña” subscrición sofista pretérita implicaría que calquera deus de calquera relixión existe e non existe ao mesmo tempo. Como teño logo que gramar isto agora que miña vida finou? que meu tempo de estadía is over?

Alexandre Osorio

Semana 7-4-2008

NON VEN DADO, DÁSE COS PASOS DADOS

Este título case críptico responde a un debate suscitado sobre a intelixencia das novas xeracións de seres humanos que poboamos esta mandarina xigante. Nun programa de radio iluminado uns locutores iluminados ousaron dicir que o oitenta por cento dos nenos e as nenas que nacen nestas novas xeración son nenos “Índigo”. Unha denominación un tanto mística que mete as puntas dos pes no pantano da ciencia ficción. Uns nenos estes cunhas características físicas peculiares: rangos afiados, esveltos, cabelo claro e ollos azuis e intelixencia portentosa; chamados “Índigo” por emitir unha áurea invisible (¡!) desacor. Como ven toda unha explicación rocambolesca xurdida ao abeiro da publicación dun libro nos comezos da década dos oitenta do século XX por parte dunha psicóloga americana tamén iluminada; unha explicación da altura intelectual dos nenos e nenas das novas xeracións. Houbo incluso quen viu na chispa dos nenos e nenas novos unha conspiración interplanetaria... que eu puiden ver ao pe da letra en dúas películas baseadas nunha novela moi anterior ao “descubrimento” desa señora: Los cucos de Midwich, por John Wyndham (década dos 60); traducida do inglés

por Barbara McShane e Patrick Alfaya McShane. Madrid: Acento, 1997. (Club; 6). Traducción de: The Midwich Cuckoos. Baixemos os pés á terra, tirémolos da auga da ciencia ficción e sexamos algo máis sensatos.

Outros sectores achacan ese incremento na capacidade intelectual dos nosos nenos e nenas á teoría da evolución de Darwin, sostendo que por selección natural os xenes dos nosos púberes veñen reforzados de nacemento en función da futura vida tecnolóxica e complicada que lles agarda. O que nos fai chegar á conclusión; o que me fai chegar a concluír a min, mudo de atalaia, que hai moitos menos escritores de ciencia ficción dos que podería haber. Non descreo da teoría da evolución de Darwin pero suponse (sentidiño común en riste) que opera a moitísimo máis longo prazo, e non a vinte anos vista.

É indubidable que os nosos nenos son moito máis espelidos que hai trinta anos, pero nese incremento intelectual inflúen factores sociais principalmente, non tanto científicos nin moito menos rocambolescos. A vida nos anos setenta en España tiña resaca dun goberno represor frustrador que produciu familias maiormente conformes e submisas sen ambición intelectual. Os nosos pais casaron moi novos e con escasos coñecementos pedagóxicos, reducíndose estes aos valores tradicionais reaccionarios (en grande parte dos casos), se a isto sumamos un período histórico previo a unha transición democrática e

con desenvolvemento cultural nulo e económico precario, explica que os que hoxe somos trintaañeiros crecemos cos estímulos do Scalextric, a Nancy, o Cinexin, o coche fantástico, e pouco máis, en detrimento ao rápido avance tecnolóxico e social que envolve aos meniños destas novas xeracións. Non ven dado, senón que é consecuencia dos pasos que se van dando. Ou non? Da para debate.

O mudo de atalaia

Semana 14-4-2008

BOVARISMO

Nestes días cando comeza un abril máis, e coa inminente publicación da novela de Xosé Carlos Caneiro “A nova vida de Madame Bovary” volvín a Flaubert e á súa maxistral “Madame Bovary”, novela controvertida publicada no 1857 á que algúns entendidos colgan a etiqueta de “Precursora do realismo”. A obra, que viviu ignota uns seis anos dende á súa concepción á súa difusión pública, causou a polémica en Francia por atentar contra a suposta moral que na época se supuña que tiña que primar na humanidade por riba de outras morais.

Hoxe, suposto ano 2008 da suposta era moderna, a relectura levoume a un psiquiatra escritor chamado Carlos Castilla del Pino e a unha cita que percute unha marimba case máxica no interior da miña cabeza de personaxe literario da realidade: «Os personaxes novelescos constitúen o mellor vehículo para coñecer ás persoas; eles se abren moito máis intensamente que calquera individuo que tratamos a diario.» e ocorre este feito porque vexo todos os días e a todas horas Madames Bovarys ao meu redor. Non, non pensen que len o manuscrito dun esquizoide.

Explícome: Madame Bovary presenta constantemente un estado de perenne insatisfacción.

Supón esa clase de persoas que non se conforman con nada, ou que se frustran constantemente ante calquera movemento do sino. Forma parte dese grupo de persoas que lles parece mal que fagas e tamén lles parece mal que non fagas; que deixes a porta aberta porque entra o frío e que a deixes pechada porque vai facer moita calor. Pero teñamos en conta que Madame Bovary ten ao seu favor o romanticismo ensoñador literario proporcionado polos centos de libros que leu, cousa que, lamentablemente, non lles ocorre aos Bovarys do século XXI, que senten fastío porque senten fastío, porque se lles deu todo, porque non teñen ilusión por nada ou porque foron criados nun inesgotable pozo de frustración. Pensémolo. Miremos en derredor a ver cantos Bovarys poderíamos contabilizar.

Fixémonos até que punto é importante o tándem formado por Gustave Flaubert e por Carlos Castilla del pino que o bovarismo forma parte dos dicionarios de psicoloxía ao estar catalogado como unha certa doenza mental. Na wikipedia de internet podemos ler o seguinte:

Enténdese por bovarismo o estado de insatisfacción crónica dunha persoa, producido polo contraste entre as súas ilusións e aspiracións (a miúdo desproporcionadas respecto das súas propias posibilidades) e a realidade, que adoita frustralas. O termo procede da novela Madame Bovary de Gustave Flaubert, en concreto da figura da súa protagonista, Emma Bovary, que se con-

verteu no prototipo da insatisfacción conxugal. Aínda que o termo bovarismo non está recollido no Dicionario da Real Academia Española ten un uso relativamente frecuente e figura en dicionarios de Psicoloxía.

Frustrémonos con motivo, perdamos o apelido Bovary, PERO CONSERVEMOS A ESENCIA LITERARIA ROMÁNTICA. Ou non? Fainos falta cohabitar con Bovarys?

Un personaxe literario do plano da realidade

Semana 21-4-2008

A VIDA DO LIBRO

Onte día do libro, conmemoración do nacemento do libro e non cabo de ano da súa defunción, penso nos centos de milleiros de millares de volumes que poboan andeis de outras tantas estancias do pasado, do presente e do “sempre”; libros que son vidas que berran silentes necesidades de transcendencia, estampados en sucesivas paradas da liña do tempo. Paradas que chaman á idea de Borges que defendía que a morte é case exclusividade dos habitantes do pasado, perdendo a noción de que o presente se transforma en pasado cortando outra vez a corda que reprime o resorte do dispositivo do retorno eterno; da volta ás mesmas cousas mesmas humanas.

Libros, que nos acougan antes da chegada dunha apocalipse impuntual que difaman os “periodistas” amarelos que nunca foron quen de consagrarse na información de lei. Libros por riba do mal e do ben, libros poeirentos testemuño das mañas dos supremos facedores. Libros que abren inconmensurables abanos de dimensións, e dentro de cada unha desas dimensións outros abanos de perspectivas. Libros que envorcan encol da nosa expectativa a utopía dunha existencia de humanos ben levados, conciliados e

absolutamente coordinados. Libros que inxectan as necesidades de crer. De crer en vostedes, de crer en min, de crer os uns nos outros e, unha vez acadado isto, inxectan a necesidade metafísica de crer; de crer de xeito metafísico. Libros.

Libros todos e sempre ao abeiro dunha petición: un día do libro? non, mellor unha vida do libro. O libro na vida e para a vida. A vida do libro.

*O INXENUO E INCANSABLE
CELEBRADOR
DE TRESCENTOS SESENTA E CINCO
DÍAS DO LIBRO ANUAIS*

DAS IDEAS

Desacouga o obxectivo da literatura “de verdade”; a literatura do dogma literario que se comprace e se expresa e se enche nos concursos literarios. A literatura “con música” de prosa ben levada e ben soante, feita a modiño, ben e a conciencia, que dixera Cunqueiro. A literatura das ideas queda como rareza para os descendentes post mortem do escritor das ideas. Pois a literatura que literaturiza as ideas, a que profunda e aporta cargas filosóficas e ultra semánticas non se estila abondo e aprézase máis fóra que dentro, como dixera Antón Risco, que morreu deixando dúcias de gabetas cheas de manuscritos de novelas das ideas. Que idea! a quen se lle conte primar as ideas sobre a estética! Pois por que non!

A risco de ser increpado defendo a novela das ideas dun Risco que morreu sendo adaíl das ideas na literatura e que agora despois de morto se consagra como grande escritor da literatura galega. Que mágoa. Defendo a novela das ideas do fillo de Vicente Risco, Antón, que houbo de finar para ver todas esas novelas publicadas paulatinamente. Cousas do sino, ou da cultura, ou da incultura, ou paradoxos do ser e do estar. Ou da expresión dos mundos de dentro de cada quen que expresa e sente Que lles parece?.

O defensor da novela das ideas

Semana 5-5-2008

SALVACIÓN OU O LASTRE DA COMPAÑA

Corro o risco de ser criticado por non posuír tras a mesa na que perpetro estas perspectivas ningún diploma-loureiro relativo á psicoloxía, socioloxía, nin a calquera outra disciplina que trate ou regule, ou trate e regule a arte das relacións humanas das mulleres cos homes a través dos enlaces chamados matrimonios. Pero tráto-me eu dun profano, un profano observador que ve como ven de vello a confusión entre o amor e a pulsión sexual. Iso é aval abondo.

Curioso é atoparse hoxe, suposto ano dous mil e pico desta era que nos contextualiza, vestixios de matrimonios dos anos sesenta que casaron por un procedemento de inercia engrenado por o fluído da vergoña social que “supuña” entón ter vintecinco anos de idade e non casar. Tales parellas enlazaban sen compartir afinidades, desexos, desacougos nin moitísimo menos fluídos corporais, e xa non digamos palabras... palabras. Como moito unha pulsión sexual que, como sabe calquera que observe, esvaece conforme avanta o tempinho.

Todo vivido nun silencio terrible e nunha falta de diálogo que se maquillaba coa chegada dos fillos: tres, catro ou cinco e, xeralmente, froi-

to desa sexual pulsión que os uniu (cando non froito dun interese económico. Imos confiar que nos sesenta xa non se estilaba esa práctica) e que fixo destes fillos unhas ansiadas e imprescindibles balsas de salvación; de falsa salvación. Recorrendo sempre a eles, a eses fillos, porque a súa inercia matrimonial non deu, da nin dará para máis, pois só coñece unha deriva de rutina. Insatisfacción, soidade de dous, illamento. Sociedade. Mundo occidental.

Agardemos que nós e nosos fillos e fillas, co advenemento da segunda e da terceira xeración sexamos abondo reflexivos para saber o que queremos e evitarmos esas angustias malditas. Malditas. Raciocinio primeiro paso cara a auténtica salvación. Ou non? Pensan que é complicado de máis? Son para vostedes un ditador de sentencias subxectivísimas? Cren que aínda estamos imbuídos dos prexuízos das xeracións pasadas? Que pensan? Gustaríame coñecer máis perspectivas, as de vostedes.

Un profano observador

Semana 12-5-2008

ANTIÉTICA

Preámbulo: O que inicialmente parece unha digresión sobre ética convértese en denuncia que exalta ao máis común dos sentidos. Sigán a ler e compróbeno. Viviremos nunha sociedade de oportunistas?

Neste mundo mandarinoformo subxectivo, a subxectividade presente en todos os ámbitos, disciplinas e institucións, tende a ser confundida con relativismo, cousa que non interesa, pois o relativismo nega calquera ética posible defendendo as cousas boas e malas ao mesmo tempo, e iso sería un paradoxo. Neste mundo de aquí, occidental, subxectivo, vemos que no foco da confusión os espelidos -ignorando os termos subxectividade e relativismo- tentan sacar tallada das circunstancias en todo intre, vivindo todos, dun xeito ignorante, un relativismo que abafa.

O que é malo para min pode ser bo para ti e viceversa: un comerciante decide repentinamente, dun día para o outro, subir os prezos dos seus artigos, decisión pola que amoreará un caudal importante nunha tempada, pero nesa mesma tempada varias persoas serán sometidas a unha inflación súbita que os deixará fríos emocional e economicamente. Entraría aquí en funcionamento a frase aquela de barato que iniciou Protágo-

ras, que continuou Campoamor, e que se desvirtuou grazas ao seu paso sucesivo polas conversas de taberna: as cousas son da cor do cristal co que as miremos. Si. O cristal do comerciante dista moitísimo de asemellarse ao cristal do cliente.

Se o que é malo para min e bo para ti suponse que a solución da concordia debería estar de man do que leva a parte boa. Debería mirarse este e preguntarse por que. Por que isto que tanto me beneficia está a prexudicar a outros. Lamentablemente poucos, moi poucos se deteñen a “perder o tempo” nestes mesteres de autocrítica e razón. Non creo eu, por exemplo, que aos donos do aparcadoiro que está situado nunha beira do Complexo Hospitalario Ourenán Cristal Piñor lles tire o sono (nin lles trema o pulso) ao cobrarnos un euro con oitenta céntimos por ter o coche aparcado menos de media hora, cando o motivo de que haxa persoas que teñen necesidade de aparcar seus vehículos alí non é outro que interesarse pola saúde de outras persoas, cando non pola deles mesmos. É abafante, é un insulto, é unha vergoña que a palabra ética quede perdida na espesura dunha fraga que nin saben que existe. E supoño que as responsabilidades éticas non se quedarán só neses listos negociantes. A que non?

Un ente... ético?

Semana 19-5-2008

PARALELOS*

Unha hipótese metafísica defende a existencia de múltiples planos superpostos ao plano da realidade no que nos movemos e que perciben nosos sentidos. Outra hipótese cuántica “ve” eses planos como existencia de universos paralelos confluindo co universo noso, cruzándose e movéndose no mesmo nivel de tempo pero diferente de espazo. Multiversos, teoría de cordas, física cuántica... esoterismo para o que subscribe. Sempre que escoito falar desto lembro o principio da navalla de Ockham que, como saben, fai referencia a un tipo de razoamento baseado nunha premisa moi simple: en igualdade de condicións a solución máis sinxela é probablemente a correcta. O postulado é que «Non ha de presumirse a existencia de máis cousas que as absolutamente necesarias». Pois iso, noso universo e o plano que perciben os nosos sentidos debería ser o que nos importa e co que nos quedemos.

Sen embargo, empirismo aparte, si podo testemuñar a existencia dunha sorte de universo que discorre paralelo ao noso e no que viven uns seres diminutos que nos debuxan sorrisos nos beizos e ledicias no interior, que nos fan esquecer xenreiras, que sempre asinan todo ensinando

seus primeiriños dentes desiguais. Refírome, claro, á infancia; ese existir paralelo e máxico onde as realidades son máis doadas e entusiastas do que calquera humano adulto eslamiado poida nunca imaxinar. O plano das nenas e dos nenos, o plano da infancia, o plano onde todo se positiva. O plano dos xogos, da creatividade e do optimismo exacerbado, o plano real, o de verdade, o universo onde os crus conflitos mundiais non existen, onde nós somos xigantes bondadosos ou galopíns (bondadosos), onde non pasa o tempo pola sinxela razón de que non se concibe esa noción tan aborrecida, onde todo é expresivo de puro cor, onde se soña con piratas, con tesouros, con dragóns de plástico vivo de mil xeitos, cores sólidas, expresionismo, infancia, que marabilla.

Sei que a creatividade exacerbada é un vestixio dunha infancia feliz e que no mundo aséptico dos adultos non casa moi ben andar a transitar ao universo da infancia. Pero e que se está tan ben... probaron? imaxinen con eles e elas dragóns voadores que amorean ovos de fantasía, imaxinen logo illas de caramelo onde se funden os degoros máis silandeiros destas mentalidades de ilusión. Imaxinen agora con e para eles o inimaxinable. Xa terán tempo, ao chegaren ao final do corredor da adolescencia, de descubrir o universo principal, o que reafirma o señor Ockham, o gris, o burocrático o do sustento fiscalizador, o que se ensina descarado e frío a través das xanelas do

segmento que vai da idade adulta á senectude.

*Dedicado á chegada de Sara Bóveda aos universos.

*O habitante da ucheira
entre dous universos*

Semana 26-5-2008

CONTRASTES NUN PAÍS DO PLANETA MANDARINA

Nesta semana de maio do suposto ano 2008 (non nos imos complicar a existencia facendo cábalas sobre o ano verdadeiro no que vivimos), chamáronme a atención dous episodios sociais, dous contrastes que aparentemente non contrastan entre si, pero cara o final desta perspectiva xa verán como algo se relacionan.

O primeiro episodio é de dominio público e a todas “luces” se ve, pero non se analiza até que suceden desastres ominosos froito dese contraste, logo analizámolo mal, deixámonos levar polo noso instinto e convertémonos en touros dispostos a escornar: En plena era das tecnoloxías; era na que unha rede de redes a nivel mundial sustentada en milleiros de bases de datos que todo o controlan (sobre todo o que teña que ver co diñeiro) vivimos en España cun sistema xudicial decimonónico. Un sistema xudicial que bota ás rúas deseguida a seres que supoñen perigo público. Hai programas informáticos que xestionan clientes cando o pecuniario anda polo medio mais os procesos xudiciais se xestionan ao estilo Pedro Picapedra. Primeiro contraste. E como comprobei o outro día non contrasta só a xustiza coa banca en canto a xestión interna: senón

pregúntense por que o noso DNI é sofisticado, robótico, dixital, total, e o noso libro de familia parece estar caligrafado por Gustavo Adolfo Bécquer. Non sigamos a buscar contrastes deste social episodio, que todos sabemos que para a maioría é máis importante gañar diñeiro que impartir xustiza. Pasemos ao segundo.

O segundo episodio social que me chamou a atención esta semana é dilatado até o fastío e ven de vello. Este segundo contraste é a perpetuidade nos medios de comunicación da prensa amarela, mal informada, pseudocientífica, de demencia, que postulan os vendedores de misterios, de miserias alleas e de cotilleos que tanto gustan, sen caer por un intre en que nos están tomando o pelo ate extremos hiperbólicos. As caras de Bélmez (ou os caras de Bélmez), alerta ovni, Anna Oregón, Psicofonías en Belchite, Glamour en Cannes... escudándose os charlatáns en que debemos ser nós os que tiremos nosas propias conclusións, que temos dereito a estarmos informados, cando está demostrado que toda esa borralla que nos amosan está cento e mil veces manipulada. Publican libros con andrómenas e investigacións propias de Mortadelo e Filemón, “estudios” de infiltración nas mansións dos famosos... saen en programas, limpos e cos cabelos brillantes, pero están sentados e así non percibimos que levan a zona anal sen limpar. É igual, o caso é que sempre haberá hordas de seguidores supersticiosos e parvos que, pasando o

sentido crítico por sabe “deus” onde, os defenden con fereza, constatando para os que nos molestamos por empregar o sexto sentido (o común) a explicación de que o aparato eclesiástico católico siga montado tal e como leva montado dende tempos do emperador Constantino.

E vostedes dirán: onde está o contraste neste segundo episodio social???? Pois é evidente. Na sociedade empírica e racional e científica do novo milenio, cando nunca as humanidades estiveron tan deostadas en favor -iso din- das ciencias positivas, tragamos vía televisión refritos a medio cocer sobre “investigación” parapsicolóxica, emisións de morbo esaxerado con sangue e carne de por medio, éxito Express, ou fondura literaria a la manera de Ana Rosa Quintano. E que ten que ver o segundo contraste social co primeiro contraste social? A prensa falaz coa infraestrutura xudicial? Pois si, iso que están a pensar: o diñeiro. Non nos soemos conformar con que nos chegue para vivir, vivimos para amorealo deixando moitas veces nunha beira o rigor, o celo profesional, a ética e a esas palabras relativas a un compromiso que non teña que ver con gañar cartos. Ai!

*Un lego adorador
Do sentido crítico*

Semana 2-6-2008

A PANACEA DA CONCORDIA LAICISMO/RELIXIOSIDADE

A concordia en calquera ámbito é unha sorte de medicamento que se tende a confundir coa hipocrisía. Pero a concordia consiste en concordar cos foros interiores acougados, senón, se se concorda cos foros interiores fervendo, corremos o risco de aproveitar un mínimo momento de tumulto para desatar as feras que en realidade se reprimen coa hipocrisía.

Como medicamento que podería ser, levaría un prospecto que podería dicir máis o menos o seguinte:

POSOLOXÍA:

- Empregue as relixións como bálsamo na incerteza deste mundo de vidas finitas, que de traballar en prolongar esa brevidade xa se encargarán a ciencia e os científicos. Pero, por favor, non lles poña atrancos.

- Os escépticos e aláteres non deben ir en contra dos que empregan a relixión como bálsamo, pero estes tampouco deberían interferir no devir dos outros. Tampouco se trata de rivalizar coma se fosemos os tigres e os leóns (todos que ren ser os campións) de Torrebruno. Nin o Barça e o Madrid, nin sequera o PP e o PSOE, nin moito menos caer no erro de adscribirse á biblia

e ir en contra dos adscritos a A orixe das especies de Darwin. Nin viceversa.

- Empregue a relixión no seu foro interior, pero non se beneficie das gadoupas da institución e se esta se pretende beneficiar de vostede, reacción.

- Teña fe no mundo ultraterreo, pero tamén nos que non teñen súa fe, nos obcecados noutras ídoles ou relixións ou confrarías ou pólas da súa relixión maioritaria.

- Non defenda seu único modelo familiar. Deixe fluir. Respecte ás persoas que están concibidas para amar a quen queiran, ou que estean con quen queiran e fagan uso (e non abuso) do mecanismo do goce sempre e cando non obri-guen a outras persoas a quebrar súa vontade.

- Viva e deixe vivir. En caso contrario vos-tede pode producir fastío.

Outro descubridor da pólvora

Semana 9-6-2008

PENTIMENTO LITERARIO MENTRES CHOCAN OS HUMANOS

Pentimento é un termo que seguro coñecen os versados na arte de pintar cadros. Prodúcese cando se entrevén nunha obra pictórica certas liñas que indican que, inicialmente, o cadro ía por outro camiño. Algúns pentimenti pódense percibir a simple vista e outros con técnicas máis complexas que implican o uso de raios X. Gracias aos pentimenti podemos pescudar a intencionalidade primeiriña dos artistas no intre de legar á humanidade súas obras de creación a través dos esbozos primixenios entrevistados nos lenzos.

Non é doado, pero quero pensar que pode existir o pentimento literario; xa non até o punto preciso de percibir unha intencionalidade diferente do xeito que apunte a obra literaria, senón quedando co concepto inicial de pentimento: descubrir ALGO baixo o que se nos amosa diante dos ollos. Sabendo que podemos descubrir cousas nefastas ou marabillas existenciais, cobra vida entón o aliciente de saber recoñecer uns libros pentimento doutros libros pentimento.

Hai libros pentimento que nos cospen unha divertida historia de evasión mellor ou peor redactada na que é subxacente o interese do autor

por “vender” a anécdota e amorear máis e máis cartos. Ese libro non soe interesar aos lectores que se prezan de selo, que viven por e para a literatura, os verdadeiros lectores dos que falara o mestre Borges. Pero hai libros pentimento que amosan unha mellor ou peor redacción e tenden á nula trama porque toda súa espesura de prosa se concentra nunha obsesión, nun leit motiv, nunha vía de fuxida: a liberdade, o desacougo, a insatisfacción, a esperanza... na que é subxacente a intención do autor por facerse “persoa”, por subir o penúltimo chanzo da consagración humana, por consagrarse como ser. Son os libros estes os que interesan a eses verdadeiros lectores. A eses...

Humano ante un cadro

A CONSAGRACIÓN DO ESCRITOR

O escritor vive perennemente no penúltimo chanzo dunha escaleira que non conduce a ningures, pois sempre haberá un penúltimo chanzo. Cando o escritor acade a subida ao seguinte chanzo atoparase de novo nun penúltimo chanzo cara unha virtual consagración definitiva, total e humana. Pero como? pero con quen? O como xa se reflectiu; subindo paseniño e con xeito a esca-da máxica do avance na sabedoría e o reflexo literario, o con quen xa depende das pretensións do que se prece de escribir, ou de ser escritor, ou de ser considerado escritor, e podemos distinguir tres vieiros fundamentalmente:

a) Consagración cun público múltiple e variado

b) Consagración cuns editores espelidos e, consecuentemente, cuns libeiros de estada a pe de obra e a pé de pista libreira.

c) Consagración consigo mesmo, consagración propia, persoal, balsámica, terapéutica, introspectiva... case privada, inxenua, romántica, necesaria.

O escritor que escolla este último vieiro corre o risco de deixar súas propulsións literarias nun réxime privado, pero quizais -e tendo e conta o que pende ao redor nesta sociedade de mun-

do mandarina- sexa o camiño mais axeitado. Ou non? Que opinan vostedes ao respecto? Que escriban os que escriben. Non esquezan que hai un foro neste Fotomatón de posturas de pensamento. Fágano (ou non).

*Un posible habitante inconsagrado
do penúltimo chanzo.*

Semana 23-6-2008

CÍCLOPES

Ía escribir nesta semana dos albores dun verán novo sobre aqueles individuos e individuos aos que non lles importa asoballar aos seus conxéneres con tal de acadar o benestar para eles mesmos e os seus amiguitos. Pero non escribirei sobre iso, pois zumega tan indesexable mesquindade que non o fai un tema propicio para O Fotomatón, onde todo é diversión, harmonía, fanfarra, pureza e troula [o escritor mira para o aire e asubía]. Non falarei dos rémoras infaustos dun sistema acomodaticio, aínda que o destro lector da entreliña se poida decatarse de que pode ser case un tema recorrente nesta sección que lles cospe semanalmente pensamentos e literatura.

Falemos entón doutra cousa aparentemente distinta -aínda que quizabes anexa aos te/piso/y/me/pongo/yo - chamada pueril e ominoso monstro da envexa. Que medo! pois si, como para telo. É terrible, hai que poñerse a tremer cando fai súa aparición inzando súas gadoupas repugnantes e bambeándose torpe: Envexa é seu nome. Pero que clase de monstro é? Monstro creado cal Frankenstein ou prometeo moderno? Cal Golem? Cal Míster Hyde? Non. Máis ben digamos que monstro increado habitante dos sectores recónditos das nosas estruturas de

pensamento, pero que só se invoca cando as persoas carecen de recursos (quizais por falta de estimulación e/ou malos hábitos temperás) para autodeterminarse como seres humanos e antepoñer aos estúpidos obxectos e situacións envexadas as cousas que de verdade importan. Cousas que non lembrarei para non parecerlles un insulso romántico entusiasta parviño. Lonxe da miña intención.

Deixémolo durmir, coma se dun ciclope Polifemo se tratase, que do contrario é complicadísimo de dominar. Que si. Agora ben. Se o invoca non se lle ocorra poñerse a chorar diante do monstro que creou vostede mesmo. Home vai!

O home que besbellaba aos ciclopes

Semana 30-6-2008

DIFUSIÓN HUMANA

Vendo un telexornal o outro día abraioume (arre demo miña inxenuidade!) a emisión dunhas imaxes tomadas por unha das cámaras de vixilancia de rúa nunha de tantas cidades americanas. O dispositivo recollía, nunha mañá de sol e xentío, o intre no que un vehículo atropelaba a un ancián nunha rúa concorrida. Este caía violentamente no medio do asfalto coma un boneco e, nin o condutor implicado, nin calquera outro condutor, nin ningún peón testemuña do accidente, se achegou ao ferido ate uns agonizantes e longos minutos.

Aquela frialdade case criminal, que se repite máis do desexable, lembroume un caso similar que lera nun libro de psicoloxía, o caso Kitty Genovese. O 13 de marzo de 1964 a moza traballadora Catherine Kitty Genovese foi asasinada á beira da súa casa en Nova York. Un crime bastante rutineiro, se non fose porque o asasinato durou máis de media hora. Kitty berraba e pedía axuda, mentres se movía apuñalada dunha porta á outra, e o asasino volvía unha e outra vez ata que lle deu o golpe final. Todo ante a vista de trinta e cinco veciños que observaron pola xanela e non fixeron NADA.

Ás veces axudamos ás persoas e outras veces non. Por que sucede isto? A hipótese psicolóxica “oficial”, segundo Bibb Latané e Jhon Darley, xoga cun termo chamado DIFUSIÓN DA RESPONSABILIDADE, considerando que cando unha persoa é testemuña dunha situación de emerxencia, levar a cabo unha conduta de axuda depende dunha serie de decisións. Da simpatía estética que lle produza a persoa en apuros, do número de persoas que observen (pois uns tenden a pensar que “xa irá outro”), do custo físico que lle vai supoñer á persoa prestar esa axuda, etcétera.

Logo está a hipótese “apócrifa” ousada, a deste que subscribe, que consiste en introducir temas de psicoloxía nos currículos escolares a partires dunha idade prudente da secundaria. Para que os humanos responsables en cernes coñezan os casos cos que se poden topar na vida e xogar con vantaxe. Pois supoño que agora vostede, lector internauta, unha vez que leu o caso de Kitty Genovese, tomará outro tipo de cartas cando se atope nunha situación similar. Ou non?

Tamén se debería aplicar non só a psicoloxía senón tamén á literatura á filosofía e á ética. E non se debería de limitar aos últimos cursos da Secundaria senón estenderse á universidade e á formación profesional. O ninguneo ás humanidades debería de acabar se quixeramos tratar con persoas máis humanas. Opino (quizais inxenuamente) que calquera programa de estudos, tanto

técnicos, como científicos, debería estar impregnado dun xeito ecléctico de disciplinas que desenvolvan o pensar. Porque o DECIDIR está dentro dese PENSAR. Que opinan? Sería demasiado utópico? Lembren que existe un foro nesta web.

Un psicólogo apócrifo

Semana 7-7-2008

O ESPELLO ANTE A INTELIXENCIA FRACASADA

Escribín nalgunha ocasión sobre o aproveitado libro *A intelixencia fracasada*. Teoría e práctica da estupidez, un ensaio do filósofo Xosé Antonio Mariña sobre como a intelixencia fracasa no seu labor. O autor non fala da intelixencia cognitiva como tal, a cal adoita estar predefinida xeneticamente, senón de como esta, malia ser abundante nun individuo, erra por tomar decisións equivocadas ou pola inoportuna falta de acción.

Así vemos -exemplos a milleiros- como unha persoa moi aproveitada intelectualmente bota súa vida polo váter por tomar unha decisión de Perogrullo. Ou como persoas cunha valía académica grande, ocupando postos en sistemas de ensino superiores, perden os porcos (se se me consinte a expresión) cando teñen que enfrontarse a algo tan “doado” como a socialización. Ou como grandes teóricos en calquera disciplina non subscriben para si mesmos os exemplos que postulan...

Moi curiosas certas actitudes, abofé que si, pero o que probablemente non sabía Xosé Antonio Marina cando escribiu o libro (ou si, pero o caso é buscar cóxegas), é que as intelixencias

fracasadas cohabitan en contrapunto con outro tipo de “intelixencias”. Son as “intelixencias” que se ven cando as intelixencias fracasadas se reflicten nos espellos das sociedades. Que se reflectirá nes espellos? Imaxes especulares de intelixencias fracasadas? Non. A intelixencia fracasada situada ante un espello recibe a imaxe dunha ESTUPIDEZ EXITOSA. Que si. Que opinan?

PD: a imaxe de espello da estupidez exitosa é, novamente, a intelixencia fracasada.

Un habitante do limbo intelectual

Semana 14-7-2008

DERROCANDO AO TALIÓN

A convivencia social, este incesante movemento entre a casualidade e as consecuencias lóxicas, fainos actuar de acordo cunha lei moral mellor ou peor elaborada dependendo da disposición dos mobles das nosas cabezas; foros interiores refrescados polo cristalino pantano da razón. A razón. Cantas veces, cando escoitamos Teño razón! dubidamos mentalmente sen dicir ren, ou cando escoitamos: só quero que me dea a razón! pensamos: que máis quixera eu, meu meniño, co que che compre...

A escaseza de razón quizais converta unha lei moral, desexablemente elaborada e digna dunha esencia humana, nunha binaria e pedestre Lei do Talión (xa saben, a do ollo por ollo...) non só atribuíble ao pagamento polas malas accións senón polas rutinas máis costumistas do engraxe social, sen máis. A saber: non saúden ao veciño que verán o que terán, inviten unha vez a café e verán como lles será devolto o convite, ben, neste exemplo non me quixera comprometer, vouno redactar doutro xeito: Deixen de invitar a café cando lles toque, dentro dunha dinámica de cafés nun grupo de persoas, e verán o que terán.

En realidade non é tan sorprendente nin denunciante este actuar, e entendo que moitos o defendan, pero este humilde “engrenador” mental pensa que deberíamos elaborar máis as nosas leis morais, cadrándoas do mellor xeito coas leis universais (as da xustiza mellor non mencionálas), pero nunca “devolvendo” automaticamente tras medir o que se nos tivo feito, xa sexa positivo ou negativo para nós. Pois todo ten centos de lecturas que subxacen: Que non nos saudaron porque quizabes temían unha conversa na que non sabían que dicir, que non nos convidaron a unha cervexa porque non cadrou, que se ese primo Ataúlfo de Argamasilla, co que nos levamos tan mal, non nos convidou á comuñón do seu fillo Paquito deberíamos sentirnos contentos porque, en realidade, non queríamos ir, e non optar por alimentar o rancor xa existente conxurando demos porque non fomos convidados.

Elaboración. Require dunha elaboración. Agora, como se elabora nosa lei moral? supoño que ten unha parte innata que ven posta en nós e unha parte adquirida con educación e lecturas. O método de proceder déixoo no aire pois, como escribín hai unhas liñas, non son máis ca un humilde “engrenador” mental.

PD: Se me ve pola rúa saúdeme igual, aínda que non teña nada de que falar comigo.

O engrenador mental

Semana 28-7- 2008

SÍSIFO PENITENTE

**ou a ameaza dos libros-voitre
dos homes e mulleres CACA**

Nota previa: Jorge Emilio Bóveda non é quen de xulgar a obra de outros escritores e non gusta de facer afirmacións subxectivas sobre eles. Pero Sísifo Penitente si que é quen de facelo, porque sofre con determinadas prácticas e pensa que ten unha misión...

Circunstancias persoais leváronme a visitar dúas feiras do libro: a de Cangas, e a de libros antigos e de segunda man de Vigo, para recomprobar (volver a comprobar) que son eu un Sísifo penitente irredento, pois, salvo excelencias minoritarias excepcionais, se segue a estilar no mercado da suposta intelectualidade a non intelectualidade. A meirande parte da minoría que le libros de xeito autónomo segue embebida en códigos, conspiracións, piares, enigmas e esquemas de doado consumo, agora máis ca en ningunha outra tempada do ano, ao amor da brisa do mar con caipirinha, cervexa ou frigopie. Libros de preciosa encadernación que dan que pensar que, pensar, é o último que se desexaría facer. Pois seguimos apañados, si. Arrieiros somos. E seguiremos. Por que terá tanto interese na fonda lite-

ratura este Sísifo? porque esa, a de peso -fastío me produce dicilo unha vez máis- axuda a vivir.

Dentro desa vacuidade, unha práctica que se perpetra agora, no advenemento dos arribistas mecanógrafos da peseta; e dentro das abxectas labores do xuntaletras e o editor, é tentar vendernos intrigas finxidamente altas baixo un título grandilocuente no que aparece, como reclamo ou carnaza, o nome dun escritor querido e importante no desenvolvemento literario da humanidade. Así testemuñamos o moi cretino farisaico que hai que ser para rubricar “pezas” da ralea de: Os papeis perdidos de Kafka, O Enigma Poe, Milton Sabíao, O cenáculo de Proust*... a cousa comezou co pobre Da Vinci pero, parece, que semella non ter freo. E seguimos sen caer na conta, cando deglutimos algo disto, que “escribir” unha novela cun nome de escritor coñecido embutido no título non é metaliteratura, senón algo así como exercer a medicina cun título emprestado, ou pensarse intelectual porque Sanchez Dragó nos asinou un libro nunha feira ultracomercial, ou fachendear da obra dun parente que escribe, cando ti non sabes nin coller o bolígrafo, ou considerarnos indestrutibles porque nosos primos son os de zumosol ou cernos guay porque saudamos á xente guay e ás veces alternamos con esa xente guay. No sabes? guay!. “Libros Voitre” é o resultado.

A palabra “noxo” e literariamente fea pero véñense a colación pois sempre houbo, hai e

haberá aproveitados que viven a remolque dos demais; rémoras engalanadas carentes de carisma, que dixera Xoán Ferreira en *A Vila das Ánimas* ou homes e mulleres CA.CA., acrónimo inventado por Alexandre Osorio, que significa CArente de CArisma, que agardan con ansia o gromo de carisma alleo para botarse coma cans a rillar todo o que se poida. Que magoa. Non, señor Hobbes, o home non é un lobo para o home, o home é un cancerbeiro con tres cabezas para o home: unha de voitre, outra de corvo e outra de xena.

Pero, en realidade, por que estrañarnos se a tendencia do voitre fariseo estende súas poutas até a meretrices da envergadura da televisión, replicando a réplica replicada con tal de ter xente mirando para eles e, consecuentemente, facer cartos???. Pois estrañámonos porque quedamos algúns Sísifos irredentos que sufrimos coa falta de orixinalidade. O último que testemuñou este que axexa nas feiras do libro -e ás veces tamén cara a caixa televisiva- foi que, tras o émulo terrible do ominoso Programa de Cantar que se marcou a galega, esta sacou agora unha serie “superfresca” xurdida ao fío vil doutras series das canles privadas nacionais que, como no caso dos tipos de “libros voitre” antes citados, e sen salvar ningún tipo de distancia, xorden ao abeiro dunha moda de oportunidade e pseudoaperturismo nunha época de progreso mal comprendido por algúns, pois progreso non é subirse ao carro dos

demais, senón innovar co teu propio carro (un carro completamente novo e non tuneado).

En canto ao cinema mellor non escribir, quizais quede para outra perspectiva, ou non, pois como o refraneiro sabio di “Non hai maior desprezo que non facer aprecio”. Só comentarlles até que punto de infraestrutura chegan os cancebeiros e os homes CA.CA., que hai produtoras que viven, confesa e expresamente, de copiar os éxitos das produtoras máis grandes; éxitos sempre baseados no pasado cinematográfico e literario. Nada novo baixo o sol. Calen sempre que se lles ocorra algo bo, pois a IDEA, a ORIXINALIDADE, a CHISPA, son elementos moi desexables por eses que axexan dende calquera recuncho cun caderno de notas. Que magoa. Como di unha letra do grupo de rock Mamá Ladilla: “Esos sí que son punkis”.

*Os títulos sonlle unha orientación, ás veces inventados hiperbólicos, pero valen perfectamente para ter unha idea da realidade que representan.

Sísifo Penitente

Semana 4-8-2008

BRUXERÍA

*Nota previa: é unha perspectiva.
Nin dogma, nin axioma nin ren.*

Sempre apelou ao meu dispositivo do raciocinio a obvia diferenza entre o home e a muller. Salvando “arquitópicos” calquera pode ver como a intelixencia práctica dunha muller dista moito de ser a dun home, ou a forza física dun home difire un pouco da dunha muller, xa nin falar do trato soterrado de inferioridade que se lle dá á muller en asuntos coma os salarios. Eterno conflito do machismo e do feminismo. Pero non caíamos na reiteración do reiterado, tentemos buscar certa xénese destas diferenzas no xeito de procesar a información dos homes respecto das mulleres e viceversa. Nunca fun un crédulo subscritor da primeira “doutrina” que se lle revela e, como tal; como non crédulo, gustei de desbotar as teorías sobrenaturais e escarvar nas posibles ou probables -ou posibles e probables- causas das mesmas:

Dende tempos de maricastaña as características físicas dos humanos supoño que comezaron a configurar paulatinamente súas características psicolóxicas (a moral e a ética apareceron milleiros de anos despois). Estes rangos psicolóxicos

dictaban que a muller, como nai e protetora do fogar, “debía” quedar na cova atendendo as criaturas, o fogar, as terras... mentres que o home, ao ser o dispensador de alimentos nesa cova, abandonaba o fogar por períodos de tempo indeterminados para cazar, comerciar, ou facer todas esas actividades de sustento da despensa. O home interatuaba con outros personaxes do entorno, cazaba en grupo, falaba, se distendía, podía chegar a divertirse, mentres a muller permanecía illada consigo mesma. Coas súas pantasma, coas súas xenreiras, coas cobizas polas despensas das covas veciñas, coas súas frustracións e vivindo cunha mestura flagrante de resignación e incomunicación. O cristianismo selou esta plantilla familiar cos seus dogmas e a historia botou a andar.

Se imaxinamos -sen dogmatizar, itero- esta situación até unha época como a idade media quizais nos poidamos explicar ignorancias do calibre da bruxería. Cando a muller, co seu potencial físico e intelectual, quería demostrar que podía aspirar a máis que a confinarse a un pendello a cociñar e a cuidar uns fillos. Esto, nunha sociedade montada ao abeiro da igrexa e co patrón psicolóxico antes explicado, botaba milleiros de ollos idiotas que non podían soportar un novo valor intelectual. Estigmatizando sen dúbido ás mulleres autónomas, solteiras, librepensadoras, intelectualmente independentes, ou as que pasaban seus longos días de espera polo marido

macho proveedor de comida imaxinando situacións maravillosas, saciando suas esencias famentas con fantasías varias que equilibraran algo súas situacións tan inxustas. Resultado: BRUXERÍA.

Foi un estigma terrible, tanto para a relixión que nos contextualizou ao longo da historia como para nós como suposta esencia humana. Hoxe, no estado de dereito e a “occidentalización”, badocadas criminais deste calibre; inxustizas tan abertas, son impensables, indesexables e nalgún caso lembrar algún proceso por bruxería pode concitar á risa. Pero a este que lles suscribe non hai quen lle quite na cabeza que hoxe, suposto ano 2008, mes de agosto, España e Europa (como ven non falo de Asia nin de África) aínda quedan atavismos que proceden directamente da oscura e ignorante época da bruxería. Ou non? Que lles parece? Véxanse as baratas crenzas de que os homes son cualitativamente superiores, ou a violencia de xénero en calquera grao.

Miguel Voltaire

Semana 11-8-2008

DESIDERATUM AQUEL

Contumaz e inxenuamente defendía que vivir arrastrando un desiderátum; desexando sempre algo por riba do que temos, era só cousa dos entusiastas fantasiosos cuxa percepción da realidade anda alá por alfa centauri. Que o humano prezado de o ser, podería chegar a berrar aos catro recunchos do mundo: xa está! Xa o teño todo! Non preciso de máis nada! Miña alma está acougada, a misión cumprida, e xa me poden sentar á espera de ser devorado polos leóns do esquecemento. Que equivocado andaba!

O desiderátum é un paxaro de calquera e todas as especies que non consegue fartarse e que vive ao redor das cabezas de todos os humanos, posúan a cronoloxía que posúan. Tanto vive nos anhelos do rapaciño pola vídeo consola (outrora tren eléctrico) como pola ansia subrepticia da nai de familia por cambiar de vida (outrora cambiar de vida), como polo desexo de xacer amorosamente con calquera e todos os amantes do mundo, como pola ansia do artista por consagrarse, como pola traballadora subxugada por cambiar de nivel de ingresos. Opino que é difícil subtraerse ao influxo desta ave que nin se deixa escorrer por os máis serios tratados filosóficos. A

humanidade desexará sempre “á muller ou ao home do quinto”.

Como dixo un escritor local, vivimos un segmento temporal; un salaio, de pé, no penúltimo chanzo dunha escaleira que non leva a ningures. Fagamos o que fagamos, academos o que academos, subamos coa arte que subamos, viviremos desexando, tesos e tristes, nese penúltimo chanzo. Que si.

Un ente desiderativo

Semana 18-8-2008

DIGLOSI A MIÑA

*ATENCIÓN: SE É VOSTEDE GALEGO
ESTE TEXTO PODE FERIR A SÚA
SENSIBILIDADE*

A diglosia é a situación de convivencia de dous idiomas no seo dunha mesma poboación ou territorio, onde un dos idiomas ten un estatus de prestixio -como lingua de cultura, prestixio ou uso oficial- fronte ao outro, que é relegado ás situacións socialmente inferiores da oralidade, a vida familiar e o folclore.

Quitando definicións académicas, formalismos e purismos, quixera facerlles partícipes da miña querenza pola controvertida verba esta da diglosia:

Nun dos momentos no que decidín consagrar miña vida á escrita determinei que a palabra que titula esta perspectiva, tan deostada, pobriña, viría moi ben na miña afirmación como escribidor*. Diglosia.

Escribo indistintamente nas dúas linguas da comunidade autónoma, pois o ditado da idea determina o idioma a escoller, e no momento da produción creativa a lingua empregada ten preeminencia sobre a non empregada. A lingua da obra literaria terá prestixio sobre a outra porque

non deixará de roldarme a cabeza até que apareza outra produción na outra das linguas.

Rexeito os -ismos, pero preocúpome moito pola supervivencia da lingua galega (que me define algo máis cá outra) tras meu paso pola vida. Os demais que tenten facer o propio. A preocupación individual fará un resultado colectivo e o galego non morrerá por moi diglósicos que sexamos, como agoiran algúns.

*Serei escribidor até que me consagre, e isto non sucederá nunca, pois me acho perpetuamente no penúltimo chanzo dunha escalinata que non conduce a ningures.

Jorge Emilio Bóveda

Semana 25-8-2008

“LITERATÚA”

Farto de ler estes días sobre o que a literatura é e non é; sobre tramas, estruturas, estilos. Non puiden menos de botar os ollos cara dentro para revisar os andeis interiores e “ver” que literatura é ser, non estar, permanecer, non figurar, envorcar teu mundo para ninguén, non adaptar unha parte de teu mundo aos posibles alguén.

Literatura é esencia humana sublimada, non trama. Ser humano reflectido no atramentum; no escrito, no que ha ficar, non estrutura. Permanencia inmanente, non estilo. Pois literatura é o mundo, pero el non o sabe.

Literatura non é presentación, nó e desenlace, senón presentación, esencia, prestancia, consagración e eternidade, cuxa esnaquizada copia é o tempo. É estar de xeito perpetuo no penúltimo chanzo dunha escalinata que non leva a ningures, porque nunha hai, haberá, unha fartura, unha satisfacción ou plenitude, unha chegada gloriosa a un parnaso.

Literatura é unha perseveranza, a crítica da ninfa Eco, unha lealdade, un vivir sen vivir, pero vivindo. Unha submisión, dúas, todas as submisións aceptables (as outras non son nada; menos literatura). Unha malleira vital, un puñazo constante que nunca persuade de nada, un eco baldío.

Éo todo, pero non é nada. Literatura é o mundo
pero el, pobre, aínda non o sabe.
Aspirante a literato

Semana 1-9- 2008

TRASNOS

ou Conxunción Social Coma Fío de Auriculares

Baixo tan estraño título descubrirán que se agocha unha perspectiva sobre a compenetración das diferentes institucións que nos apertan na marcha social desta humanidade nosa (institución educativa, de seguridade, sanitaria, asistencial...). O fío dos auriculares ven ao conto para enxendrar unha sorte de símil algo ousado que me van consentir: moitos somos os que gardamos nalgunha gabeta da nosa mesiña de noite un transistor o trebelliño similar ao que se lle conecta un par de auriculares para facer menos longas as noites de insomnio. Ben, pois se se fixan, non serve de nada que nos matemos en desfacer os nós dos auriculares noite tras noite pois, sen saber como nin por que, estes van aparecer de novo no caixón cos fíos leados e cheos de nós. Cuestión misterica baseada en casualidades, pois non semella de recibo unha hipótese baseada nuns trasnos burlóns que agarden o noso soño para vir enredar os fíos dos nosos auriculares. Os fíos, aparentemente, enrólanse porque si, porque a saber como nos movemos o como colocamos o trebello na mesa de noite. Ocorre e punto.

No tema institucional penso que sucede algo parecido. Teña unha incidencia e xa verá: se vai a A, A mandara a B, e B de volta a A. A non saberá moi ben que dicir e inventará algo... que desmentirá C, sen os matices que D, de voa vontade, lle engadira, para quedar todo nun malentendido que nos ocorre moitas veces por sobreentenderlo todo. Ao final movémonos a trompicós e non acadamos ren. Pero, sen embargo, seguimos respirando, vivindo, comendo, durmindo, tirando aos nosos fillos cara adiante e sen preocuparnos o máis mínimo por ser peores ou mellores persoas. Pasando pola vida sen consentir que a vida pase por nós. Tanto ten. Tirar p'adiante e punto. Que triste. Que pouca distinción.

Penso que esa distinción, o pasar pola vida degustando cada intre, queda reservada para esas persoas que se desviven e que fan o posible para que as cousas boten a camiñar cara adiante coa máxima dignidade posible. Os que lean os cables dos nosos auriculares; os que velan mentres nós adurmiñamos. Son os trasnos que enfían e lean os cables para logo desenlealos. En realidade si que existen e son modelos que piden a silenciosos berros ser imitados, pero non teñen éxito, non. Porque ninguén cre neles. Habelos hainos.

Mariano Xosé de Larra v 2.0.

Semana 8-9-2008

DISCORDIA PER SE

Ía escribir, nesta semana do suposto oito de setembro do suposto ano dous mil oito, unha perspectiva que criticara por vez enésima aquelas persoas que apelan aos seus dereitos e privilexios esquecendo as obrigas; sobre os que se cren máis papistas có papa; sobre os que se cren superiores a ti; sobre os que non che din as cousas con claridade; sobre os hipócritas que che botan un sorriso por diante e un balde de chumbo afundiado por tras... pero non o farei. non escribirei esa perspectiva por dúas razóns: a primeira é que está profusamente criticado noutras perspectivas que lles veño ofrecendo dende hai anos, e a segunda, e máis importante, é que a mesquindade humana que supuraría o tocar calquera deses puntos e indigna de mención escrita e me leva entristecendo o que vostedes non saben.

Sempre defendín, pese as críticas, a inexistencia intrínseca do ben e do mal; e a súa presenza coma resultado de pasos habituais transmitidos de xeración en xeración. O mal e o ben, eses opostos que, conxugados, levan á humanidade, agrupada en grupos sociais, case sempre á discordia. Defendín a nosa existencia por riba do ben e do mal ataviado cunhas nocións rudimentarias de ética e unha concepción “mediosófica”

(filosófica media, ou medio filosófica) máis baseada no raciocinio e no sentido común que en complexas correntes filosóficas.

Penso que xa superamos a idea -un tanto pueril- de que o que é bo para min pode ser malo para vostede e viceversa, pois, filosoficamente, iso suporía que ben e mal son a mesma cousa, e sería un paradoxo. Ben e mal si que existen, pero non por si mesmos, e cumpriría configurar nosas realidades por riba deles para non caer no maniqueísmo ignorante, procurando cumprir unha doada directriz persoal: obxectivarnos e dignificarnos sen prexuízo para o próximo, distinguíndonos ante un posible marasmo que nos atopenos, no que cada un faga o que fagan os demais. Distinción para nós, por favor, obxectivos e dignos sen prexuízo para o próximo.

O problema (a discordia) xorde na conexión das realidades configuradas por cada un. Pois cada un cribou a realidade e todo o que a rodea en función a uns patróns de validez que non son compartidos por todos e que conducen á discordia. Patróns xeralmente inculcados coa (des)educación do fogar e coa (des)educación que fai a sociedade dos medios de comunicación. Opino, sentido común en riste, que esa é a causa e o motivo polo que nunca, en toda a historia da humanidade, se vai acadar unha concordia global. O que o diñeiro está conseguindo pouco a pouco (globalización) non está reservado a “substantivos” tan abstrusos como a paz, a xustiza, o amor,

etc, que se reducen e se reducirán sempre a celebracións simbólicas dun día de duración.

Pero por que non configurar nosas realidades en torno a un eixo vertebrador común baseado nese “obxectivarnos e dignificarnos sen prexuízo para o próximo”?. Pois porque voan ao noso redor xenreiras ignorantes difíciles de pulir, como a comodidade, a envexa, a crenza estúpida de que temos privilexios e outras manchas da conduta que, de non librarnos delas -cousa que nunca ocorrerá- nos vai manter eternamente orbitando, como satélites, ao redor do planeta da discordia.

Un discordante

Semana 15-9-2008

O TRAXE NOVO DO ENDOGRUPO

Exaltación dos valores propios en detrimento dos valores dos demáis. Ultimamente manca, pasándolle por riba a eses vocábulos recién chegados ao noso presente progresista: igualdade, asertividade, empatía, etc, que se traducen en políticas sociais equitativas nunha sociedade na que unha parte humana toma desas políticas o que quere e lle interesa e despreza e critica o resto.

E dentro desta dinámica de aproveitamento e desprezo seguimos a ter a conciencia do endogrupo*, dentro do cal o que pertence ao teu grupo é superior ao dos outros grupos, porque si, por unha “divina” atribución que da unha aparencia similar, uns comportamentos clonados, ou o sangue do teu sangue.(Si, a familia é un endogrupo).

Ano 2008: Vivimos con traxes novos e limpos pero, dentro desa roupa, continuamos a ser da mesma esencia, sen querer aprender nada novo, senón ansiando que nos lembren o “moito” que sabemos. Competindo, comparando e arrimando ao endogrupo os éxitos e ao exogrupo os fracasos. “Non está formado noso mundo senón para a ostentación: ínflanse os homes (e mulleres) só con vento e manéxanse a choutos

como os balóns”. Frase esta dun pensador e ensaísta do século dezasete. Sóalles.

PD: como en todas as perspectivas de O Fotomatón, hai honrosas excepcións aos comportamentos mentados.

Un Endoexogrupal

VENDIMA NA ALDEA 2.0

Unha das lembranzas máis vehementes na vida da aldea (Piñeiro, Maside, Ourense) cando era neno, era a vendima. A Vendima na aldea. O corporativismo de supervivencia que existía entre os veciños á hora de vendimar as viñas; as gabias, cortando a coitelo acios e apañando os bagos do chan. Os acios ían aos baldes, os baldes aos sacos, os sacos á adega; baleirábanse nunha sorte de lagar de madeira. Logo o Maximino, un home do pobo, cos pés nus (ultimamente con botas de goma) pisaba nas uvas facéndonos música e inzándonos o sutil recendo do mosto. Logo viño e bagazo ían a uns pipotes de moitas olas que meu avó materno mercara décadas atrás, e só quedaba agardar que fervera, tirar o bagazo, prensalo ás veces, botar o viño das espremas, e todos os pasos previos e embotellar.

O tempo —nas vendimas familiares— foi eliminando personaxes da aldea, foi avellentando a outros, foi deixando as viñas quedas até reduci-las a un simbólico grupiño de videiras para poder seguir dicindo que se vendima. Case nada. A tecnoloxía entrou algo neste mester con máquinas de sulfatar a motor, esnaquizadoras eléctricas, cubas metálicas, etcétera.

Estes últimos anos veño axudando na vendima noutro lugar e foi, neste último ano, cando lembrei todo o anterior que lles acabo de referir, o cal, pese a que semelle a testemuña dun romántico, nunca me gustou facer. O que máis me gustou sempre de todas a prácticas do pasado foi lembrar, porque a lembranza é aquilo que nos levaremos sempre das cousas (o único). Lembrar a vendima de aldea que esvaece, esvaece, esvaece ata desaparecer, é algo que me fai sentir un pouco ben.

Pero non nos preocupemos, non afoguemus na teima porque de seguro que a unha ducia de anos vista algún empresario espelido inventará un novo xogo de rol, neste afán do novo milenio por “ludificalo” todo, chamado quizais VENDIMA NA ALDEA 2.0, como a día de hoxe se fixo en Verín coa revolta dos irmandiños e seu inefable xogo de rol. Por que será que me invade o desacougo?

Inimigo da desmemoria

Semana 13-10-2008

DÚAS ARMAS PARA A EVOLUCIÓN

Pese a que o direite común defende que as persoas non cambiamos nunca en ningún aspecto, existen varios émbolos de impulso de cambio que botan por terra a aseveración esta. Podémosnos quedar con dous deses propulsores: a autocrítica e a forza de vontade. A autocrítica, ese ben prezado que tanto escasea e que nos obriga a analizarnos interiormente, e a forza de vontade, a máis forte das forzas, a que nos da pulo para ir facendo eses cambios necesarios; esa subida de chanzos na vital escalinata.

A pesar do doado que semelle, as persoas que descubren o poder do cambio de da evolución son poucas; son minoría minoritaria mínima, pois un cambio de maiorías implicaría unha evolución social completa, e a única evolución social que apercibimos ten que ver coas garantías sociais e o beneestar particular. Por iso se recoñecen aos nosos veciños (e a nós mesmos) en obras literarias do século dezaséis, dezasete, dezaioito, porque non temos moita propensión, os humanos, a facer uso destas eficaces armas para o cambio. Téñenas?

Un armado

NON ROUBEMOS AO LADRÓN

Á hora de xulgar as actuacións dos demais, decateime de que a obxectividade se perde e se desvirtúa coas circunstancias persoais de cada quen. Se a A lle parece mal o xeito de traballar de B e llo expresa sen considerar o esforzo que fai B, quizais A teña unha vida sexual desastrosa, ou a súa parella quizais non era o que agardaba e sempre calou, ou quizais os fillos decepcionárono, ou quizais a hipoteca o afogue, ou quizais os pais vaian vellos e se ten que facer cargo deles... O caso é tentar desafogar calquera halo de negatividade dalgún xeito; buscar o famoso, e digno de lástima, chivo expiatorio.

Tamén hai casos nos que o que xulga medrou cuns proxenitores que lle ferraron a lume uns dogmas que sabe que ten que cumprir, aínda que non o faga sempre e aínda que se permita xulgar ao próximo polos mesmos “males”.

Conduta humana abraiante, pois vemos dende a tristura que existen persoas que tentan imprimirnos orde coa trastenda desordenada, que nos din onde temos que mercar aínda que eles vaian ao barato, que nos din como temos que criar aos fillos aínda que os seus amosen comportamentos propios dos raposos, que nos din como temos que traballar cando seu xeito de facelo

ande algo coxo e, en definitiva, que dan a cara co cú sen limpar. Non debería ser.

Ordenemos a trastenda antes de falar ou do contrario estaremos roubando aos ladróns. Que pensan?

Un que tenta imprimir orde na trastenda

NEODUCACIÓN

Os vellos mitos educativos conspiran cos que tentamos realizar unha praxe docente o máis moderna posible. Conveño cos que din que, grazas aos xesuítas no pasado, logrouse reunir nun espazo cerrado a un numeroso grupo de alumnos de varias clases sociais para impartirles “educación”. Converténdose a disciplina militar, a violencia física e a unidireccionalidade profesor-alumno en catro máximas a seguir coma dogmas relixiosos. Pois, ao fin e ao cabo, demasiados anos escola e igrexa se relacionaron ao controlar esta a aquela.

A educación actual debería asumir que os tempos aqueles xa quedaron onde tiñan que quedar, e a disciplina férrea debería mutar en disciplina dialogante e democrática, cunha interacción cos alumnos de dúas direccións, procurando respectar os turnos de palabra e a respectarse os uns aos outros. A educación ten que ser un ente que evolúa cos tempos, e debería coller do pasado unicamente espazos físicos, pois educación é inculcación de hábitos, incluído o de pensar; o hábito dos hábitos, que se acadada dialogando, aportando emisións e recibindo recepcións. Tan doado coma iso. Agardar, escoitar, reflexionar. Espontaneidade, creatividade, enerxía. A outra, a

educación silente e marcial de antano, debería quedar para as películas. Que si.

DETECTOR DE IMPORTANCIA

Ti dixeches que el dixera que dicía o que non debía dicir. Dicía ela concedendo crucial importancia a badocadas tan insignificantes. Non che falo porque non lle falaches cando tiñamos que ter falado. Dicía el, argumentando tal trapa-llada para xustificar seu incomodo. Pois tamizamos nosas accións cuns raseiros tan baixos coma o chan, dándolle importancia a cousas que non a teñen. Busquemos como e onde busquemos, non a teñen. Non importan, certas cousas non.

A vida importa, o arrequemento interno intelectual importa, a deostada e utópica amizade tamén, o sacrificio tamén, a realización a lume lento en ámbito calquera tamén. O que ti teñas non importa, o que ti sexas, en parte. Se eres boa persoa si, se eres feo non. Como esteas, non importa demasiado. As palabras ocas, nada. As xenreiras, tururú. Os xuízos baratos, patatín. Os prexuízos outro tanto...

Todos deberíamos levar instalado o crucial detector da importancia. Pois de non cribar a información das nosas sociais relacións farémonos parvos. Parvos uns por non cribar e parvos outros por conceder importancia á información non cribada, nunha parvada global. Distinción, por favor. Cómpre. Que é o importante? Pois

pese á obvia aparencia da frase: O importante só é o importante.

Semana 10-11-2008

ODISEO 2008 ?

Unha revista amarela, desas que atentan sen escrúpulos contra o pensamento racional, desas que propenden a ideíñas sen peso das que comen Iker Jiménez e análogos buscavidas, escribíu que Ulises (personaxe plaxiado aos gregos por parte dos romanos, cando en realidade se chamaba Odiseo) regresou a Itaca tras participar na guerra de Troya o 16 de abril do ano 1170 antes de Cristo... Supoñendo que o nacemento de Cristo sexa unha referencia exacta para o noso cómputo de anos. Que non o é.

É que somos tan deixados e tan confiados os humanos que non caemos en que o máis probable sexa que Cristo non nacera nas datas que nos teñen “revelado”. E que, polo tanto, non esteamos no ano 2008. Pois os evanxelios foron escritos uns setenta e cinco anos trala morte de Xesús, polo que non se extrañen de que esteamos no ano 2083, 3500, 4000, 5000, PI, ou que mais ten. Se o caso é ter unha referencia debemos de advertir que non é máis ca iso. Unha referencia resultado de atribuír calidades numéricas a todo o que nos topamos diante dos ollos neste efémero paseo pola vida. Un engano común; unha ilusión.

O que é impepinable é o paso do tempío, pois a ciencia ben explícita (libro de Coñecemento do Medio de terceiro de primaria en riste) que

unha volta da terra sobre si mesma corresponde a un día, e unha volta da terra arredor do sol corresponde a un ano. Do que se desprende que o único positivista que nos podemos botar ás costas é a nosa idade. Este que suscribe ten enriba das súas carnes trinta e tres xiros de traslación terrestre. O demais nunca será confirmado. Nin nas máis grosas revistas.

Un contador de xiros

Semana 17-11-2008

O CARPINTEIRO MANCO

Non comprendo aos escribidores e escritores que din que len escasos libros pero que escriben moito. De que escribirán? De historias cos mesmos xiros e respondendo a clixés simétricos? De principais e antagónicos? Deles mesmos? De seus embigos sen cultivar? Dos xiros a un ego-centrismo non intelectual? Dos botóns do pescozo das súas camisas? Do flagrante quebro a unha existencia superficial? Como se poden afirmar escritores sen encadear lecturas, sen aprender a ler cada día, sen ser, en definitiva, bos lectores, ou simplemente lectores????.

Véñenseme á cabeza os dramáticos intentos dun carpinteiro cun só brazo para facer unha mesa. Algo similar ocorre, quizáis, cos escritores que non len. Coa diferenza de que non descubrirán nunca que tan só teñen un brazo, e que está na man dese brazo o implantarse outro brazo para axudarse na labor creadora. Unha operación sinxela de ortopedia, consistente en facer propias tres letriñas; unha combinación transcendental de tres letras: LER. Un proceso lento que lles implantaría o brazo que lles falta.

Aínda que tamén poida ser que eses escribidores ou escritores estean dotados dun don do que carecemos os que lemos moito e escribimos algo menos. Posuidores dun único superbrazo.

Serán eles os que fan literatura e nós seremos alucinados aspirantes a literato. A NADA no mundo editorial. Trillados ceros á esquerda do universo das letras. Pois quen sabe?

PD: Dous exemplos: Michael Chrichton foi un carpinteiro manco e Jorge Luis Borges un ebanista destro.

Un carpinteiro tenaz

GRIS

Deprimeme este tempo. Dáme sono, cansazo, sinto frío e desacougo. Os días bótanse riba de nós, sen coidado, comendo o tempo con ansia, larpeiros. As rúas son grises de máis, sostenendo impasibles os pasos de transeúntes apresurados que tentan evolucionar nos seus designios, sempre importantes pero nunca abondo importantes. Non evolucionan, nunca evolucionan, só se moven cun frenesí que realmente non cómpre.

Aínda por riba o desacougo medra ao albiscaar a sombra ominosa do Nadal, esa tempada que merece a pena polo período de asueto e por manter a ilusión dos nosos nenos e nenas, habitantes dun mundo onde cómpren todos os Nadais posibles. O malo é que non se me van do pensamento os excesos, o consumo, o hedonismo e, en definitiva, a irrevogable propensión que temos os humanos a festexalo todo. Non hai que estudar socioloxía para saber que unha parte enorme dos seres que festexan suntuosamente o Nadal faino co pretexto da festa, de xuntar a familiares e encher o corpo de calorías. Nin recollemento, nin coñecemento das orixes da festa, nin ren. O ascetismo non casa con este mundo idiota.

Chega a tristura con antelación, e non pensen que é doado fuxir do clixé do Nadal. Estamos todos determinados. E nesta espera polo

gordo Noel vermello coca cola, o Xesusiño, e os reis cada vez menos magos, a choiva quizabes sexa o mellor neste absceso de melancolía, porque invita ao recollemento, e este á reflexión, á lectura, á meditación... a GOZAR DO SILENCIO. Non pensei que ía escribir estas tres palabras, pero constitúen, créanme, un oasis nun deserto cíclico, un bálsamo deste tempo que retorna unha e outra vez, e que non queremos pero se nos pon diante como unha visita non desexada que tarda máis da conta en marchar. Que si.

O cabaleiro gris

Semana 1-12-2008

UNHA LÁMPADA

Penso que as lámpadas, as clásicas bombillas que alumean nosas estancias só se poden restituír, cando afunden, virándoas até extraelas do casquete. Pero seica non, seica hai outro xeito de o facer...

Non podoo crer, por moito que tente asimilar, “paridas” como a paridade governamental. Atención, agarden antes de botar súas gadoupas afiadas riba de min, a paridade non é intrinsecamente unha “parida” senón o xeito idiota de interpretala por parte de algúns. Pois de existir persoal cualificado para unha labor, que demo importa se é muller ou home? No meu gremio (mestres) súper abundan as mulleres, e os homes non nos queixamos. Cada quen ha de preocuparse por facer seu traballo do mellor xeito posible.

O último que se escoita é que as directoras de cinema son menos en número cós homes. Non será que as mulleres abundan menos nas disciplinas cinematográficas? Semella que, en ocasións, o progresismo adquire matices ridículos, como no caso destas políticas de igualdade numérica de sexos.

O que si son flagrantes son as desigualdades salariais, laborais e de índoles similares, pero

o feito de colocar en calquera ámbito ao mesmo número de homes coma de mulleres sen deterse a mirar cualificacións é tan parvo como darlle voltas a unha casa para cambiar unha bombilla. Cambiemos a lámpada desenroscándoa directamente. É dicir, xente cualificada e válida independentemente do seu sexo. Que lles parece?

Un pensante

Semana 8-12-2008

SATANISMO

Lembro unha entrevista de radio que lle foi feita a un experto en demonoloxía, cuxo nome esquecín. Este home falaba pesimistamente que o cataclismo de Satanás andaba preto porque a nosa sociedade era, abertamente, satánica. Que Satán ten fío directo co hedonismo a calquera prezo, co pasalo o mellor posible, con levarse polos camiños doados e mandar o esforzo a paseo. E exemplificaba o home cos becarios de antano, que traballaban duro, entusiastas, éticos e responsables, cando os becarios de hoxe preguntan canto van cobrar, andan a fuxir do traballo, non se comprometen con nada, non se responsabilizan de nada, e son capaces de nor ir traballar alegando que teñen un uñeiro nun pé que lles causa moita dor.

Ben, penso nesta sociedade, cumio da liberdade de expresión, e descrendo do maniqueísmo satánico, que esa concesión pola facilidade ven en parte marcada polo advenemento da tecnoloxía dixital da internet, onde podemos acceder a todo inmediatamente (polo xeral ocio). Da chegada dos novos contidos para a televisión, formatos onde o éxito chega nun tris sen facer esforzos, e do acomodamento dunha grande cantidade de persoas a estas situacións. Se as

situacións duran máis dunha década teñan por seguro que se arraigan coma samesugas, producindo as actitudes que vemos ao noso redor.

Para máis preocupación, algún tertuliano deses outros programas de televisión inefables, defende esta nova ética do “canto máis e máis rápido mellor”, tildando aos que nos decantamos polo esforzo paciente, de reaccionarios dun pasado que no pasado ha de quedar. Ese si que é o verdadeiro satanismo, a conivencia co fraco esforzo. Que medo!!!!!! Hai algún exorcista na sala?????

Cociñeiro a lume lento

Semana 22-12-2008

TEORÍA DA PODA

Ao amor duns vasos de viño un dos meus conselleiros intelectuais, o pensador local Bruno Hernández, fíxome coñecedor dunha sorte de teoría vital que se lle ocorreu mentres podaba súas plantas nunha desas tardes de asueto e reflexión: A teoría da poda.

E é que somos poda, pois nosos camiños vitais individuais (ou grupais) son o resultado de cortar unhas pólas en favor do crecemento de outras. Sendo así as pólas decotadas as vocacións non desenvolvidas, as relacións non vividas, interrompidas, as rupturas, as represións, os amores rematados, as cousas que nunca se fixeron, ou puntos de inflexión que sempre suporán un aumento de enerxía en favor doutra das pólas que se inzará cara o ceo, cara o final do crecemento da árbore.

O destino, o señor Destino, é o xardiñeiro que vai serrando as pólas ao azar, nunha sorte de ritual que en ocasións nos ha levar polos máis insospitados vieiros, que en outras terán máis doado, pois en ocasións nosa poda ven determinada polos nosos ascendentes (herdanza xenética e ambiente) e que na meirande parte dos casos constitúe unha sorpresa para o mundo, cando en realidade, nós podemos facer moito ao respecto.

Porque non consiste en botarse a durmiñar mentres o señor Destino anda argallando unha poda para nós, especulando que póla cortar ou non. Debemos participar e deixarlle ao señor Destino un plano de poda ben feito, para consagrarnos, par cumprir nosas metas, para que non haxa sorpresas. A vida é unha poda pero supervisada por nós. Ou non? Que pensan vostedes?

P.D.: Gracias Bruno (nunca escribo “grazas”).

Jorge Emilio Bóveda

Semana 5-1-2009

ALLOS

Repítome coma os ciclos da vida. Coma os allos dunha carne ao caldeiro. Coma o frío e as nevaradas que volven todos os invernos rindo dos supostos cambios climáticos. Repítome, pois o meu maxin non deixa de preguntarse inertes porqués, neste inverno cíclico en costa de Xaneiro que chega puntual tras do cíclico Nadal. Todo semellante, facéndonos ver mil veces que, por moito que avance nosa tecnoloxía, temos unha catadura moral de catro cadelas, tamizada no diñeiro. Impunidade. Reducto de soñadores que xiran:

Por que hai impunidade para o Bush?
IMPUNIDADE

Por que someterán a proceso xudicial ao que lle guindou os zapatos? Nós guindariamoslle un demo se fixera falta; que a fai.

Por que palestinos e israelitas cómense coma se fosen formigas vermellas contra formigas negras por tan caduca xenreira?

Por que África só existe cando lle ocorre algo nas súas terras a un “cidadán occidental”?

Por que non se reconece que o culpable principal e último da crise que nos afoga sexa América?

Por que non nos queremos deprocatar de que un goberno do PP, esquerda unida, falanxe española ou democracia ourensana habería crise do mesmo xeito?

Por que existe a desmemoria? Por que non nos decatamos de que o carácter cíclico noso como humanos nos fai ver cousas no noso país que nos ocorreron a nós hai tan só uns cincuenta anos?

Por que non caemos en que, en moitos casos, o republicanismo é unha variante do maniqueísmo?

Por que se lle chama “cumbres” cando non son máis ca solos, chans; ermas leiras?

Por que se despreza á cultura?

Por que tendemos a silenciar ás mentes abertas e operativas?

Por que se homenaxea tanto aos mortos da cultura cando os vivos da cultura estan, precisamente, vivos?

Por que os certames literarios máis grandes
son como son?
Por que Hobbes tiña tanta razón?

Por que non calo?

Semana 12-1-2009

A PEDRA PRECIOSA

Existe un regalo que moi poucos regalan. Témolo todos agochado pero non somos quen de ofrecerllo a outras persoas. Por que? Pois porque queima moitísimo, é un regalo candente que ten unha temperatura inaturable para ser sostido na palma da man e ofrecerllo a quen o merece. Porque si, internautas, hai xente que si merece esta preciosa pedra tras os correctos comportamentos, as condutas de altruismo, as mostras de empatía...

Moitos merecen esta pedra preciosa que moi poucos dan. Hainos que fan o esforzo de embutir a man nunha luva para que a xema preciosa non os queime, pero tanta é a temperatura, que fura os panos máis innífugos, facéndonos tristes ao comprobar unha e outra vez e outra o escaso que é o número de persoas que reparte esta xema, este diamante fundamental, entre os parénteses dun sorriso.

Que mágoa. Morreremos, pois, coa nosa xoia da GRATITUDE, nas nosas mesiñas de noite. Agardando, coma quen agarda imposibles, a que arrefricé.

Un que regalou súa pedra preciosa

Semana 19-1-2009

O XARDIÑEIRO TORPE

Hai un tempo agasalláronme cun bonsai. Como non teño ningún tipo de coñecemento botánico, salvo que sei diferenciar unha leituga dunha escarola e una verza dunha folla de repolo, limiteime a situalo no recuncho máis atraínte da miña mesa de “operacións”, no meu estudio. A arboriña adxuntaba un papel que dicía que o había que regar cada tres días de determinada maneira. Dediqueime a relaxarme en certas horas do día na contemplación da miña arboriña bonsai, coas súas pólas, súas follas e seu talo.

Miña impericia cara o contacto co vexetal fíxome ver unha mañán, frustrado, que todas as follas caeran, cando no envase que viña coa planta puña que era de folla perenne. Meu gozo nun pozo, acabárase o bonsai, o pau adquiriu aparencia de regaliz de pau e a terriña que o contiña de leira erma. Nada. Así e todo, non o guindei ao lixo. Mirei a diario súas poliñas como dedos de esquelete, e seguin a regalo cada tres días para escarnio dos outros habitantes da miña casa. Concedinlle unha segunda oportunidade e, co tempo, as follas reagromaron e o talo colleu o colorciño pardo que soía ter.

Lección esta obvia que nos dí que quen sabe se nas segundas oportunidades é onde se acadan os devezos. Que lles parece?

Un xardiñeiro torpe

Semana 26-1-2009

AGARDAR SEN AGARDAR

Agarden polo fin da vida; do sopro, pero esquencendo que están a agardar por iso. Non agarden louvanzas, estipendios, retribucións, remuneracións, prebendas, favores, regalías, que-rencias, amores, recoñecementos, éxitos, pre-mios, louvanzas... Agarden apertando o padal para zugar o zume da vida na sala de espera do ser. Sexan, non agarden ser, non agarden recom-pensas, herdanzas, apertas, beixos, intencións declaradas, emolumentos, amores, encontros fugaces, cariños, comprensións, empatía, amiza-de, o sublime, palmadas nas costas, ganancias, sonoros bicos, esmolas, sorrisos, compaixón...

Decorran pola travesía fluvial, a vida, nesta nosa dorna sen agardar ren, quizabes algúns des-tes peixes nunca agardados salten á cuberta da nosa embarcación para nosa sorpresa ou estupor, ou sorpresa e estupor.

Agarden navegando o sino do tempo, non agarden nada máis.

Paciente agardador que non agarda

Semana 2-2-2009

AGORA... NA ÁGORA

Así como as íes merecen levar os puntos encol para diferenciarse de meros paus, innecesarios nestes tempos, os humanos precisamos respirar. Sen abafos, libres, salaios de menta e relaxo, esquencendo burras barbaridades do pasado. Quizais non gusten nosas liberdades e licenzas, quizais non gusten os críticos xuízos que se fan. Que de malo ten sermos cidadans do mundo con acento galego? É tempo de convivencia e conivencia, progreso e heteroxeneidade. Pois precisamos o osíxeno de sermos nós e non outros, defender o propio e desenvolver teorías que corroboren defensas tales.

O pasado pasou e pasa e tempo é de ser nós, definidos, espidos, e non seres inertes sen criterio presas de feroces vendedores de gamusinos. Autodeterminación dentro de nós. Ser nós como intelectualidades quizais eclécticas, quizais críticas, librepensadoras, espertas, lúcidas, medianamente intelixentes e alleas sempre, sempre, sempre, sempre, sempre, sempre, sempre ao dogma. Independientes do endogrupo. De calquera endogrupo. Situarnos no centro da ágora da nosas relacións sociais, tomarmos a palabra e definirnos. Necesidade. Botella de osíxeno.

Un que tomou a palabra

Semana 9-2-2009

SERES DE PEDRA

Esta tempada na que se cumpriron douscentos anos do nacemento do apoucado Poe (19 de xaneiro) borrachiño, adicto ao opio e influencia de tantos e tantos e tantos escritores (aínda que algún o negue), penso en algo que nos da pulo para vivir, aínda que se sexa desacougados, algo que nos converte en seres de pedra que camiñan pola existencia tan só desexando, ás veces por desexar. Ven sendo pois esta perspectiva irmá doutra desta sección titulada *DESIDERATUM AQUEL*.

É que somos seres de pedra, estólidos e decorrendo co estoicismo do frenesí da vida parva, envoltos na rede social de ladróns maquillados que manexan teu devir pois cren que todos tamizamos nosa felicidade coa nosa economía: tés, vales, naftalina traxe, Brummel, Channel número vinte... mediocridade.

Seguimos a ser os seres de pedra, feitos coas pedras dos camiños que non somos quen de transitar. Sempre coa ansia de andar camiños duros, impracticables. O superficial feo devece por ser guapo, o groso superficial quere ser delgado, o baixo alto, quen pouco ten moito quere ter, quen moito posúe está forrado, pero nada é; quen moito posúe quere amizade a base de che-

que, ou chegar a cousas que non lle pertencen, comer máis mundo polas dúas pernas e todo lle é pouco.

En definitiva, que os seres de pedra queren camiñar veredas alleas e outros seres de pedra camiñar queren alleos vieiros. Sempre máis, sempre distinto... porque os seres humanos non somos máis cós CAMIÑOS QUE NON CONSEGUIMOS TRANSITAR.

Disconforme conformado

Semana 16-2-2009

A BILE E O DOGMA

Aloisio vivía infeliz, sen transixir certos comportamentos nos demais. Facía dogmas para ser respectados por el (teoricamente), e para pretender que a humanidade tamén os respectara. Cando non era así, Aloisio rosmaba, porque Aloisio quería un deus para el e outro deus para os demais. Entón frustrábase. Aloisio quedaba só, coa súa muller resignada e oca, e seus fillos pacientes.

Aloisio agardaba nos seus coetáneos uns comportamentos éticos do máis ético, cando súa ética respondía unicamente ao resultado da súa propia comodidade. Así e todo Aloisio incomodábase e ía illándose aos poucos, conciso, ao ritmo da súa propia terquedad. Idealizaba a realidade movéndose como lle dictaba o tándem que formaba seu dogma coa súa preguiza. Nada respondía ás súas expectativas. Convertíase, pois, nun lobo da xente.

Aloisio non se deprocatava de que había outros Aloisios que tiñan seus propios dogmas e que non comungaban coas rodas de seu carro varado. Non era quen de inferir que, se tiveramos un máxico ollo orweliano que furase as paredes das vivendas unifamiliares, atoparíamos máis

terribles núcleos dogmáticos do que sería aconsellable coñecer.

Non pretendamos que os dogmáticos como Aloisio abran súa mente porque seguro que o dogmatismo responde a un intrincado de herdanza, ambiente e fisioloxía difícil de explicar (e cambiar), pero só pedimos que Aloisio non traspase o círculo vital dos non dogmáticos, que nos deixe vivir a gusto e en paz; que os non dogmáticos e non contradogmáticos estamos concibidos para que nos deixen tranquilos os Aloisios. Pois iso.

Un NON DOGMÁTICO

Semana 23-2-2009

SERES EN BRANCO

Seguro que unha das constantes no pensamento de calquera pensador ou pensante é o feito de admitir que todo o coñecemento universal está impreso nos libros, e estes colocados nas bibliotecas nacionais de todos os países do planeta, ou nos andeis das bibliotecas de fogar de humanos escollidos, ou ornando bonitos mobles nas salas de estar de xente ben, ou en bits, megabits e xigabits de información dixital en xeito de libros electrónicos na rede de redes. Tan só está na nosa vontade o acceder a ese coñecemento, a esa cultura, para deixar de ser os seres en branco que somos.

Hainos e hainas que se queixan de que canto máis abandonan o branco en favor de outras tonalidades intelectuais máis se achegan ás fragas da ansiedade, aos vieiros do desánimo, pois comezan a recoñecer o pouco que en realidade sabemos a xeito individual. Pero este que subscribe defende que é mellor saber unha micra de cousa calquera que non ser un ser en branco; deses que nos arrodean impíos, nos increpan, discuten con nós e ás veces ocupan postos de poder.

Non simpatizo, non, cos seres en branco. A non ser que, conscientes da súa brancura, se

limiten a gardar silencio e a vivir súa particular felicidade. A eses, até os aprecio, pero, estimados internautas, son minoría dentro da especie dos seres en branco. A estes “felices” respectémolos, dos outros, dos seres en branco arrogantes, fuxamos. Porque, aínda que a humanidade non deixe de ser o fato de libros que non se len, parte desa humanidade temos criterio abondo para ir transformándonos en seres en gris. Seres grises.

Un ser gris

Semana 2-3-2009

É PRECISO UN G.H.

Nota preliminar: abstense desta perspectiva os teleadictos do “Gran Hermano”

Cambio na gobernación do barco da Gallaecia. A cohabitación bipartidista non convenceu. Desfacer o feito. Corroborar que os gobernantes de agora non son os oradores de antes. Cousa que me fai reafirmar a miña idea dunha condición sinequa non para gobernar: calquera ser humano que ocupe un posto de poder ha de ter unha formación en humanidades, aínda que o binomio de palabras GOBERNADOR HUMANISTA soe máis a oxímoro que a outra cousa. Falo do ideal, do que debera ser, de achegarse ao humano e ao social e non ao capital e aos cartos, de falar ben, con propiedade, empregando o vocabulario preciso en cada momento de dirixirse aos gobernados.

É que non é de recibo que un presidente recen elexido fale un castrapo atrapallado na súa primeira rolda de prensa trala súa victoria. Ou chicha ou limoná; ou galego ou castelan. É unha honra ser bilingües (xa saben que para min até é unha honra ser diglósico como expliquei noutra perspectiva) e semella absurdo aparentar se o que non se é. Un insulto á intelixencia, vaites. E máis

agora, cando hai unha maioría absoluto por baixo. En fin.

O idealista de turno

Semana 9-3-2009

SEXO *

** Sinto recorrer a unha estratexia de tal calado para reclamar a vosa atención, pero a importancia desta perspectiva ben merece mañas coma esta.*

Moitos artistas máis ou menos intelectuais, chamémoslles escritores, atraloucan súas mentes con fantasías sobre a trascendencia futura das súas persoas e das súas obras; sobre deixar unha impronta ou pegada (ou impronta pegada) que sexa minuciosamente examinada e considerada, coma se dun evanxelio se tratara, por hexéxetas diversos e variados que fagan chegar a obra e milagres a todos os recunchos deste planeta mandarina.

Lamentablemente, queridos escritores que ansiades trascender, opino que a vulgaridade do cinema -pois o cinema vulgariza á cultura- e a mediocridade dos medios audiovisuais cos seus fognazos de cor e diversión, fará que trascendades, si, pero en círculos pechados, en cenáculos, en redutos de soñadores que viran. Non agardeades unha trascendencia popular.

Pois esa trascendencia, a popular, está reservada para superman, o home araña ou o conde Drácula e o monstro de Frankenstein, desvirtuados, pobriños, até o paroxismo. Se tedes sorte,

quizais a trascendencia estea reservada para algunha das personaxes das vosas novelas, sempre que sexa quen de facer amosar empatía coa humanidade media: Tarzán si, pero quen contra é Edgar Rice Burroughs? Pois o penitente que pasou milleiros de horas escribindo as andainas do home mono e agardando un anaco de TRASCENDENCIA. E pouco máis.

Santiagoño do Curral
Un intrascendente

Semana 16-3-2009

EDUCACIÓN VITAL

Sempre pensei, inxenuamente, que a solución á quebra entre a persoa e a sociedade era a educación, pero cada día que decorre decátome do dura que é a labor; titánica, bestial, impropia de mestres e profesores queimados ou abondo listos como para considerar só seu soldo de final de mes. Pero a educación á que me refiro non é a das escolas, que corren o risco de uniformar moito, senón á educación vital; da vida, amizades, compañías, valores, lecturas, descubrimento e redescubrimento de persoas e lugares e a adquisición dun criterio abondo bo para saber que persoas, que lugares, que lecturas poden ser máis beneficiosos para conformar unha personalidade educada. O demáis, o institucional, importa moi menos.

A educación vital é unha viaxe cara unha realidade inapresable coa compañía inevitable de tres seres particularmente curiosos, un trío de entidades que estorban o indíxible: a desmemoria, que é unha muller sen temperamento pero coa autoestima moi alta, pois sabe de boa fe que se impuxo, e se imporá en innúmeros momentos da historia. Dona fama. Fermosísima... pero infiel. E o señor Protocolo. Elegante e moi coidado nos

seus xeitos, pero en ocasións mendaz, inxusto, mesquiño e ignorante.

A trinidad camiña con nós no devir da educación da vida e aínda que lles fagamos bulra, persuade a atención dos que camiñan ao noso redor, os nosos coetáneos.

Testemuña da fea trinidad

Semana 23-3-2009

VIVIR

Despois de escribir nalgunha ocasión do mal que se atopa o mercado editorial, que aposta máis pola literatura de xénero que pola de autor, exhibindo eu un punto de vista triste, apoucado e emocionalmente baixo. Hoxe, seis de abril do suposto ano dous mil nove, son quen de empregar unha trallada frase para definir miña sensación actual cara a literatura: VIVAMOS E DEIXEMOS VIVIR.

Eu gusto en exceso da prosa exacerbada, plena, turxente, complexa, de oracións longas, e humanas ideas espetadas de tal xeito que fan sangrar o texto; demostrando, como dixo Emerson (penso), que as palabras son vasculares e vivas. Amo a literatura das ideas e da introspección e tanto me ten que a moi poucos lles simpatice esa prosa espesa; esa literatura de autor (ás veces non sinten simpatía por ningunha literatura). A min tampouco me gusta a literatura de evasión de mercado esaxerado, nin os xéneros literarios que encorsetan, nin o fútbol, nin a meirande parte de programas da televisión, nin a posesión de cousas materiais como máxima vital, nin os ídolos, nin os deuses, nin as modas, nin a xente “chic”, ni “vip”, nin os saraos das persoas que non coñezo en persoa, nin as revistas do co-

razón, nin o consumo esaxerado de cousa calquera (alcohol aparte)...

Todas esas persoas encadrables en calquera deses [endo]grupos están no seu dereito lexítimo de rexeitar a literatura de autor, como eu os rexeito a eles, claro. Vivamos e deixemos vivir, navegantes senlleiros que visitades a sección esta. Visitades estas reflexións porque vos da a realísima gana, porque algo lle topades, por empatía, por curiosidade ou porque vos gusta. Porque vivides.

Jorge Emilio Bóveda

Semana 30-3-2009

...SERÁ?

Este que subscribe opina que os que se dedican á cultura e á intelectualidade perden a esencia cultural ou intelectual ao divulgar aspectos culturais e intelectuais en detrimento do afondamento persoal na intelectualidade e a cultura. Para que me entendan. Que sería de Joyce, Kafka, Borges ou Pedrayo -por exemplo- se investirán **TODO** o tempo dedicado á súa produción literaria en falar de literatura en prensa, radio ou televisión???? pois que non serían nin Joyce nin Kafka nin Borges.

Esto ven a conto porque se me ocorreu unha pregunta extensible aos ámbitos englobados na intelectualidade e na cultura: será cultura falar de cultura? Será literatura falar de literatura? Será filosofía falar de filosofía? Será arte falar de arte?... pois non.

Os que sintan a chamada dalgunha disciplina do ser, que non perdan o tempinho en divulgacións. disquisicións, cenáculos porque seu intrínseco deber é responder a esa chamada e non o demostrar o moito que saben sobre algún tema monopolizando paparotas, francachelas e algardas diversas. A gaita para o gaiteiro. O escritor a escribir. O que moito queira refulxir quizais non

sexa tan escritor como se pensa. Ou pensan que si?

Un escritor

Semana 6-4-2009

CELO 2.0. OS FIGURANTES DO ENSINO

*Quizais se o corpo se fai vello e se debilita,
tamén se debilite o espírito.*

Jenofonte

Tras ter escrito sobre o celo profesional nas páxinas 85 e 86 do meu libro *A TRAVÉS DE CRISTAL. Breviario de perspectivas* (Liberlibro 2006 ISBN 9788495943991), que poden descargar de xeito gratuíto na web da Asociación de Escritores en Lingua Galega www.aelg.org ou no xornal dixital www.mundourense.com, volvo a el —ao celo— co corazón envelenado co cianuro da desidia e o mal facer dalgunhas persoas que nos arrodean.

Volvo ao celo profesional porque nunha institución latente e patente na nosa sociedade, de importancia tal que “educa” aos nosos fillos, hai (e haberá) figuras, ou mellor dito figuróns ou figurantes, que non dubidan en vivir dos demais, xa sexa dun xeito coma doutro; vivir dos propios compañeiros de traballo ou de quen se poña por diante, se é que se deixa. Recorrendo con pudor cero ás MENTIRAS, ás TRAMPAS. E pensando eternamente, como dixo o psicólogo ourensán Camilo Varela, que as persoas dialogantes e democráticas até a medula “somos”, en determina-

dos contextos, parvas ou pánfilas, ou parvas e pánfilas. E non é de recibo en absoluto.

Protesto amplamente pola falta de profesionalidade no ensino en particular, por agardar o salario facendo o menos posible, por amorear trienios e sexenios, e nonenios se os houbera, e agardar que os traballadores máis novos lles tiren as castañas da lareira aos figurantes. Anóxame a estulticia, o pasar pola vida sen que a vida pase por un, a estolidez, a apatía, o desinterese, a incultura, o dogmatismo, a unilateralidade...

O ensino é algo importantísimo pero a institución tende, lamentablemente, a evitar o conflito e salvagardar a calma a costa ás veces da acometividade de irregularidades, converténdose este ensino nun lamentable “gremio” de funcionarios displicentes, dos arquetipados que non queren traballar e só queren tomar cafés e cubrir quinielas. Logo, cando chega o informe PISA, botamos as mans á cabeza porque España é un dos países de cola en rendemento académico. E LÓ QUE ESPERABAMOS?

NOTA: Como en todo ámbito, como en botica ou rebotica, hai honrosas excepcións que fan do acto educativo unha experiencia positiva e arrequecedora para alumnas e alumnos, o verdadeiro, único e último obxectivo da educación.

Semana 13-4-2009

CABEZA DE TURCO

Os problemas sempre están fóra de nós.

A culpa de todo téñena os demais.

*Hai conspiracións “xudeomasónicas” ao noso redor
nós non somos culpables de nada.*

Pepe era un vello medroso que vivía coa súa muller Isolina nunha aldea chamada Loirás. Era unha vila pequena cun grande camposanto que se estendía como podía ao redor dunha igrexa tan vella como a vida. Unha igrexa alta e rexa cunha torre que polo día amosaba o paso do tempo coas súas manchas de lique, e pola noite destacaba oufana contra a luz pálida da lúa.

Conta a lenda que nun pasado moi, moi afastado, na noite de fieis defuntos, un monstro xigante viaxaba dende o pasado máis pasado cara o presente máis presente e sentaba no tellado da igrexa, apertándose ao campanario para que seu corpo enormísimo non escorregara. Chegaba para render contas e ouveaba cun son tremelicante pero terrible o nome do vindeiro veciño do pobo que ía morrer.

Cando chegou a noite do trinta e un de outubro do ano dous mil e nove, ao Pepe, estando na cama, véuselle á mente a lenda do monstro do pasado e, cando estaba a piques de se cubrir coa

manta para esquecelo, escoitou un salaio, un besbello, un berro, un ouveo terrible que fixo que os pés se lle conxelaran e lle rubisen calafríos dende as pernas até as costas. No ouveo percibíase con claridade “Pepe”, “Peeeppee”, “Peeeee-eepeeeeeee” e o vello lembrou que, segundo a lenda, o monstro do pasado avisaba da morte do seguinte aldeán. Lonxe de acabar de morrer co medo, ocorréuselle unha idea abraiante...

Baixou ás apalpadas cara a cociña; escura e tebroosa, púxose de xeonllos e meteu a man debaixo da artesa que a Isolina enchía de comida cada día. Moveuna dunha beira á outra até que súa man topou o que fora buscar: unha caixa grande de mistos. Fóra, na igrexa, o son terrible do monstro non calaba: “Pepe”, “Peeeppee”, “Peeeeepeeeeeee”.

O vello abriu a caixa e tirou dela con dous dedos unha cascuda gorda e feísima que tiña agochada en tal sitio porque sempre lle chamaran a atención aqueles animais pola súa resistencia, polo seu aguante. E porque á señora Isolina lle daba moito noxo. Achegouna aos ollos e besbellou:

—Xa sei como te chamarei: Pepe. Serás a cascuda Pepe.

Á mañá seguinte o becho amenceu morto, coas patas cara arriba.

Un contista

Semana 20-4-2009

LER NOVELAS

Teño un amigo, un bo amigo, que meazona a cotío seu profundo desinterese pola novelística en xeral e por Javier Marías en particular, aducindo que os escritores botan cincocentas páxinas para dicir unha soa cousa e que o que quixer en verdade adquirir cultura debería ler libros de ensaio. Materias concretas que leven da man ao lector cara o coñecemento.

Discrepo absolutamente desa idea, pero supño que meu amigo se atopa na fase previa ao costume de ler novelas e, se chegara a coller o hábito, toparía a conclusión de que da “ficción” (el engloba toda a novelística nesa palabra horrosa), da novela das ideas ou de autor, ou de ideas de autor, si se aprende, e ademais se aprende, e en grande cantidade e calidade. Pois ler novelas non é máis ca **DESCUBRIR A REALIDADE A TRAVÉS DE MUNDOS PARALELOS.**

Esta idea do descubrimento da realidade a través dos paralelos mundos dos libros engarza ben coa idea principal do discurso de ingreso na Real Academia da Lingua Española de Carlos Castilla del Pino, que dicía, grosso modo, que as personaxes novelescas describen mellor a reali-

dade porque ábrese máis intensamente. Idea esta que non é a primeira vez que amoso nestas perspectivas e que está case convertida en leit motiv na miña novela en castelán *El Gallo de Morón* (Liberlibro). É importante. A idea e ler novelas. Créanme.

Un escritor

Semana 27-4-2009

FAUSTO FICCIÓN

Hai persoas de idade que tratan aos novos como se a xuventude fose un defecto ou unha condea. Como se a menor experiencia fose un lastro e até os hai que se amosan despectivos ante unha trintena vivida por outros. Como se os novos fosen culpables da súa cronoloxía. Resulta absurdo pero pódolles asegurar que existen homes e mulleres de máis de sesenta anos que amosan este rango.

Será polo terrible cíclope da envexa? Será por deformación educativa cara os fillos propios? Será por pedestre e simple repugnancia? Será porque a vellez aborrece? Será porque os medios de comunicación enaltecen á xuventude como o valor seguro e case único na sociedade? Será por resentimento vital? Será porque a panacea da eterna xuventude é só iso, unha panacea? Será porque o tempo asoballa? Será porque os reloxos nos engulen? Sexa polo que sexa estes sexaxenarios e estas sexaxenarias non perciben que a condea da xuventude se cumpre dun día para o outro. Ai!

Un que día a día é menos novo

Semana 4-5-2009

VIRUS

O sol fíltrase polas fendas da xanela pechada e arrecende a preludio estival, máis eu, que funciono coa luz do sol, non me atopo ben. Unha catarreira “anacrónica” apoderouse de min a través dun virus invisible e nin me deixa respirar, nin discernir, nin ler, pensar, dilucidar... escribir. Pois isto que len é o ditado á miña man dereita* dun intruso que habita un sector recóndito no meu maxin. Un sector somentes. O resto está enfermo, estou maliño igual có mundo, teño un virus que con amor me contaxiou miña filliña. Un virus que soluciona grande parte dos informes médicos e dos que meu ordenador ten a ducias, seguro, filtrados da internet como donicelas afiadas e ociosas.

O mundo tamén está ateigado de virus, e non me refiro a sensacionalismos tales como a Gripe do porco, eufemísticamente chamada Gripe A, esas non son mais ca estrataxemas para manernos preocupados. O mundo padece do virus da cobiza, e mentres ese virus non se erradique, que non se erradicará, seguirá enfermo; seguirá maliña esta bóla con forma de mandarina que vira. Penso que non hai vacina para a cobiza que mantén as desigualdades mundiais como

están e as políticas internacionais como conflitos de intereses económicos...

Como dicía aquel chiste vello das prostitutas pouco agraciadas físicamente que insultaban a un viandante bebido chamándolle borracho e este replicaballes: si, pero a mín pásame mañá. Meu virus seguro que esvaece mañá por motivo dos fármacos prescritos polos médicos, pero ao mundo seguiralle a quedar a condea a galeras da enfermidade terminal da cobiza. Si, terminal, escribin terminal, e pódolles asegurar que son unha das persoas máis optimistas que vostede poida coñecer.

Con cariño

Un enfermo

Semana 11-5-2009

CHANZOS

Mentres gozaba coas buxainas, sobres sorpresa, paracaídas de un peso, picolandia, petazetas, cromos de Ulises 31, ou de E.T., ou de V, ou de Comando G, agardaban pacientes envoltos no arrecendo de tempo tinta e po Edgar Allan Poe, Emilio Salgari, Julio Verne, Isaac Asimov, H.P. Lovecraft, Conan Doyle...

Unha vez esquecidas as lambetadas e postos ollos, mente e corazón nestes clásicos, agardaban pacientes envoltos no arrecendo de po, tempo e tinta Proust, Joyce, Ortega, Kafka, Mann, Stendhal, Paul Valery, Camus, Borges, Milton, Cela, Pessoa... vivos e sabios, pendentos ou pouco pendentos do lector. Pero sempre eternos, agardando, pacientes. Mentres eu, inxenuo, ocupaba o anterior chazo.

E resulta que, sen esquecer os dous chanzos anteriores, unha vez medio asimiladas as ensinanzas dos habitantes dos segundo chanzo aparezo no terceiro cun sabios que, sen sabelo, agardaban por min, pacientes, envoltos no cheiro de tinta e “intempo”: Juan Goytisolo, José Saramago, Sandor Marai, Javier Marías, Eduardo Mendoza, Xosé Carlos Caneiro, Lóbo Antunes, Milan Kundera, Imre Kertész... E así seguirán

facéndome medrar e constituíndo chanzos dunha
escalinata que se sube a si mesma.

PD: non teñen que suscribir estas divaga-
cións. A literatura nunca nos ha de salvar

Jorge Emilio Bóveda

NIN MAIS NIN MENOS... MEDIA

En canto aos medios de comunicación ultravisuais (pobre libro) hoxe está todo deostado, mais este que subscribe pensa que temos o que queremos; e o que somos. Os programas do corazón, que ninguén ve, son líderes de audiencia nas sobremesas, adormecendo a propios e estranhos recen comidos, coa súa bazofia “informativa”. Supervivientes, Gran Hermano e Operación Triunfo van polas edicións vixésimas, cada vez nos petardean máis con series sobrenaturais, criminalísticas ou castizas, porque seguen a tendencia que vende. Da mediatizada figura dos políticos mellor non falar. E, queirámolo o non o queiramos, nos representan. Tanto os programas, como as series, como o xeito amarelo de contar as novas nos telexornais como os políticos. Todo é unha representación nosa.

Pero saben o que lles digo? que nin sequera meu maxín escritor é quen de imaxinar unha sociedade española diferente, con contidos culturais televisivos nos prime times, co noso alumnado á cabeza do alumnado europeo e mundial en canto a rendemento académico. Non. Non son quen de pre-velo, de imaxinalo, de avanzarme a un presente paralelo de hipótese. Non será que esta sociedade galega e española nosa estivese

dende sempre predeterminada? Alguén de voste-
des imaxina algo alternativo? Cómo? Non será así
e punto? Non será que noso carácter comunitario
determina o que nos ocorre?

Escribidor

Semana 25-5-2009

...E TI DE QUEN ES?????

Aos ollos dun entendido en fundamentos de política pura as eleccións europeas amosaron que a cidadanía ten predilección polo capital e a propiedade privada en detrimento das políticas sociais, cando en realidade, a férrea realidade nos di que, pese a que as cores políticas definan un corpus de ideas concretísimas, a masa seguimos votando dende o punto de vista castigador ou dende o punto de vista de pertenza a un grupo pechado.

-Hai unha crise tremenda. Ides ver, vóulle votar aos azuis... como se a crise non fose unha ameaza xordida de vello en América...
-Eu son dos vermellos de toda a vida... coma se os parámetros non cambiaran cos anos e as persoas non fixeran análises de conciencia...

É que seguimos a darlle o mesmo trato á política e ao fútbol, no canto de racionalizar calquera paso que se dea, pois ela, a política, queirámolo ou non, representanos. Así, sen racionalizar, votamos á dereita sendo fillos de obreiros, ou votamos á esquerda pisando a calquera con tal de ter ben chea a despensa da nosa familia.

E vostede de quen é? De Kas laranxa ou Kas limón? Dos brancos ou dos negros? Dos azuis ou dos vermellos? Dos tigres ou dos leóns? Do Barcelona ou do Madrid? Dos indios ou dos vaqueiros? Dos bos ou dos malos? Dos republicanos ou dos nacionais? En definitiva Do PP ou do PSOE? Non. Non se trata deso. Trátase, penso, de coñecer en todo intre as características do pavimento que pisamos.

Non é cuestión de pertencer por pertencer nin de empregar o voto como castigo. Cada un no seu recadro da existencia pero sabendo sempre por que.

Un

Semana 1-6-2009

RELATO CÍCLICO

A humanidade móvese entre moita repetición e pouca innovación

Vivimos de xeito inconsciente nun sistema de aconteceres ciclados. Os veráns, cun verán máis nas portas, as festas de Ourense, cunha festa máis a piques de comezar, os gobernos de esquerda e de dereita, cun goberno de dereita na Galicia e outro a piques de chegar a nivel nacional... e é que nos repetimos como humanos que somos, reiterativos, intermitentes, pero sempre acudindo ao punto de partida. De que serve innovar? de non moito, pois.

A invasión do Iraq xa se fixo polos mongois en Bagdad no ano catapún. Calquera berro ou discrepancia conduce a un conflito que desencadena unha guerra. E as guerras son todas o mesmo. A democracia xa a había na Grecia clásica, antes dos reinados tiránicos. O laicismo moderno e progresista xa se deu na época da Ilustración. O “turismo termal” xa se deu na época da romanización.

Todo o anterior fainos sentir arrepiós ao pensar que neste suposto século XXI da suposta era que nos contextualiza pode chegar calquera cousa en estado de repetición histórica. Botemos

a vista no rango de tempo dende hai cinco mil anos até hoxe e poñámonos a tremer. Dígocho eu.

Cíclico

Semana 8-6-2009

COLECTIVO INCONSCIENTE

Nota: pido previamente desculpas a C. G. Jung por esta divagación.

Pensen nos milleiros de millóns de humanos que conformaron a humanidade dende a orixe dos tempos. Pensen despois no coñecemento que estas persoas foron legando á conciencia colectiva (ou, se me apuran, inconsciencia colectiva). Pensen que, se houbose posibilidade de almacenar recordos nos xenes, estes poderían transmitirse de xeración en xeración. De aí o segredo das regresións hipnóticas e as patrañas sobre outras vidas vividas (perdónenme os científicos, os puristas e Iker Jimenez).

Xa sei que estes razonamentos un tanto pedestres e seudotranscendentais cheiran á teoría do inconsciente colectivo de Carl Gustav Jung, psiquiatra suízo que desenvolveu unha teoría co “Inconsciente colectivo” como concepto básico. Dita teoría establece que hai unha linguaxe común aos seres humanos de todos os tempos e lugares do mundo, conformado por símbolos primitivos cos que se expresa un contido da psiquis que está alén da razón, transmitida a saber como.

Cada vez cobra máis forza, pois, collendo ao señor Jung da man e sen enténdelo moito, a explicación de que esa linguaxe propagada á humanidade total faga de nós un «colectivo inconsciente» dende a orixe dos tempos. Sen demasiado interese en razonar, en saber, en autoconñecerse, en convivir democráticamente. Con moito interese en pensarse superior aos demais, en amosarse bruto, animal e instintivo, en satisfacer os instintos...

Ás veces penso que, por mor desa transmisión lingüística cargada de máis vicios ca virtudes, a humanidade pulula cega, inconsciente da súa propia transcendencia, formando inconscientemente un grande “COLECTIVO INCONSCIENTE” Para cando un despertar??????

Un individual inconsciente

Semana 15-6-2009

PARVAS FORMIGAS

Mentres pasaba o ferro ás pequenas prendas da miña pequena prenda, vin un documental sobre o espazo e o tempo. E decateime de canto choca o transcendental, o astrofísico e o case metafísico* coas absurdas preocupacións e os moi humanos comportamentos.

O tempo e o espazo cósmicos son unha monstruosidade en comparanza coa insignificancia nosa. E, así e todo, seguimos mentindo, sorrindo ás persoas que non nos gustan, ofrecendo beixos e apertas ao próximo á vez que lle facemos mentais xuízos sumarísimos, ou dando a razón insultando mentalmente pola carencia de razón.

E a bóla do mundo vira entornada no valse interestelar pola inefable cantidade dos corpos celestes. Vira. Rotación, translación, quasares, relatividade, non tempo, anos luz, constelacións, galaxias... inmensidade. Infinito... Imbécil. Porque, na inmensidade, nós cada vez nos facemos mais pequenos, concedendo importancia e entrando no xogo perpetuo das cousas insignificantes que contextualizan á mediocridade na condición humana.

*O astrofísico é ás veces metafísico para
miña comprensión limitada.

Unba formiga

LITERATÚA

Hai certos libros que che fan volver atrás no tempo, pero no teu tempo, esvaído. Que constitúen verdadeiros fenómenos dejavú. Que che levan a camiños recorrentes e a paisaxes comúns que che fan sentir marabillosamente ben, porque compatibilizan perfectamente coas túas lembranzas, túas ideas e o teu xeito de pensar. Ideas, que se amorean coas outras ideas, ate ir construíndo unha vida aos poucos. Unha vida, que nos “lembra” o imprescindible que é recordar. Pois eles, os recordos, serán o único que habemos levar con nós á cova.

Este sentimento mo produciu o universo caneiriano sintetizado na súa última novela curta. Volvín paladar os personaxes estereotipados dentro da estereotipia propia do escritor de Verín, no seu mundo estilístico eclosionado que nos di TODO sobre o que subscribe. Xa que na súa literatura todos os personaxes converxen nun mesmo punto chamado Xosé Carlos Caneiro: Libardino Romero é Tristán Lucas, quen á súa vez é Hermelinda Bovary, quen á súa vez é Tomas T. (personaxe principal desta obra que me ocupa), quen á súa vez é o escritor. Case nunca se ve un fío tan directo entre un autor e unha obra, e iso é de agradecer, pois denota, transpira, zu-

mega SINCERIDADE. Algo que se bota en falta en certos ambientes literarios.

Blue Moon é, pois, literatura caneiriana concentrada, onde atopamos todas as constantes que definen súa prosa pulida e musical: un dos personaxes dedicado á psiquiatría, unha adxectivación exacerbada, inventada e ás veces voluptuosa, unha chea de infelicidade que che da pulo para quere-lo saber todo deses personaxes infelices e humanísimos, policías sen demasiado protagonismo (exceptuando ao Aurelio Arias de Ébora) e unha atmosfera cargada de síndrome Bovary. Bovarismo: estado de insatisfacción crónica duns personaxes producido polo contraste entre súas ilusións e as súas aspiracións e a realidade que as frustra. Porque a literatura de Caneiro é unha grande lúa azul plena de melancolía e desazón. Somos humanos e, por iso, nos envolve, nos chama e nos leva.

J. E. Bóveda

Semana 29-6-2009

CATEGORÍAS

Lembreime das verdades parcialmente inexactas cando viaxei ao Reino Unido por última vez. Os tópicos, os estereotipos; esas armas inermes de ferir que feren, que sinalan co dedo tontamente. E nunca atinan. Di o tópico que os ingleses son secos coma os casteláns de Castela, que non se divirten, que non teñen humor, que son altivos coma os madrileños, que non saen pola noite coma os alemáns, que comen mal coma os andaluces, que son todos obesos coma os americanos, que as inglesas non se depilan, coma as francesas, e están esbrancuxadas coma as suízas, e son feas coma o demo... maldita estereotipia inane e ignorante.

Falei cunha parella divertidísima bebendo unhas pintas no Soho de noite. Un policía no palacio de Buckingham díxome, facendo alarde dun humor finísimo, que as mulleres, indiscretas, son as que máis se arriman ás reixas para ver o cambio de garda e que algunha chega a meter a cabeza entre os ferros e non a da tirado. Os bobbys fanse fotos contigo, os gardas do museo británico son agarimosos e ledos. Hai restaurantes de todo tipo para comer calquera cousa e supermercados de varias clases para mercar o que queiras comer. Hai inglesas tipicamente louras

moi atractivas, hai xente de toda clase, cor ou condición. De todo menos british. E o británico de cepa non cumpre o tópico ao cen por cen. O único que se cumpre de xeito rexo é a condución pola esquerda.

E que penso que precisamos categorizar para vivir máis tranquilos. Ordenar aínda que sexa de xeito aberrante. Meter no saco que nos pareza aínda co risco de prexulgar. E non é de recibo. É preferible vivir en máis desacougo e comprender dunha boa vez que hai unha diversidade individual que opera alén dos colectivos. Que non estamos no mundo para colgar etiquetas senón para intercambiar experiencias e coñcementos e medrar.

Un galego que sube

Semana 6-7-2009

O PORVIR DO APRENDIDO

Hai frases que, entre outros sentimentos desagradables, producen estupor. Sentencias pouco traballadas humedecidas no atraso do tópico. Oracións rápidas expelidas polas bocas sen o mínimo albisco de raciocinio. Expresións que detectan a categoría máis mediocre da humanidade. Cadeas de palabras que, quizais, tenten demostrar o pouco que medramos interiormente e o moito que o facemos parvamente, en estulticia, en apatía, en acritude, en displicencia...

A frase que petou nestes días contra meus oídos estupefactos foi: **Á MIÑA IDADE QUE VOU A APRENDER?** Pois, meu meniño humano, moito, sen ánimo de empregar ese refrán manido que o lector ten en mente (nunca te...), inzarei a voz para dicir por escrito que a vida toda é un aprendizaxe continua, unha educación permanente, un intercambio soterrado de informacións válidas ou valiosas, ou ambas cousas. A vida é unha lección de leccións, enorme, inabarcable e necesaria coma o alimento.

Cada intre posúe un distinto fío directo co coñecemento e a aprendizaxe porque o “aprender” primeiro nos dotou de adminículos para o “aprender” seguinte, nunha sucesión didáctica

que todas as persoas que conformamos a grande aldea deberíamos valorar. Cando a triste realidade brámanos que sentencias dogmáticas e totalitarias como **Á MIÑA IDADE QUE VOU A APRENDER?** Póñennos de manifesto que estamos rodeados de conformistas conformes que se cren sabedores do camiño da ortodoxia. Ou que están resignados nas súas infaustas existenciais. Cando deberían saber que se fai vello e se consume o que mira cara ao pasado ignorando o futuro. A aprendizaxe que aínda está por vir. Que si.

Un discente vital.

RANCOR

É unha serpe ominosa que morde en si propia. Unha mesquiña meretriz que, á mínima de cambio, se cobra máis da conta e queda co cambio. Unha pantasma indesexable que aproveita as conxunturas insospeitadas, as menos oportunas, para saír ao paso coas súas fantasmais gadoupas abertas en cruz; unha cruz para a túa crucifixión dende o principio dos tempos. É un cobrador de morosos que sabe perfectamente o que cobra pero non para quen traballa. É unha lagoa cristalina que se transforma en poza terrible e cheirenta cando menos o agardes, por orde de alguén que botou a inmundicia nesa poza perdido no tempo. É un xuízo sumarísimo que ripará túa cabeza nunha sorte de Marble Arch improvisado, inesperado, ominoso e criminal. Un prato frío que sabe á arxila daquela poza de hai unhas liñas. Un inesperado bloque de xeo encol de nosas costas non decatadas. Unha xustiza, quizabes, abondo xusta, milimétrica, ollo por ollo, simétrica e especular (de espello); reflector insaciable da condición humana que suma enteiros que se fan irmáns da mala fe, a envexa, cobiza, fachenda, maniqueísmo, dogma e, en xeral, do que non nos cómpre para progresar humanamente, en calidade, en espírito, en evolución, en personalidade. Porque el, o rancor, é unha bomba de ignorancia

con temporizador, que estoupa nun “xa me fódiches agora tócame a min”.

E unha pregunta xorde ao paso desta reflexión en metáforas: será maniqueísmo considerar ao rancor coma un inimigo? Para non correr o risco de incorrer neste parente do rancor (o maniqueísmo), o plan case perfecto é colocarnos de escorzo a el e darlle as costas. Porque así, e só así, veremos un escollo menos na necesaria humana evolución. Pensémolo pois.

Un ente que carece de rancor.

A MORTE DO ARTISTA

Deslízase xullo insulso. Esvara coma un bloque de xabón puro sebo na pedra de fretar. Sen sabor e pasivo, dándonos información falsa de que todo vai ben, conforme o establecido, de que o mundo marcha calmo como dorna en auga estanca; calmo e sen incidencias, de que a túa casa é unha prolongación da humanidade, cando o humano se debate entre si propio e a catástrofe, entre súa supervivencia e a pervivencia do mundo, levando mal o logro dos semellantes e vangloriándose -de xeito inconsciente se querencos fracasos, e perdendo a perspectiva dos grandes conflitos alleos de puro reiterados.

O do incomodo cos logros dos veciños reafírmoo coa lectura da biografía de Rafael Cansinos Assens en tres tomos. Cando fala da bohemia madrileña de principio do século XX: Valle Inclán, Jacinto Benavente, Pío Baroja, Pedro Luis de Gálvez, Pedro Barrantes, Xavier Bóveda, Armando Buscarini... que cohabitaban un mundo de letras sempre coa mosca trala orella por se alguén triunfaba máis cós outros. O que nos da a entender que, nesto da literatura, coma en outros ámbitos, só a morte do artista o libra do estigma horrible de ser envexado. En cantos

casos, mi madriña, a morte do artista é a súa consagración.

Un que sinte ledicia polo éxito do próximo

Semana 3-8-2009

METÁFORA NOVA

Como escribidor que describe a realidade, tropecei cunha metáfora nova, sen estética literaria, pouco bonita, pero moi reveladora. Unha metáfora que representa dous conceptos similares pero diferentes. Un do momento presente, pero no presente de todos os momentos, e outro universal e ubicuo, tema central da literatura de todos os tempos.

Por unha banda a metáfora esta fala do efémero, do pasaxeiro, do Express, do abocado a fenecer; corrente á que se arrogan os máis novos (ou os menos novos ignorantes) adeptos á congregación do *carpe diem*, sen pensar por un intre no carácter moi finito que teñen certas cousas. As modas non son de recibo, non.

Na outra banda a metáfora escarva nosa propia existencia, que subxace. O manido, pero inexorable, paso do tempo, a decrepitude, o drama dos cambios físicos, o advenemento das canas, a mutación da carne, a perda de fluídos e a inevitable morte. Quizais o xeito de “desoír” esta banda do tempo frenético sexa adscribirse á outra banda, a das modas, pero penso que os adeptos á banda do efémero non ven máis cas bonitas e engaiolantes cores. Rexeiten as modas, as ten-

dencias, o cambiante, o que non ha permanecer, o abocado á substitución; ao re emprazamento.

Ao fío da perspectiva estarán vostedes dicíndose: onde diaño está a metáfora? Pois a metáfora “nova”, a que contextualiza a perspectiva ten que ver coas novas IMPRESORAS FOTOGRÁFICAS; cachifallos nunha tendencia actual de fotografía doméstica. E que terá logo que ver a impresora fotográfica doméstica coas dúas bandas que reflectimos??? Para sabelo fága-se cun trebello de impresión a “toda” cor, merque tamén papel fotográfico en cómodos (e caros) paquetes, e imprima unha imaxe que a súa vontade dite...

Aparentemente ha pensar que ten o resultado do traballo dun dos mellores fotógrafos, pero logo comprobará que as horas comezan a comer con ansia as cores, que os días comezan a desdebuxar os contornos, que as semanas comezan a desvelar unha imaxe deprimente, que difire moito da inicial exposición de cores. Porque estas máquinas de impresión que están de moda na década do 2000 propenden á imaxe efémera que o tempo larpeiro engulirá. O que o tempo a longo prazo (Cronos) non conseguiu facer coas imaxes sepia dos nosos avós, faino o tempo a curto prazo (Cronida) coas imaxes estas, paridas polas domésticas máquinas do diaño. Ven a metáfora?

Un fotógrafo case cego

Semana 10-8-2009

...NON FACER APRECIO

A Gallaecia xa non é meniña. Quedoume definitiva constancia na última visita a Aquis Querquennis; como saben, achádego dos restos dun campamento romano, preto de Bande (Ourense). Facía moitísimo calor pero, aínda así, dentro desa ruína respirábase unha atmosfera do devir dos tempos. Daba a impresión de que ía peitear meu fociño unha centuria de soldados romanos recen sabidos que o río do esquecemento é só lenda (menos mal). Pedras, malamente sobre outras pedras, onde hai dous mil anos houbo un templo, barracóns dos soldados, un hospital, un enorme hórreo...

Era agosto. Alta temporada do verán. Estaba eu só, paseando entre os vestixios coma unha pantasma do futuro. O resto dos humanos da cohabitación temporal miña tomaba baños no encoro das Conchas: flotadores, colchóns de inflar, balsas, cremiña, nenos, ignorancia, merenda... As ruínas senlleiras igual co edificio do centro de interpretación do xacemento, cuxo aforo se limitaba a algún turista estranxeiro por hora, perdido coma min, pero cuxa présa lle impedía ler os paneis de información.

Xa falei nalgunha perspectiva –polo tanto constante no meu pensar- da humana propensión

instintiva a desprezar o patrimonio, a cultura, e a historia mesma. Como lle sucede a este xacemento de Bande e, consecuentemente, ao seu centro de interpretación, apto só, supoño, que para escolares, entusiastas e estudiosos, no que nos podemos facer unha idea da Gallaecia previa á romanización, dos devanceiros da zona, os querquenos, e a fundación da Gallaecia como territorio no século III.

Datos, datos, que nos marcan un roteiro temporal que, se estamos atentos, irá parar a ese punto do tempo cando o centro de interpretación das ruínas de Aquis Querquennis sexa só unha ruína, e haxa inzado preto outro centro de interpretación que interprete o actual centro de interpretación. Aínda que, como siga o humano desinterese, apatía e desprezo, quizais nos agarde a nada, a ignorancia supina e os esquecemento. Quen sabe.

Pantasma do futuro

Semana 17-8-2009

ENVÍA PENSAMIENTO AL 5455

Danme medo certas cousas. As compañías telefónicas e de internet, por exemplo, neste mundo superficial e competitivo. Ás veces reflexiono se non serei eu un chisco reaccionario, pero chego a reafirmarme en que este mundo é superficial e competitivo. Da noxo. O advenimento das tecnoloxías audiovisuais ultra portátiles e da internet nos amosan como os humanos, na súa loita pola subsistencia, andan agudos para coller, pero non para deixar, nunha loita sen cuartel que mete medo, que nos arreda aos alleos. Tenten cambiarse dunha compañía de internet a outra, por exemplo. Se eu só quero facer uso dun mundo ilimitado de información como é o internet, por que diaño me teño que ver nunha refrega de intereses?: número de cancelación, alta, cota de liña, ADSL 1 mega, 3 megas, 10 megas, non se vaia, nosa compañía déixallo máis barato, entón por qué non comezou así?... Pero queren deixarme en paz co meu ordenador, miña conexión modesta e meu procesador de textos???

Envía gratis PROMO al 23242. Consigue el clásico PACMAN con un sólo mensaje XXXXX INFORMA: para informarte sobre como gestionar la baja definitiva de tu servicio Xxxxxx, es necesario que nos llames al xxxxxxxxxx de 10 a 22. E trataremos de

convencerte por todos os medios de que o que nos che damos é mellor e que nunca, na túa vida, atoparás un servicio cibernético semellante.

Estamos nas súas mans, somos coma prometeos en forma de datos filtrados a saber como e eles manéxanos e téntannos dar xeito de arxila, coma un Golem consumidor que vive por e para consumir. O demais non importa moito, tan só ter e non reter. Mentindo, chegando a extremos absurdos da dignidade humana con tal de facerte ver que necesitas ter, sexa o que sexa, pero ter. Modelando a vacuidade. Entendo que todo o mundo é digno de gañar para comer, pero vexo uns tempos onde a ética está a chegar ao chan. Son o único que o ve?

Un consumidor

Semana 24-8-2009

X.M.E.I.

Penso que é algo do que este irredento escribiu noutra perspectiva, algo que engruña o espírito, que fede, algo que calquera, con profanos coñecementos psicolóxicos coma min pode ver. Trátase da fala en tópico, de meter á humanidade no mesmo caldeiro, de pensar o ladrón que todos son da súa mesma condición. En definitiva, de facer Xuízos mentais estatísticos inconscientes. Cábalas sociolóxicas mal afinadas. Emisión de verdades grupais parcialmente inexactas. Erixirnos observadores da realidade fóra da realidade.

Aínda que o parágrafo previo se lles presente certamente estraño estou convencido que cando vaia aos exemplos se han sentir perfectamente identificados, tanto no grupo dos xulgados como do grupo dos emisores de xuízos: A xente é a leche. A xente é mais mala... a xente é unha egoísta... a xente é así, a xente é andando. Xeralmente son xuízos sumarísimos pexorativos, o que demostra que os xuíces, ao así falaren, descoñecen que están incluídos no grupo. Atención porque parece algo nimio, pero a súa importancia radica no fácil que sería matizar un chisco ao falarmos.

Resultaría tan dificultoso dicir: algunhas persoas son a leche. Algunhas persoas son malas. Algunhas persoas son egoístas. Algunhas persoas son así... algunhas persoas son andando... no canto da outra forma antes descrita?? penso que non. Que incluso nos dignificaría como persoas este cambio, porque non hai nada máis preciso co refraneiro cando di *Al pan pan y al vino vino*. Como pensan que se poden sentir as persoas que non pertencen ao grupo demonizado cando escoitan un xuízo sumarísimo tan collido polos pelos???? Pensémolo.

Un individuo

Semana 31-8-2009

SENRAZÓN DE ESTADO

De pasada volveu a min Maquiavelo coa súa idea de Razón de Estado. Coñecida e controvertida onde as haxa. Algo que dicta, grosso modo, que un gobernante pode tomar medidas excepcionais para conservar a saúde e a forza dun estado, baixo o suposto de que a pervivencia do estado (grupo) é un valor superior a outros dereitos individuais. Para que nos entendamos: sacrificar a un individuo polo ben dun grupo. Ou uns poucos individuos, polo ben dun grupo maior.

Sendo eu un individualista involuntario, dóeme pensar que polo ben dunha comunidade se poidan sacrificar persoas de valía, cando o grupo puidera estar formado por nugalláns ou negligentes. Se se me consinte o exemplo, cantas persoas habería en Hiroshima e Nagasaki de superior valía que nos Estados Unidos??? Non influirán en decisións tan drásticas os delirios dos gobernantes? Moitas veces (cantas) con evidentes sinais de enaxenación??? Agora comezo a entender o significado do adxectivo maquiavélico. E non saben canto me custa pensar na pervivencia dun grupo (estado) de inválidos a costa do sacrificio vital dun válido ou uns poucos válidos.

Sufro tamén cando vexo que, inconscientemente, se aplica a Razón de Estado en outros

ámbitos que non se corresponden co político como é nun dos meus, a educación. Non é infrecuente que os corpos directivos sacrifiquen a individualidade en favor do grupo, e non é de recibo para o discriminado, nin xusto nin, se queren, democrático, aínda que se pon en práctica sen premeditación e moito menos aleivosía. Agora díganme, por vintecinco pesetas cada resposta, ámbitos diferentes ao político e ao educativo onde se aplique, de xeito consciente ou inconsciente, a razón de estado, que os hai e sábeno...

Barato émulo de Hiperión

Semana 7-9-2009

NONESCRITORA

Qué razón tiña Alejo Carpentier cando dicía que os adxectivos son as engurras do estilo. Pois os adxectivos lastran a narrativa e fan que persoeiros da literatura coma Lovecraft non se terminaran de consagrar (entre outros motivos). O bo escritor, o sintético e curtido, seica adxectiva pouco, facendo máis fluída, líquida, a prosa que decorre polos beizos do que declama para si; do que pon na súa esencia as pasadas voces dos que tiñan algo que dicir. Nunha comunicación literaria nunca atrancada por antiestéticos apelativos.

Con esta premisa cheguei á conclusión de que dona Humanidade Humana é unha escritora tirando a mediocre, porque “encomia” aos seus semellantes con monllos innecesarios de adxectivos. Pois ten unha compulsión irrefreable á adxectivación; a pender etiquetas adxectivas nos suxeitos e substantivos mais variados e insospitados. Nunha apelación sumarísima case sempre de carácter pexorativo e case nunca reflectindo aspectos positivos. Dona Humanidade nunca dirá que un individuo, chamado por exemplo Vault, é creativo, traballador, asertivo, empático, prudente... pero si dirá que é despistado, hiperactivo e gordo.

Nunca dirá dun médico que é abnegado, servil e solidario pero si que foi comedor dun erro médico. Nunca dirá que Pedriño é amigable, leal e comprensivo, pero si que é inestable emocionalmente...

Dona Humanidade Humana non leva o camiño propio do escritor transcendente. Aquel liberado das Carpenterianas engurras estilísticas. Dona H. Humana é unha escritora mala tirando a penosa, susceptible de mágoa, e por iso adxectiva en exceso, acadando unha nefasta obra literaria que ninguén e todos queren ler. Moito peor que moitos dos escribentes que, a día de hoxe, venden milleiros de millóns de libros. Cando lle preguntaron a Ken Follet por que comezou a escribir dixo que para conseguir diñeiro para arranxar o coche. Cando llo preguntaron a dona H. H. dixo, nun arrebatado de sinceridade, que o facía con adxectivos negativos porque non soportaba as virtudes do próximo co que cohabitaba, o recoñecemento sincero das cousas boas, e que sentía un pracer especial adxectivando ampulosa e despectivamente. Alí quedou, adxectivada. **ESCRITORA MEDIOCRE.**

Un adxectivado

Semana 14-9-2009

MALDITOS SUPEREGOS

Sen ser grande seguidor de Sigmund Freud, pois son dos que opinan que súa teoría da psicanálise fundaméntase na súa propia personalidade, quedo coa audacia dos tres sistemas de fama universal que atribuíu á personalidade humana: o elo, o ego e o superego. Grosso modo o “elo” sería a parte primitiva, innata e desordenada da personalidade, que comprende todo o herdado e representa impulsos, desexos e necesidades máis elementais (busca de sexo, necesidade de comida, agresividade...). O “ego” e a parte da personalidade que tenta cumprir de xeito realista os desexos e demandas do “elo” co mundo externo, conciliándose a un tempo coas esixencias do “superego”, que non é máis ca imaxe ideal que o individuo se forma de si mesmo como unha conciencia moral que controla e modera os instintos.

Hai un personaxe novelesco chamado Pastor Páez, que sae na triloxía de novelas de J. E. Bóveda (e NON alter ego deste): *Proyecto Allende*, *Efecto Sufijo* e *El tercer motivo*, que ten moito que ver cos sistemas freudianos e que —penso— reflicte ao humano medio en detrimento do arquetipo ideal de persoa, a que ten o “ego” completamente equilibrado sobre o “elo” e o “superego”. A saber: Pastor Páez herdou de

seus devanceiros a tenacidade, a perseveranza. Naceu cos desexos de calquera persoa e ten as necesidades máis elementais (encántanlle as mulleres, é de natural covarde...). Pola banda do “ego” Pastor Páez tenta cumprir realmente os seus deveros máis politicamente correctos, o ético e xusto cara afora, pero non quere unirse a unha muller porque, segundo el, dese xeito nunca saciaría súa sede. E segundo o “Superego” ten unha ansia irrefreable de darse a ver á sociedade como alguén que todo soluciona co don da palabra, persuasión, sentido común, raciocinio e sen un mínimo albisco de violencia. E anula da vida pública todo o que teña que ver coa muller. Quere darse a ver como un cultivado, un ser na ante-sala do universal coñecemento. Esto, unido á súa profesión de policía nacional, desemboca nunha personalidade inmadura, inestable, fráxil, traxicómica, dúctil e pusilánime.

Cantas veces somos Pastor Páez! Cantas veces evitamos o conflito pola maldita impostura e o verniz do “superego”! Cantas veces calamos por non falar ou falamos por non estar calados! Cantas veces damos a cara cos cuartos traseiros sen limpar! Cantas veces pomos escola sen saber ler! Cantas veces nos facemos o centro de atención! Cantas veces criticamos ao veciño por comer pan duro e duro pan comemos! Superego. Cada un ten o seu, e non hai dous iguais. Superegos. Malditos. Malditos superegos!!!

Bernizado en superego

Semana 21-9-2009

TEORÍA SEUDO DO RELATIVISMO

A teoría da relatividade de Einstein é unha teoría; esa que, mais ou menos e entre outras cousas, enuncia que o tempo é relativo; que a medida que aumentamos a velocidade o tempo deslígase dela. De tal xeito que se enviásemos un cosmonauta a unha viaxe interestelar a Próxima Centauri á velocidade da luz, ao regresar nós seríamos na Terra quince ou vinte anos mais vellos e por el quizais só pasaran cinco anos de vida.

Realmente non deixa de ser unha andrómena que máis andrómena se volve cando o que a procesa é un suxeito coma min, para o que a física é e será unha auténtica ciencia oculta (non cheguei ao 2 no exame de selectividade). Pero si lle atopo xeito cando a converto nunha sorte de pseudoteoría do relativismo, e nunha préa do demo aproveito ao máximo o rendimento do motor de meu coche para cubrir a distancia entre o punto A e o punto B e comprobo que tardo practicamente o mesmo que cando vou relaxado, escoitando a voz de Borges, Bioy Casares ou tantos outros no aparato de radio. Por que será? Pois porque no océano do absoluto xorden ínsulas do relativo. E podo dicir coma o Einstein que o tempo, sen saber NADA de física, burro e lego

como son, éo. ABSOLUTAMENTE convencido
estou de RELATIVIDADE tal.

Un relativo

Semana 28-9-2009

CONTOS

Sempre sentín que o tempo atmosférico era un condicionante fundamental para o estado de ánimo; que del dependía o pleno equilibrio interno. E podo corroboralo con estas nubes pouco agarimosas, este frío case déspota e esta auga acaparadora que só concita os foros interiores á lectura. Quizais de contos. De contos contados para nós ignorantes da realidade que se suspende neles. Seica os artífices dos contos sabían o que facían cando os escribiron. Seica eran axudas para o transo terrible da nenez ao mundo dos idiotas.

Outubro entra tristeiro asubiando unha cantata ao peor desafinada, como banda sonora a unha realidade que semella de conto infantil; só semella. Unha realidade de barcos e piratas e barcos pirata, de guerreiros innobres de segunda. Guerrilleiros. Cabaleiros andantes que xa só son andantes. Princesas asasinadas, case sempre por príncipes ocre; infelices. Meigas e bruxos de escaso mérito; taumaturgos de CCC. Castelos expugnables, quizais hondureños. Castelos inexpugnables, francamente galegos. Monstros varios, abundantes, ás veces con medo dos monstros, ás veces oufanos por seren equivocados monstros en contos trabucados.

Hansel e Gretel sen perigo por estaren ao acubillo no piso de mamá xogando coa inefable Wii. Dos tres porquiños prefiro non falar, pense vostede neles. Casas encantadas... de estar pechadas por dentro. O traxe novo do emperador foi un regalo do seu xastre entre unha mancha de agasallos larpeiros. Brancaneves e os tres ananños quedaron abraiados por un ERE que guindou ao paro a catro dos ananos. Xa ninguén cre neles.

O irman “bastardo” dos contos é o cómic. Que nos di coa súa retahila visual que os súper heroes non existen e quen sabe se nós tampouco. O capitán América é só Obama e grazas. O home non araña, mata. A muller si é unha Marabilla pero ninguén o sabe. O home invisible vive en África. Os catro fantásticos dedícanse á política e non son tan fantásticos. A patrulla X está en calquera conflito intestino. A masa somos todos, e de increíbles nada. Superman só no maxín de Nietzsche. O home de ferro vive na franxa de Gaza. O lóstrego humano goberna calquera país occidentalizado, fai acto de presenza e desaparece. Así estamos, vivindo unha ficción desvirtuada máis real co que sería desexable. E seguiremos pois humanos somos e no camiño nos atoparemos. De camiño á moralex.

Un contacontos mediocre

Semana 5-10-2009

ARQUETIPO DA COUSA

Nota preliminar: onde pensa que ve ego vexa quizabes sentido común.

Un poema precioso de Borges titulado O Golem di que se o nome é o arquetipo da cousa, nas letras de “rosa” está a rosa, e todo o río Nilo na palabra “Nilo”. E como arquetipos que quizais son, non deberían ser susceptibles de cambio. Pois si cambiáramos Nilo por Miño, na palabra Miño estaría todo o Miño, pero non todo o Nilo. Ou o propio se facemos o cambio de Rosa por papoula, por exemplo, que toda a papoula estaría na palabra papoula e non na palabra rosa. É que a nomenclatura, o nome, o apelativo, o marbete se queren, non é algo que se preste ás vicisitudes. O que está, está, e deixémolo estar.

Eu non son menos galego por non cambiar meu nome polo de Xurxo. Pois supoño que todo Jorge está contido na palabra Jorge, e pérdome en min mesmo e sufro crise de identidade ao buscar o que estaría contido nas letras de “Xurxo”. Son actitudes que respecto nos outros pero non quero para min, pois me fai sentir que o que lle debemos ao noso galego querido se susana trastocando nosa nomenclatura. Algo así

como desatender a un fillo durante vinte anos e logo tentar resarcirse nun día. Falar si, pero o que está deixémolo estar.

Non son de trastocar miña nomenclatura, que por outra banda recoñezo un alegato en favor da liberdade de expresión; de expresión que eu non escollín. Digamos que seguín á hora da afirmación persoal un camiño similar ao que escolleu o pouco coñecido escritor Eliodoro Puche, que decidiu, na honra á súa nai analfabeta que comía a “H” nas perentorias cartas que cambiaba co seu fillo, escribir Eliodoro sen ela. Meus pais, nun tempo de complexos lingüísticos, represión e ignorancia, asentáronme no rexistro civil como Jorge Emilio Bóveda. Sendo ela galego falante e el case, e tan galegos coma o mais galego dos galegos. Unha honra e un respecto cara eles. Chámome Jorge Emilio, Jorge Emilio Bóveda.

Todo Jorge Emilio nas letras de “Jorge Emilio”

Semana 12-10-2009

O INFERVIBLE

Hai tempo que pasou dos corenta e cinco anos, pero “procesa” como un adolescente. É hedonista ate absurdos extremos, conseguiu un posto de traballo con fraco esforzo, aproveitando o clientelismo e as redes de influencias que contextualizan á nosa crebada Gallaecia e que teñen fío directo coa súa familia. Como todo o que ven dado, non se esforza demasiado por mantelo. Porque sabe que ese traballo é substituíble por outro saído da rede de influencias, como se se tratase dunha máquina expendedora de postos de traballo. Do mesmo xeito cás posesións materiais, que non coida porque sabe que pode adquirir outras. E abúrrese, e adquire novas posesións das que descoñece a utilidade, pero que se lle antollan porque llas ve aos outros. E conduce a máis de douscentos por hora por tres razóns principalmente: a primeira porque se se esnafra e sobrevive pode cambiar de coche, a segunda porque conduce en consonancia á sociedade Express e ultra rápida na que vive, e a terceira porque non lle foron inculcados valores tan básicos coma o autocontrol ou a empatía por ter, quizais, proxenitores infervibles.

O infervible non valora nada, e ademais prexudica ao próximo para sacar beneficio el mesmo, porque pensa que o mundo todo está cheo de humanos que prexudican ao próximo para sacar beneficio eles mesmos; vaites, que rouba porque xulga sumarísimamente que todos rouban. Concibe as amizades única e exclusivamente polo propio interese e conxuga maravillosamente os verbos da primeira conxugación fagocitar, vampirizar, aproveitar... descoñece as probas de acceso á felicidade porque confunde profusamente tal palabra con hedonismo; que lle fai ter unha fobia atroz aos compromisos, non é quen de cumprir a palabra e é amante dos trámites burocráticos que lle provean garantía “social”, regalías, privilexios... dereitos en definitiva. Nunca, nunca obrigas, pois estas resérvanas para os “pringaos”. Pensa que un bo traballo é aquel no que non se fai nada, está amansado por ser consumidor ate a náusea de cibersexo tras aborrecer á parella tras vela ano tras ano (cansouse dela como se pode cansar do coche, do teléfono móbil, da cámara de vídeo ou do DVD). Pero o caso é que está amansado e adocenado e atúraa a berros covardes pero tampouco se quere desligar dela porque cre que é unha posesión; algo que lle pertence. Non sabe, en absoluto, mirar dentro de si nin reconecer os erros.

Un “pringao”

Semana 19-10-2009

IN FLUINDO

Nota: o texto móvese en hipóteses ousadas.

Hai pouco que me decatei, nun encontro comigo mesmo, de que as influencias do artista, que algúns deostan, son indicador dun aperturismo necesario e un arriquecemento que enaltece a obra de arte. Para nada é malo, por exemplo, ver a Roberto Bolaño en Xosé Carlos Caneiro, a Sócrates en Platón, ou todo o cinema dos anos setenta de baixos orzamentos en Quentin Tarantino.

Mágoa debía de ser, cando un artista rupestre se enfrontaba a un lenzo pétreo, saber que as únicas influencias posibles eran as de outras pinturas rupestres, de trazos esmirrados e puerís aparencias no amencer da humanidade, ou cando os artistas exipcios non eran quen de saír de seu canon estático de debuxo de perfil, porque quizais se arrodeaban sempre dos mesmos modelos, e a falta de contacto con outras civilizacións e artes os obrigaba a mirarse (artisticamente) o embigo, ou cando os gregos estableceron o canon proporcional, que pensaron único e irrevogable e, por iso quizais, todos os artistas parían obras de semellante factura.

Pero a parte magnífica de que os artistas dun período histórico pariran similitudes artísticas (debuxos de La Codorniz, debuxos dos libros de texto dos anos 70 do século XX...) é que se adscriben a esas épocas e se amosan como sinais de identidade histórica. O que ocorre, precisamente, coa arte rupestre, exipcia, grega, romana, etc. Que, aparte de dicirnos que as influencias dos artífices eran escasas noutras fontes que non fosen a idiosincrasia propia, nos deixaron constancia de como se afrontaba a arte (plástica) en distintas épocas determinadas. Outra parte magnífica é que os artistas do suposto ano 2009 desta era poden colocar a man en viseira sobre a fronte e mirar tanto atrás canto súa ansia por buscar influencias o requira.

Un “arteiro”

Semana 26-10-2009

FENÓMENOS PARAEDUCATIVOS

Con todo o aprecio para meus alumnos e alumnas e con todo o desprezo para os que xogan co sentido crítico e se lucran coa ignorancia dos semellantes.

Este ano traballo con nenos e nenas de nove e dez anos e é curioso observar, cando interactúan entre eles e elas, como magnifican os feitos por moi nimios que sexan, como distorsionan a realidade a partires duns feitos dados que non comprenden moi ben, como fan xuízos de valor sen datos abondo, como prexulgan, como crean realidades que eles e elas mesmos e mesmas respectan como válidas, como cren “verdades” emitidas entre elas e eles sen fundamento, como subscriben a palabra de seus compañeiros por moi absurda que semelle...

Afortunadamente para eles atópanse na fase psicolóxica previa á adolescencia; o transo determinante cara a idade adulta onde, se todo vai ben e a educación é a axeitada, estas arestas se pulirán para amosarnos uns auténticos homes e mulleres pensantes, prudentes e xuízosos.

O desacougante é observar criaturas humanas que entraron de longo na idade dos adultos e seguen a amosar comportamentos desafinados que os abocaron “perpetuamente” a vivir a vida

no xardín de infancia, e sen consentir que a vida pase por eles. Quedo con estes últimos adultos para explicarme a min mesmo como serían os suxeitos que testemuñan avistamentos de ovnis, fantasmas, espíritos e toda esa tralla que tanto alimenta a algúns e tanto divirte a outros, e que a este que subscribe preocupa porque, sen negar unha fenomenoloxía que non testemuñei nunca, non me digan que a temática paranormal non semella “carne” de persoas que magnifican os feitos por moi nimios que sexan, distorsionan a realidade a partires duns feitos dados que non comprenden moi ben, fan xuízos de valor sen datos abondo, prexulgan, crean realidades que eles e elas mesmos e mesmas respectan como válidas, cren “verdades” emitidas entre elas e eles sen fundamento, subscriben a palabra de seus compañeiros por moi absurda que semelle... Nun vórtice de inmadurez que é consecuencia, probablemente, dun déficit educativo. Que si, Cuarto Milenio, Más Allá, Año Cero, La otra realidad, etc, que si.

J. E. Bóveda

ADIVIÑOS DO PASADO

Hoxe que están de moda os falsos fenómenos paranormais que se explican con procesos naturais como a observación ou a intuición, que dan lugar a series como O Mentalista ou outras que non lembro, decateime do moito que nos interesa ao vulgo o futuro en detrimento do coñecemento do pasado. É que o futuro pica morbo e o pasado pasado está e, ao sermos humanos, non o temos en consideración. Inconscientes de que se fosemos quen de “ler” o pasado outro galo nos tería cantado en cuestión de malas experiencias, golpes, frustracións, etc.

É curioso que algúns suxeitos arrogados á nómina da humanidade non sexan quen de anticiparse ás actuacións de outros suxeitos que coñecen dende hai tempo, cando a solución inicial e aproveitable para sucesivas ocasións sería botar unha lectura ao pasado desoutro suxeito para “ver” como vai actuar. É que é de ilusos agardar taumaturxias dun suxeito afeito dende o pasado a deficiencias nos hábitos básicos de comportamento, orde, hixiene, soño, etc. dado que os hábitos se marcan a nós como samesugas e son moi difíciles de cambiar, pois son cambios que requirirían de novos hábitos que case nunca se adquiren.

Máis curioso é, entón, constatar casos de depresións de persoas que reprochan ás súas parellas comportamentos que veñen observando durante corenta anos seguidos, ou anoxarse por agardar grandes cousas de amigos logo de coñecer de tempo e tempo seus funcionamentos sociais, ou perplexidade por agardar privatizacións pecuniarias dun político de esquerdas; ou garantías sociais dun político de dereitas. Todo ven dado polo noso pasado e non estaría de máis botar de cando en vez vista atrás para coñecer de mellor man o solo encol do que poñemos os pes do devir.

Un que, se cadra, che adiviña o pasado

Semana 9-11-2009

CONDUTA DE FERRO

Nesta semana observei aos conductores dentro de súas ferrallas móbiles e, sen tratar nada novo nesta perspectiva, gustaría de lembrar o efecto curioso que producen os vehículos nos usuarios dos mesmos. Percíbese na meirande parte das veces unha proxección das nosas frustracións inconscientes na máquina exterior que nos “representa”. Un efecto similar a cando Koji se metía na cabeza de Mazinger Z e proxectaba no robot xigante toda a súa sede de loita. Ou cando os guerreiros das series televisivas xaponesas de super sentai (series de equipos de loitadores con pixamas fosforitos que acababan loitando con robots xigantes en plan Transformers, que derivou aos Power Rangers americanos) ensamblaban súas máquinas para loitar e aparecían no “cerebro” das mesmas, proxectando súas dotes no cachifallo fantástico.

Tamén se ve o efecto en filmes como Robot Jox, de Stuart Gordon, cando os loitadores post apocalípticos solventaban súas diferenzas a labazadas mediante robots xigantes controlados dende as cabezas. Ou na segunda entrega de Robocop cando o cerebro do malo (Caín?) é introducido nun robot que adquirirá súa conciencia. Ou ultimamente no filme Distrito 9, cando o

protagonista proxecta súa rabia cara o sistema a través dun robot que semella sospeitosamente ao robot do anuncio do citröen C4.

É que ao estar ao acubillo na máquina conducímoslle a nosa conduta e facemos saír de nós mesmos o míster Hyde que non sospeitabamos que habitara o interior dos nosos foros. Facendo das máquinas chibos expiatorios do noso incorrecto devir pouco sosegado. Elas falan por nós e nós non temos ren que dicir. Elas nos representan a través de seus ferros e chapas e nós seguimos amosando o vulnerables que somos. Transmitindo ás alleacións do vehículo a suposta valentía que nos correspondería como humanos equilibrados que deberíamos ser.

un Koji calquera

Semana 16-11-2009

NO ME MIDAS, NO ME MIDAS, NOME NOME NOME MIDAS

Nota previa: Aínda que o seguinte texto se lle amose en primeira persoa do plural, pense na persoa máis axeitada para atribuírlle estas palabras e pense tamén que quizabes ese tipo de persoas sexa unha minoría.

Unha práctica común nas sociais interaccións nosas é a medición mutua, posterior a unha inspección ocular reducionista e anterior a un xuízo sumarísimo baseado nas nosas referencias insuficientes. E medimos, e tentamos saber o moito que sabemos e o pouco que saben os outros, e o moi por riba que estamos dos suxeitos cos que nos cruzamos. Nunca cruzada contra o próximo e sen el (aínda que con el) e en favor do alimento insaciable do noso complexo de inferioridade. Porque, como dixo alguén que non lembro (poñamos que calquera), non estamos aquí para aprender nada, senón para que nos lembren o moito que sabemos. Que grande frase! O moito que sabemos, que é NADA e non o sabemos.

Un medido case nunca medidor

Semana 23-11-2009

MOTU PROPRIO E A INACCIÓN

Este escribidor que lles besbella pareceres semana a semana pensa que o manterse ocupados é unha necesidade humana case metafísica, adquirir uns ritmos de acción que lle outorguen sentidiño a este feito que é existir. Pois existir debería ser acción, actitude, movemento, cinética, motricidade, motivación, motor... quen sabe se o noso peor inimigo é a inacción. Aínda que ás veces, caso de escritura desta perspectiva, durmamos con ela; a inacción.

Móbil

Semana 30-11-2009

COMO SON!

Estou de acordo co dito común que defende que as persoas non cambiamos [case]nunca, e que as hai que querer como son, pois non temos dereito nin posibilidade nin potestade para cambiar a ninguén –aparte de que é inmoral e feo e improcedente e manipulador e coarta as liberdades individuais-.

Estou de acordo porque as persoas dividímonos en “posibles” e “imposibles” e nas nosas mans está ver ou prever no próximo esa posible posibilidade ou imposibilidade en función do noso carácter, aspiracións, vivencias, paciencia, temperamento, etcétera. Sen esquecer que nós para os demais podemos ser, tamén, “posibles” e “imposibles”.

Con quen xa non conecto é con certas persoas que empregan a sentenza, incluso de xeito lacónico: -Ás persoas hai que querelas como son! Cando, en realidade non están a facer outra cousa que asinar unha sorte de patente de curso auto atribuída para facer realmente o que lles veña en gana, aínda que quizais sexa de xeito inconsciente. Pero nesa inconsciencia empregan a frase sabendo que a eles tamén os hai que querer como son, coas súas licencias conductuais case sempre no seu propio beneficio. Moi agudos!!!

Un que se quere como é.

Semana 7-12-2009

CRISTIANISMO SOCIAL

Sen dogma non existe relixión, senón relixiosidade.

A. Pichler ges. werke, 3, s. 82

Obsérvase nas nosas actitudes destas datas unha mestura de contrariedades evidentes. Por unha banda a falta de espírito relixioso que caracteriza maioritariamente as xeracións nadas da década dos setenta en diante (case todas educadas co xugo cristián). E pola outra banda o goce destas festas, ás veces excesivo, que se cinguen sobre nós. Na meirande parte dos casos involucrados nun (instigados por un) determinismo social procedente dos nosos pais e dos nosos avós, e noutros, embebidos do falso clima de recollemento e empatía que se supón se debe respirar nestes días. A publicidade fai moito e os comerciais de turrón tamén.

É que case se percibe a vista simple que nosas actitudes en Nadal, alleas case completamente ao dogma cristián, responden mais a un comportamento habitual cíclico de ano en ano, que á vivencia propia da fe católica. Ou sexa, máis cristianismo social ca outra cousa; un atavismo se queremos, un apéndice no noso folclore ou idiosincrasia ou contexto social e, polo tanto, non é en absoluto criticable. E podéndose, así, xustifi-

car as enchentas de Nadal nos fogares de familias agnósticas (cando non ateas), ou as desmesuradas enxestas de turrón e alcohois en persoas declaradamente de esquerdas (ha, ha). Ao fin e ao cabo todos formamos parte dun “todo” social que vai collendo influencias (ás veces por manipulacións alleas, ás veces por puro interese noso) doutras realidades e as vai incorporando á nosa. Díganse Papá Noel (pobre San Nicolás), os reis magos de oriente (de Afganistán??), o apalpador, Halloween, o Samaín, o ratiño Pérez, o home do saco... amosando sermos un ente común que evoluciona cos tempos e que nos serve de xustificación para darnos ao que mellor se nos dá: o hedonismo. En fin.

Un hedonista de bandullo

Semana 14-12-2009

FÁGAO VOSTE DE MESMO

Nota preliminar: imprima esta páxina e proceda

Esta proposta que se lle amosa ten a particularidade de que se pode ensamblar coma se un moble do Ikea ® ou do Leroi Merlin ® se tratara. Tan só ten que seguir o seguinte xeito de proceder: combine os seguintes grupos nominais e palabras do xeito que máis distracción lle dea, intercalando, de o desexar, algúns adverbios, preposicións, conxuncións ou verbos a maiores:

Nadal / Baltar e fillo / pompa e boato / falsidade / loterías e apostas do estado / confluencia de xeracións / vocación / loucura / perdas / cambio de rumbo / reconstruír / paro / reencontro / barbarie / senrazón / tradición / fundamentalismo / ignorancia / aborto / igrexa / crise / desigualdade.

Nota final: engada se quere algún substantivo máis como colofón, remexa todo e non se cree moi mal corpo. Pense que naceu nun bo sitio e que, quizais, a crise non afogue tanto como pensa.

Cos desexos menos malos:

Jorge Emilio Bóveda

Semana 21-12-2009

ESTOU DE VACACIONS...

A verdade é que as xustificacións sempre me pareceron bastante patéticas cando ninguén as pide ou non veñen a conto, ou cando non veñen a conto e ninguén as pide. Pero nesta ocasión non podo menos de escribir estas liñas para toparme algo máis tranquilo comigo mesmo en particular e coas persoas coas que coexistoo, e me len, en particular. Resulta que teño dous traballos. Recoñezoo que nunca me foi regalado nada e que todo o que vou avanzando é froito dun esforzo extenuante. O primeiro dos traballos é o máis pecuniario, o que me permite manter á miña familia e manterme a min mesmo. Son mestre de escola pola rama de inglés no ensino público dende o ano 2002, ano no que gañei unha oposición. Non foi unha victoria triunfal, tras o baremo saquei cinco escasos puntos, pero o importante é que aprobei e que, gracias a iso, podo manter meu segundo traballo. Escritor. O ensino é fulcro para a literatura.

Cantas veces dubidei desta segunda ocupación, destas horas aparentemente inermes tiradas ao sono e botadas ao lombo coma pesadísimas pedras cortantes. Hai que dicir que é un segundo traballo durísimo, difícilísimo de compaxinar coa docencia e cunha filla pequeniña. Pero o caso é

que imos tirando, aproveitando as horas que miña nena dorme para escribir, aproveitando os días nos que non hai que ir ao colexio para escribir. E seguimos neso, facendo libros con menor ou menor fortuna pero conscientes de que estamos nesta bóla mandarina para iso e só para iso, aínda que haxa que combinalo con outros mesteres de máis solvencia para subsistir.

Grazas a meu traballo coma mestre, nestes intres estou de vacacións. Aparentemente son unha especie de demo noxento envexado por meus veciños, parentes, e en xeral, por todas as persoas coas que me cruzo a diario en momentos nos que se supón que debería estar traballando. *Qué suerte tenéis los maestros, macho, estáis siempre de vacaciones.* Vacacións, vacacións, vacacións, vacacións... A meirande parte das persoas descoñece miña identidade secreta, e os que a coñecen non lle dan crédito, pois pensan que escribir escribe calquera, que o ordenador escribe só, que é unha parvada, ou que é unha ocupación romántica nun home entusiasta infantiloido.

Miña ocupación supón non ir ao colexio estes días pero supón, por exemplo: rematar de escribir máis de cen páxinas de miña última novela, perfilar en cadernos a estrutura dunha novela en castelán que teño comprometida (non prostituída, enténdanme), enviar dous traballos semanais a un xornal dixital, enviar un traballo sema-

nal a outro xornal dixital, enviar dous traballos mensuais a outro xornal en papel, traducir do galego ao castelán un ensaio sobre cine que fixen porque ningunha editorial galega se interesou por el e unha de Madrid quéreo en castelán (!), trazar outro proxecto literario de grande envergadura que non podo comentar nesta perspectiva, preparar un libro con estes artigos, que le semanalmente, para ser presentado por unha asociación da cidade... e algunhas actividades máis que non debo comentar aínda; que non me deixan resollo, e que, enumeradas sucintamente, tentan persuadir ás persoas que me coñecen que non son un bo partido para ser envexado, que mellor procuran no gremio dos mestres a outro obxecto do desexo, que eu son unicamente un pobre hiperactivo.

Biquiños dende meu zulo.

Non se fagan mal corpo

Que ando a traballar.

J. E. Bóveda

Semana 28-12-2009

A ÚLTIMA PERSPECTIVA a xeito de Epílogo

Pecho con este texto estes dous anos (2007-2009) de publicación duns artigos quizais espesos, acaso terapéuticos, si moi persoais, pero despersonalizados; pivotando case sempre en temas (e teimas) que atanguen ás relacións sociais. Falados por boca duns personaxes habitantes nun limbo de existencia. Perspectivas ousadas das ideas dos pensadores máis agudos, das situacións sociais máis rutineiras, ou dos comportamentos máis estendidos e ousados aos que case nunca lles atribuímos causa, e cos que vivimos con resignación. Estampas de vida vividas por calquera pero interpretadas dun xeito ousado e quizais audaz por distintas voces que meu interior pide a berros emitir.

Esta amalgama de personaxes falantes: A raíña, o ancián Osorio, Arcadio Tambodía, Leandro Vázquez, Visitación Salgado, Mateo, Xacobe o desmesurado, o gato, Alexis Gil Gámez, o crononauta, CARlos SUñer ALvarez, Esquecemento Gara, o señor Xe, Marcial o apolítico, Aureliano, Néstor Montenegro... ate Jorge Emilio Bóveda, Wolfgang Valdemar, o Medido non medidor, o Móbil, ou vostede mesmo; unha mancha de seres que se manifestaron estando

nos seus contextos determinados, participaron coas achegas [inter]textuais para amosar os diferentes pareceres sobre tantos aspectos que nos apertan no devir da convivencia familiar e social, apertados, á nosa vez, polos medios de comunicación e institucións que nos rexen e nos tentan dar forma.

O que, aparentemente, semella un xeito de despersonalizar ao que escribe (servidor) é un intento de ofrecer os distintos pareceres da conxunción social sostendo un pé na obxectividade e outro na creación literaria. Agardando que lles servisen a vostedes que os leron tanto coma a min que os emitín e me axudaron a medrar como humano. Subindo un chanzo máis na escala do ser.

Tamén me gustaría pedir desculpas pola miña falta de coñecementos cara algún dos temas referidos. Non o atribúan á ignorancia (ou si), senón máis ben a un interese superior e a un ansia por opinar, quizais por persuadir, nunca por instigar nin facer dogma.

Se lle interesaron estas propostas non perda a pista de O Fotomatón e o Ourense por Barrios, pois, a partires de Febreiro do 2010 seguireille a ofrecer novos tentos á reflexión, á crítica e ao menos común dos sentidos: o sentidiño común.

Atentamente
Jorge Emilio Bóveda

